




Axenda Dixital de Galicia 2014.gal

Informe 2012

XUNTA DE GALICIA

Edita:

Xunta de Galicia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2013

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0 Spain **Recoñecemento-Compartir baixo a mesma licenza**
dispoñible en:
<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>

INTRODUCCIÓN

Malia que a crise económica xeral na que se encontra o noso entorno, é innegable a necesidade de traballar en prol dunha sociedade que sexa quen de utilizar as vantaxes que ofrece a sociedade da información e o coñecemento, vantaxes que se traducen en mellores servizos públicos, educativos e sanitarios, mellores capacidades para o acceso ao mercado laboral, mellor calidade de vida, etc.

A Xunta de Galicia definiu hai dous anos, unha estratexia para aproveitar do mellor xeito posible os investimentos públicos, definindo unha política única para toda a Administración e poñendo o obxectivo na prestación dos servizos públicos.


Os avances no eido da administración electrónica, a utilización de recursos informáticos na educación, na sanidade, na xustiza, e practicamente calquera campo da Administración galega son exemplos do que se pode facer cando hai unha idea e un plan para levalo adiante. A vontade de seguir a procurar solucións e a innovación son elementos claves na consecución dos resultados obtidos.

De acordo cos principios nos que se sustentan as liñas estratéxicas, a folla de ruta é continuar a consolidar unha administración austera e eficiente, que preste servizos de calidade á sociedade, por dispor dunha comunidade galega con competencias dixitais acordes as necesidades actuais, por impulsar o sector tecnolóxico das TIC, pola incorporación das novas tecnoloxías en todos os sectores produtivos e por garantir a todos os galegos e galegas poidan acceder á Internet, un elemento clave para vertebrar territorial e socialmente Galicia.

Seguindo o compromiso de transparencia deste Goberno, é momento de facer balance do ano anterior e trasladar á sociedade galega os resultados das principais actividades levadas a cabo no marco desta estratexia e que poñen de manifesto que 2014.gal non é unha simple declaración de intencións senón que os seus obxectivos estratéxicos materialízanse a través de actuacións tanxibles, que impactan significativamente no benestar social e no crecemento económico da nosa comunidade.

Mar Pereira Álvarez

Directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia



2014.gal Axenda Dixital de Galicia

Balance 2012

INDICE

Axenda Dixital de Galicia 2014.gal	
Iniciativas transformadoras	2
Converxencia con Europa	4
Liñas estratéxicas da Axenda Dixital	
Administración intelixente	8
Administración eficiente	29
Cidadanía dixital	36
Transforma TIC	49
EconomiC-IT	56
InfraTeleCom	67
Medidas instrumentais	76
Outros datos da Axenda Dixital	
Orzamentos	82
Avaliación de indicadores	84
Imaxes e eventos	95
As opinións dos expertos	107

A Axenda Dixital de Galicia 2014.gal

Iniciativas transformadoras

Unha política tecnolóxica única para Galicia

No 2012 comezou a funcionar a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), un punto de inflexión na orientación das políticas tecnolóxicas da Xunta de Galicia e un instrumento que vai permitir o desenvolvemento dunha estratexia tecnolóxica única para Galicia.

Neste curto período de tempo, xa leva integrados os orzamentos e os profesionais da área tecnolóxica de seis consellerías e 14 organismos delas dependentes, mentres que ás áreas sanitaria e económica se incorporarán en etapas posteriores. Desde finais de ano, 282 tecnólogos traballan xa na Amtega.

Ademais, neste ano comezou a funcionar o Centro de Proceso de Datos Integral da Xunta de Galicia (CPDI), un centro que dará servizo a toda a administración galega de forma centralizada, o que está a xerar importantes aforros enerxéticos, de mantemento, etc.

Tamén, dentro das políticas globais postas en marcha arredor da Axenda Dixital de Galicia, está o Plan de Modernización da Administración, que busca avanzar cara unha verdadeira administración electrónica. Un dos fitos acadados co plan foi a posta en marcha Sede Electrónica, que este ano incrementou a porcentaxe dos procedementos que se poden tramitar de modo telemático do 15 ao 32%.

A sede virtual da Administración está integrada no portal corporativo, unha porta aberta da administración para todos os cidadáns, accesible as 24 horas do día e os 7 días da semana, dende tamén se accede aos portais institucionais das Consellerías, así como ás redes sociais nas que a Xunta de Galicia está presente.

Outros elementos das políticas globais da Xunta de Galicia, para a expansión da Administración electrónica e que tiveron no 2012 unha forte expansión foron: o uso dos certificados dixitais, o portasinaturas, o rexistro telemático e o portal de interoperabilidade.

Por último, cómpre destacar a posta en marcha, doutra iniciativa: @bertos, o portal open DATA da Xunta de Galicia que ofrece información que obra en poder da Administración pública en formatos abertos e libres para a súa reutilización por parte da sociedade, cidadáns ou empresas para poder desenvolver novos produtos ou servizos a partir dos mesmos.

A vertebración territorial a través da Rede

No 2012 continuaron as iniciativas do Plan de Banda Larga (PDBL), que xa permiten unha cobertura do 95% do territorio e por riba de 1,1 millóns de persoas con posibilidade de acceso ás redes de nova xeración (NGA). A extensión de infraestruturas do plan permitiu dotar de cobertura a todas as farmacias e a maioría dos centros da administración (96%), educativos e sanitarios (97%) e xulgados (99%). Ademais puxéronse en marcha axudas para dotar de cobertura satélite á poboación dos núcleos nos que non é posible o acceso polas redes tradicionais de cable ou sen fíos.

No desenvolvemento do Plan está a ter un papel chave o operador público Rete-gal, grazas ao reforzo da súa infraestrutura, iniciado en 2010 coa construción de novos centros de telecomunicación e a ampliación da rede de fibra óptica existente. Na actualidade conta con máis de 200 centros de telecomunicación e cunha rede de 1.854 kms de fibra óptica.

Os galegos: unha cidadanía dixital

A rede de Centros de Modernización e Innovación Tecnolóxica de Galicia (CeMIT), é o elemento fundamental da estratexia da Xunta para achegar as novas tecnoloxías á sociedade galega, en especial aos colectivos nos que a fenda dixital faise máis evidente. Está presente en 92 concellos e no 2012 impartiu máis de 38.000 horas de formación.

Outro proxecto para a creación dunha cidadanía dixital é o proxecto Abalar, unha aposta decidida por poñer en marcha unha estratexias transformadora no sistema educativo. No seu terceiro curso de implantación, xa chega ao 50% dos centros educativos de primaria e secundaria, con máis de 45.000 alumnos nas aulas dotadas do equipamento e metodoloxías especializadas para o seu uso.

O proxecto Abalar establece un proceso de modernización no que se integran todos os colectivos implicados, e facilitando as relacións entre os membros da comunidade escolar mediante a plataforma web espazoAbalar. No 2012, máis de un millón de visitas e outros tantos contidos descargados do portal.

Tamén, no 2012 púxose en marcha unha iniciativa innovadora, un programa que canaliza a participación cidadá en Galicia para loitar contra a fenda dixital, o programa de Voluntariado Dixital, que a final de ano contaba con máis de 200 voluntarios e 74 entidades colaboradoras.

Aplicacións sectoriais

A modernización da xustiza: O Plan Senda 2014, continúa as actuacións previstas para lograr unha xustiza transparente, eficaz e próxima á cidadanía. O plan recolle a dotación das infraestruturas necesarias, equipamento, aplicacións, formación, etc.

No período 2010-12 foron fundamentais a renovación de ordenadores, a instalación de liñas de comunicación e sistemas de videoconferencia, etc. e no ano pasado xa completouse a implantación de aplicacións como LEXNET, que chega a case todos os xulgados de Galicia.

Na ámbito da sanidade, destacar a implantación de IANUS, base da historia clínica dixital: 100% da poboación cuberta, 100% de hospitais e farmacias e 99,5% dos centros de saúde. Esta expansión ten posibilitado que Galicia sexa unha das comunidades con maior implantación da ereceita, coas importantes vantaxes para os profesionais sanitarios e cidadáns.

Tamén é salientable o incremento de 43 puntos no número de centros de saúde con acceso a imaxe clínica, 94% a final de ano. Ademais o 32,5% dos profesionais xa fan uso dos sistemas de telemedicina.

O impulso a proxectos de alto impacto no ámbito tecnolóxico

Por un lado hai que salientar as actividades desenvolvidas no Centro Demostrador das TIC, máis de 650 persoas asistiron ás 32 actividades do centro, o portal do pequeno comercio e o uso das aplicacións en sectores tan alleos a tecnoloxía como o do mar, o gandeiro, etc.

Por outra parte, o apoio ao sector TIC que se plasma principalmente no “Fondo Tecnolóxico i2C”, e o Plan Feder-Innterconecta, que no 2012 destinaron 34 millóns de euros a 30 proxectos tecnolóxicos. Ademais no ámbito sanitario, os proxectos Hospital 2050 e INNOVA-Saúde, que dotados con máis de 90 millóns de euros, supoñen un elemento fundamental para potenciar o sector da economía da saúde e desenvolver servizos sanitarios innovadores que redunden nunha maior calidade de vida dos cidadáns.

Converxencia europea

No cadro seguinte faise unha avaliación do impacto das liñas da Axenda Dixital de Galicia 2014. gal respecto aos piares da Digital Agenda for Europe, remarcando así un dos obxectivos plantexados no documento inicial de presentación da estratexia galega, a integración co Plan Estratéxico Galicia 2010-2014 e a converxencia con Europa, expresado en tres prioridades:

- Crecemento intelixente: desenvolvemento dunha economía baseada no coñecemento e a innovación.
- Crecemento sustentable: promoción dunha economía que faga un uso máis eficaz dos recursos, que sexa máis verde e competitiva.
- Crecemento integrador: fomento dunha economía con alto nivel de emprego que teña cohesión social e territorial

Así, facendo un repaso por cada un dos oito piares da axenda europea, pódense identificar unha serie de proxectos galegos que teñen gran vinculación coa estratexia europea e que enumeramos a continuación.

Piar nº1 : Mercado Único Dixital: eliminar as barreiras ao libre fluxo de servizos en liña e entretemento a través das fronteiras nacionais, actualizar as regras do mercado único para a era dixital, crear un espazo único de pagamento en liña, e protexer os consumidores no ciberespazo.

Piar nº2: Interoperabilidade e Estándares, facer que os dispositivos e aplicacións traballen en conxunto en calquera lugar do mundo, asegurar que os arquivos de datos e servizos interactúen en Internet, mediante o uso de estándares.

Piar nº3: Confianza e Seguridade, facer que os usuarios das web poidan sentirse seguros ao realizar transaccións en liña, eliminar as ameazas como o software malicioso e fraudes on-line que impiden o incremento da economía en liña.

Piar nº4: Internet rápida, para conseguir a provisión de novos servizos que necesitan un acceso moito máis rápido a Internet, estimular investimentos e propoñer unha mellor utilización do espectro radioeléctrico.

Piar nº 5: Investigación e Innovación, para atraer aos mellores á investigación, e transformalas en produtos e servizos comercializables.

Piar nº6: Mellora das competencias dixitais, aínda hai moitas persoas con dificultades para beneficiarse plenamente dos contidos e servizos electrónicos, polo que é preciso aumentar os coñecementos e eliminar esta fenda dixital.

Piar nº7 : As TIC para os retos sociais, as tecnoloxías para reducir o consumo de enerxía, dar soporte aos servizos de saúde e ofrecer mellores servizos públicos. Tamén para impulsar a dixitalización do patrimonio cultural.

Pilar nº8: Internacionalización, facer de Europa unha potencia de crecemento intelixente, sostible e incluso no escenario global. Os sete piares deben ter dimensións internacionais.

No cadro, establécese unha marca graduada sobre o nivel de desenvolvemento da iniciativa plantexada, estado ou nivel inicial (●), nivel medio (●●) e nivel alto (●●●) de xeito que se poda visualizar de modo rápido o avance do proxecto na consecución dos obxectivos.

 Principais proxectos do 2011 da Axenda Dixital de Galicia 2014.gal con impacto nos piares da Digital Agenda for Europe 	PIAR. 1 Mercado Dixital Único	PIAR. 2 Interoperabilidade e estándares	PIAR. 3 Seguridade e confianza	PIAR. 4 Redes máis rápidas de acceso a Internet	PIAR. 5 I+D	PIAR. 6 Alfabetización dixital, competencias	PIAR. 7 Estender os beneficios da SI á sociedade	PIAR. 8 Internacionalización
Plan de Modernización Desenvolvemento normativo, sede electrónica, ..							● ● ● ●	
Plan de Modernización Servizo de atención ao cidadán, eparticipación, ...							● ● ● ●	
Plan de Modernización Diario Oficial de Galicia dixital, ...	● ● ● ●						● ● ● ●	
Plan de Modernización Sinatura dixital, licitación e factura electrónica, ...			● ●				● ●	
Plan de Modernización Accesibilidade, uso de estándares, ..		● ●				● ● ● ●		
Proxecto Kronos Identidade dixital do empregado público, ..			● ●					
Plan eConcellos Intercambio de datos entre Administracións		● ●	● ●					
Xustiza: Senda 2014 Equipamento, aplicacións, formación		● ●					● ● ● ●	
Sanidade Historia clínica dixital, ereceita, telemedicina							● ● ● ●	
Benestar e dependencia Tecnoloxía innovadora para o benestar					● ●		●	
Plan de Transporte Metropolitano Tarxeta transporte, sistemas de información							● ● ● ●	
Emprego Portal do emprego			● ● ● ●				● ● ● ●	
Abert@s OpenData, reutilización da información pública		● ●					● ●	
green-IT Aforro de enerxía mediante as TIC							●	
CPDI Centro de Procesos de Datos Integral da Xunta		● ● ● ●	● ● ● ●				● ●	
Outros servizos públicos Calidade do aire, do uso do solo, do territorio, ...							●	

 Principais proxectos do 2011 da Axenda Dixital de Galicia 2014.gal con impacto nos piares da Digital Agenda for Europe 	PIAR. 1 Mercado Dixital único	PIAR. 2 Interoperabilidade e estándares	PIAR. 3 Seguridade e confianza	PIAR. 4 Redes máis rápidas de acceso a Internet	PIAR. 5 I+D	PIAR. 6 Alfabetización dixital, competencias	PIAR. 7 Estender os beneficios da SI á sociedade	PIAR. 8 Internacionalización
Plan Abalar Aulas dixitais, espazoAbalar, formación de familias	●		●●●●			●●●●		
Rede CeMIT Alfabetización dixital,						●●●●		
Competencias Dixitais Decreto, recoñecemento oficial, etc.						●		
Formación on-line Plataforma da EGAP, temarios públicos,						●●		
Voluntariado Dixital Formación e inclusión dixital						●●		
TIC-TAC, Servizo de videointerpretación Discapacidade						●●		
Sector empresarial das TIC Liñas de apoio ao sector, internacionalización					●●●●			●
Sector audiovisual e de contidos dixitais Liñas de apoio ao sector, internacionalización	●						●●	●
FLOSS Oficina de apoio, difusión e promoción software libre					●●		●●●●	●
CDTIC Centro Demostrador das TIC							●●●●	
Oficina agraria virtual (OAV) Datos de movementos de animais			●●●●				●●●●	
TICPESC Lonxas e os documentos de produtos			●●●●				●●●●	
Portal do comerciante O pequeno comercio e os mercados na rede			●●				●●	
Xeodestinos Aplicación das TIC no turismo							●●	
Plan de Banda Larga: Redes de nova xeración e redes no rural				●●●●				
Rede de emerxencias: Apoio aos colectivos de xestión de emerxencias				●			●	
Retegal Operador público de telecomunicacións				●●●●				

2014.gal Axenda Dixital de Galicia

Liñas estratéxicas

Administración intelixente

O desenvolvemento desta liña estratéxica no 2012, continuou de forma xeral cos plans e programas lanzados nos anos anteriores mais acadando un grao de implantación maior. Isto foi especialmente significativo no caso do Plan de Modernización da Administración autonómica, onde o número de procedementos que se tramitan de modo telemático crece cada día (32% a finais do 2012) e os novos, xa case son todos creados para a tramitación dixital (95%). Ademais están integrados na sede electrónica, que se puxera a andar a finais do ano anterior.

508

procedementos
electrónicos,
32 % do total

Ademais no 2012 realizouse a inclusión dos portais das Consellerías no portal corporativo xunta.es, un modo de facilitar o acceso á información e os procedementos administrativos, xa que se presenta do mesmo xeito en todos os casos. Tamén se deu un impulso aos mecanismos favorecedores da participación cidadá, a Xunta de Galicia participa así, en 141 sitios nas principais redes sociais: Facebook, Twitter, etc.

Outras aplicacións cun grado de utilización importante e implicadas no desenvolvemento da Administración electrónica, son o portasinaturas, o control horario e a identificación do persoal, ambas baseadas na tarxeta intelixente implantada pola Xunta de Galicia. Unha tarxeta que xa usan o 100% dos empregados da Administración de xustiza e o 21% dos empregados da Administración xeral autonómica.

123%

Crecedo de
seguidores nas
redes sociais

O portal de interoperabilidade, a plataforma de contratación, a factura electrónica, a licitación electrónica, etc. son tamén aplicacións transversais que se utilizan cada día máis na Xunta de Galicia. Para iso, hai unha aposta firme pola formación e a certificación das competencias dixitais.

Esta aposta polo uso da tecnoloxía para o desenvolvemento da propia actividade administrativa e para as relacións coa cidadanía ten un reflexo especial no campo da sanidade. Segundo unha enquisa feita polo ONTSI entre as comunidades autónomas, Galicia é a comunidade na que os cidadáns teñen un maior coñecemento e uso das ferramentas e aplicacións de e-sanidade: ereceita, cita por Internet, etc.

Outra liña que continua co plan iniciado no 2010, é a referida a aplicación das TIC no ámbito da xustiza, no 2012 investíronse 3,4 millóns de euros para a implantación de novo equipamento, máis de 1.200 ordenadores novos co que o 85,5% teñen menos de 5 anos de antigüidade, novas liñas de comunicación, liñas de respaldo, etc. Tamén completouse a instalación dos sistemas de gravación en sala e de videoconferencia.

85,5%

Ordenadores
da
xustiza con
menos de 5

Respecto das aplicacións, o sistema de notificacións electrónicas LEXNET xa comezou a utilizarse nos xulgados de todas as provincias, chegando case ao 100% a finais de ano. Outras aplicacións en implantación e formación son as de xestión procesual.

No 2012, tamén se puxo en marcha o expediente dixital en dependencia, co que se tiveron que dixitalizar 137.000 expedientes e co que se espera un aforro de 1,2 M€/ano. Os sistemas de información cartográfica, coa publicación de máis de 20.000 mapas de Galicia, a información medioambiental, de recursos: enerxía, auga, etc. e a información metereolóxica son outras das liñas de actuación desenvolvidas.

O portal corporativo xunta.es

- A Xunta unifica o xeito de acceso aos portais das Consellerías para facilitar aos cidadáns a procura de servizos e contidos
- A participación cidadá a través das 141 redes sociais, nas que participan as entidades da Xunta de Galicia, aumentou no 2012 un 123%

O modelo de presenza da Xunta de Galicia en Internet, persegue articular axeitadamente a oferta e a demanda de servizos públicos. Polo que, os obxectivos céntranse en converter a xunta.es como referente dos servizos da Administración Pública galega en Internet, desenvolver un marco común que facilite á cidadanía as súas relacións coa administración, e crear unha base sólida sobre a que impulsar a oferta de servizos dixitais e optimizar os recursos dispoñibles.

Catálogo de portais

A finais do 2011 publicouse o Decreto 201/2011, polo que se regula a presenza da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia na Internet, polo que tendo en conta os criterios aí definidos estanse a revisar e elaborar os plans de adecuación dos portais existentes á dita normativa.

O portal web institucional tivo no 2012 un crecemento significativo no número de visitantes, cunha media mensual de 313.259, e tamén no número de visitas, cunha media de 1.057.947.

Os principais aspectos a controlar sobre os 223 portais existentes a finais do 2012 son: política de dominios, accesibilidade, imaxe corporativa, protección de datos, usos lingüísticos e transparencia.


As modificacións máis relevantes do 2012 foron: integración das subportadas das Consellerías no portal corporativo e o rediseño da páxina principal.

A inclusión das subportadas no portal corporativo ten por obxecto avanzar na xeración dunha arquitectura común de portais, que facilite a xestión de contidos, e estandarizar os criterios de visualización e navegación. Ademais potencia o papel de xunta.es como referente web institucional e como porta principal de acceso para a cidadanía, onde localizar a información e servizos facilitados polos diferentes departamentos.



Por outra parte, as subportadas inclúen a información máis relevante de carácter institucional de cada Consellería, adaptándose á taxonomía corporativa definida para cada entidade e ás políticas web definidas pola Xunta de Galicia. A estrutura de cada unha das subportadas recolle:

- Actualidade: acceso a novas e a canle multimedia (vídeos, imaxes e sons)
- Caixa para información destacada da actividade da consellería
- Acceso ao portal ou portais da entidade
- Acceso ao catálogo completo dos portais dese departamento, destacando seis na portada
- Información de interese para o cidadán
- Acceso ás axudas e plans e programas do departamento
- Información institucional



Participación cidadá: presenza nas redes sociais

Outro dos mecanismos de acceso á información, que se están a consolidar como ferramentas efectivas para achegar a Administración pública aos cidadáns, son os escenarios de participación que establecen as redes sociais.

Mediante estes servizos permítese acadar unha administración máis próxima e máis participativa. A planificación de políticas e a toma de decisións a todos os niveis de goberno esixen unha comunicación aberta para escoitar o punto de vista da cidadanía, de axentes socioeconómicos e organizacións sociais.

A finais do 2012, a Xunta de Galicia estaba presente nas redes sociais a través de 141 canles, sendo o maior número en Facebook (44), Twitter (40) e Youtube (20). Por departamentos, as porcentaxes máis altas correspondían a Presidencia (29%), a Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (20%), Traballo e Benestar (20%) e Economía e Industria (14%).

Atendendo ao número de seguidores na web da Xunta, no 2012 pasouse de 4.743 seguidores en Facebook a principios de ano a 13.694 a finais de ano. En canto a Twitter, o número pasou de 3.128 en xaneiro a 5.235 en decembro.

No cómputo xeral, o número de seguidores foi de case 215 mil seguidores, o que supón un crecemento no 2102 do 123%. No caso de Twitter e Youtube o incremento interanual chegou ao 270%.

En 2012 rexistráronse 43 novas iniciativas nas redes sociais da Xunta de Galicia e 75.277 novos seguidores/subscritores, entre as canles de Facebook, Twitter e YouTube, que supoñen o 73% das activas neste momento.

Das 56 iniciativas da Xunta de Galicia con presenza nas redes sociais (vinculadas tanto á Administración xeral como ao sector público), só 20 delas publican nas redes a través de 1 canle e 7 iniciativas (12,5%) divulgan contidos nas redes a través de 5 ou máis canles: Tecnopole, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, RSE, Xuventude.net, Turgalicia, Xacobeo e iMiT.

Sede electrónica

- A Sede Electrónica da Xunta de Galicia xa ten dispoñibles para tramitar de xeito telemático 508 procedementos, o 32% do total
- O 95% dos novos procedementos do 2012 desenvolvéronse para tramitación por canles telemáticas

A Lei 11/2007, de 22 de xuño, de Acceso Electrónico dos Cidadáns aos Servizos Públicos e o Decreto 198/2010 que a desenvolve, incorporan ao ordenamento xurídico galego o dereito da cidadanía a relacionarse coas administracións públicas por medios electrónicos.

Este feito levou, por tanto, a correlativa obriga das administracións públicas de adaptarse e implantar novas canles de comunicación, así como garantir a validez e a eficacia das relacións administrativas, mantendo a seguridade xurídica.

Este apartado é un dos máis destacados no enfoque do Plan para o desenvolvemento da Administración electrónica, no que están a se centrar os importantes esforzos da Xunta de Galicia para facilitar á cidadanía a relación telemática coa Administración Pública.



Guía de Procedementos e Servizos

A totalidade dos procedementos administrativos e servizos da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia intégranse na Guía de procedementos e servizos dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, xunta.es.


Na seguinte táboa móstrase unha clasificación dos procedementos e servizos dispoñibles na Guía segundo o seu tipo. A finais de ano había un total de 1.580 procedementos e servizos dispoñibles para a cidadanía, empresas e outras administracións. Tamén se mostra o número de visitas que se fixeron a cada tipo de procedemento.

Consellería	Nº procedementos	Nº visitas
Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	162	77.021
Economía e Industria	340	160.429
Facenda	5	2.035
Medio Rural e do Mar	331	158.405
Medio ambiente, Territorio e Infraestruturas	221	87.005
Presidencia, Administracións públicas e Xustiza	249	157.154
Sanidade	64	32.946
Traballo e Benestar	208	170.154
Total	1.580	845.149

A sede electrónica da Xunta Galicia, dispoñible dende o pasado 23 de setembro de 2011, é o enderezo web no cal se pode exercer, en condicións totalmente seguras, o dereito de acceso á información e aos servizos públicos.

Con esta iniciativa, ponse a disposición da cidadanía e das empresas un punto de acceso único a partir do cal xurde unha nova forma de realizar as xestións públicas, sen condicionantes de horarios nin de espazo, coa máxima seguridade e contribuíndo a un uso máis eficiente dos recursos públicos.

De xeito progresivo fóronse incorporando á sede electrónica os mesmos servizos que o cidadán ten á súa disposición en calquera das ventás das consellerías. No momento da publicación da sede no 2011 podíanse presentar de xeito electrónico 120 procedementos administrativos, a finais de 2012 o número de procedementos electrónicos dispoñibles era de 508.



Pola tipoloxía dos destinatarios dos procedementos electrónicos, o 46% corresponden a empresas, o 39% a cidadanía e o 15% restante a outras administracións, o número medio mensual de visitas aproximase ás 5.500.

Durante o 2012, tamén cómpre destacar a implantación do sistema IRIS, un sistema que permite a integración dos sistemas de tramitación de expedientes coa sede electrónica da Xunta, achegando como principais funcionalidades o envío da información presentada no rexistro electrónico aos sistemas de tramitación de expedientes e a actualización do estado de situación dos expedientes administrativos para a súa consulta no cartafol do cidadán.

Servizos transversais da administración electrónica

- O Portasinaturas, a aplicación para a sinatura electrónica de documentos, xa está implantada en todas as Consellerías
- O portal de Interoperabilidade realizou no 2012 unha media de 12.000 consultas mensuais sobre a verificación identidade (SVI) e residencia (SVR)

Dentro da Administración electrónica hai sistemas e ferramentas que non teñen visibilidade de cara aos usuarios dos servizos, pero que son fundamentais á hora de tramitar de xeito eficiente os procedementos administrativos e servizos. Estes sistemas implantáronse en anos anteriores, e neste ano consolidáronse como ferramentas de soporte áxiles e eficaces para os traballadores públicos, redundando nunha mellor calidade de servizo aos usuarios.



Portasinaturas

A sinatura electrónica está regulada pola Lei de sinatura electrónica, aprobada en decembro de 2003 (Lei 59/2003), onde se declara a súa eficacia xurídica e a prestación de servizos de certificación, recoñecendo a súa validez plena a efectos de identificación do asinante.

O PortaSinaturas é unha aplicación que proporciona a funcionalidade necesaria para poder asinar masivamente lotes de documentos de xeito electrónico e seguro. Esta solución, pensada para ser empregada por usuarios e outras aplicacións, permite solicitar a sinatura de documentos de forma electrónica e automática, tanto a un como a varios asinantes ao mesmo tempo.



Portasinaturas, case 68.000 documentos asinados no 2012

A finais do primeiro semestre de 2012, o número de usuarios de perfil solicitante era de 514, o número de usuarios de perfil asinante era de 329 e o número de documentos asinados achegouse a case 68 mil. A ferramenta está implantada en diferentes servizos de practicamente todas as consellerías e na Presidencia da Xunta de Galicia.

No aspecto de melloras na aplicación, podemos destacar que no último semestre incorporouse a funcionalidade de “sinatura directa”, mediante a cal un usuario asinará directamente un documento, sen necesidade de facer unha solicitude previa. Incorporouse ademais a todos os documentos asinados un código QR (quick response code ou código de resposta rápida) que permite o seu cotexo na sede electrónica a través dun smartphone.

Interoperabilidade

O desenvolvemento da tramitación electrónica en todos os ámbitos das administracións públicas fai necesario que se poda compartir a información para non reclamar información existente nas propias entidades e facilitar o cumprimento das solicitudes por parte dos cidadáns.

O Portal de interoperabilidade da Xunta de Galicia desenvolveuse para cumprir co expresado anteriormente. Os primeiros pasos dados foron encamiñados a que os funcionarios tramitadores puideran facer consultas e verificación da identidade (SVI) e consultas de residencia (SVR) sobre os demandantes de servizo.

Actualmente, o número de usuarios da plataforma é de 1.019. A ferramenta está implantada en todas as consellerías da Xunta de Galicia. No 2012, a media de consultas mensuais sobre os servizos de consulta de identidade e de residencia supera respectivamente as 11.500 e 400 consultas.

Ademais destes servizos, o portal ten habilitados dende o mes de febreiro outros servizos relacionados coa Axencia Tributaria, accesibles para consultas web entre plataformas de tramitación e o portal de interoperabilidade, como son a Consulta

de Nivel de Renda (CNR), a Verificación de Nivel de Renda (VNR) e a Consulta de Presentación de Declaración IRPF, con 20 mil consultas no 2012.

Plataforma de Servizos Comúns

A Plataforma de Servizos Comúns é un sistema de información que se utiliza para o control e desenvolvemento de procedementos administrativos electrónicos. Actualmente hai 27 procedementos implantados. Os grupos de procedementos máis destacados son: Prestación por fillos/as a cargo: 1 procedemento, a Apertura, clasificación, modificación e baixa de establecementos comerciais, con 8 e o Rexistro de empresas con actividades industriais: 18 procedementos.

Plataforma de Contratación de Galicia

A plataforma de Contratos Públicos de Galicia é o portal de difusión dos procedementos de licitación da Xunta de Galicia, do sector público autonómico, así como das universidades públicas e entidades locais que estean dadas de alta no sistema.

Durante o ano 2012 realizáronse as seguintes melloras no servizo que presta o portal: incorporación da fase de formalización de procedementos, maior detalle da información para a presentación de ofertas aos concursos: horarios, lugar, vías para a entrega, etc, así como da fase de adxudicación, e novos filtros de busca, por licitación electrónica ou por órganos de contratación dos concursos.

Na plataforma publicáronse no ano 2012 un total de 1.172 expedientes de contratación e descargáronse 287.133 arquivos relativos aos expedientes. Estas cifras supoñen unha media mensual aproximada de 100 expedientes de contratación e 23.000 arquivos. Ademais, o número de visitas ao portal ascendeu a 413.709, sendo o número medio de visitantes mensuais de 13.171 e o número total de páxinas visitadas 270.795.



Diario Oficial de Galicia

O Diario Oficial de Galicia publícase en formato dixital dende o 2 de maio de 2011, unha edición electrónica que substitúe á edición impresa en papel no carácter de oficial e auténtico, tal e como indica o Decreto 198/2010, do 2 de decembro, no seu artigo 13.

Nos meses do 2012 publicáronse 13.692 anuncios, que supoñen un total de 99.030 páxinas. Ademais, o portal de consulta tivo



durante o 2012 máis de 4,7 millóns visitas e por riba de 1,76 millóns de visitantes.

TIC e o empregado público

- **PortaX e Intranet son xa os sistemas de información do empregado público, duplicando no 2012 os accesos do ano anterior en ambos casos**
- **A acreditación dixital dos empregados públicos ascende a 6.155 persoas, 21% da administración xeral e 100% da de xustiza**
- **O programa de formación anual da EGAP formou a 6.000 empregados públicos en cursos de ofimática e realizáronse os primeiros exames de certificación dixital**

A dotación dunha identidade dixital corporativa é un dos aspectos clave para unha xestión moderna e óptima dos recursos por parte da Administración Pública Galega. A consecución dos obxectivos do proxecto é unha das bases para garantir o cumprimento do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, de cara á identificación do persoal con sistemas de sinatura electrónica.

Este proxecto ten como obxecto o aprovisionamento de identidade dixital aos profesionais da Xunta de Galicia, tendo polo tanto un marcado carácter global, e implicando tanto ao persoal ao servizo da Xunta de Galicia como aos entes instrumentais do sector público autonómico.

Portal do empregado público: PortaX

O Portal do Emprego, PORTAX, é un sistema de información dirixido aos empregados públicos que teñan ou tiveran algunha vinculación a Función Pública da Xunta de Galicia, agás persoal dependente da Consellería de Sanidade, Administración de Xustiza ou da Consellería de Cultura e Educación e Ordenación Universitaria, que xa dispoñen de portais propios.

O acceso ao portal pódese facer por distintas vías que garantan a autenticidade do empregado, como son os certificados dixitais da FNMT, o DNI electrónico, o certificado de emprego público ou o directorio activo da Xunta de Galicia.

Os servizos máis destacados que ofrece o portal, ademais de novas e información sobre procesos da Función Pública, son a consulta do expediente electrónico, a consulta do histórico de nóminas, a consulta e xestión de datos administrativos, o acceso aos procesos selectivos e de contratación persoal, a consulta do rexistro de fichaxes, etc.

No 2012, realizáronse de media mensual máis de



21.000 accesos totais e uns 7.100 usuarios distintos.

Intranet corporativa

A comezos de 2010, e tomando como base os servizos e contidos das respectivas intranets xestionadas pola Consellería de Presidencia e pola antiga SXMIT, creouse a actual Intranet corporativa da Xunta de Galicia. Os seus contidos estruturáronse de xeito que fosen máis accesibles para os seus usuarios e usuarias, incorporando canles temáticas, canles departamentais e fundamentalmente servizos, converténdose así na principal porta de acceso a aquelas aplicacións e ferramentas que a Xunta de Galicia pon a disposición do seu persoal.

En 2012, a Intranet evolucionou con dúas finalidades: reestruturar os contidos para facelos máis accesibles: subportadas que aforran o número de clics que debe facer o usuario e revisar os elementos gráficos para cumprir de xeito máis rigoroso coas políticas web e permitir un crecemento do portal máis áxil e doado. O número medio mensual de usuarios que accederon á Intranet chegou no 2012 a case 17.000, o dobre do ano anterior.



Sistema de Xestión de Recursos Humanos

Nos meses de maio e xuño implantouse en todas as Consellerías unha nova aplicación de xestión de Recursos Humanos que permite ter en conta as modificacións das estruturas organizativas cando aínda non están recollidas nas Relacións de Postos de Traballo (RPT).

A aplicación inclúe un módulo específico de xestión de horarios que permite asignar a cada empregado unha xornada laboral e está enlazado coa aplicación Kronos de control de fichaxes. No mes de xullo realizouse, tamén, a integración do sistema de xestión de vacacións, permisos e licenzas para ter toda a información do tempo de traballo por empregado nun único sistema.

No derradeiro trimestre do 2012 iniciouse a implantación no sistema de xestión de distintos tipos de persoal que actualmente utilizan sistemas independentes, dando continuidade á liña de traballo de integración dos sistemas informáticos de Función Pública cos de Avaliación e Reforma administrativa, evitando duplicidades e optimizando os fluxos de traballo.

Acreditación dixital do empregado público

O proceso que permite dotar de identidade dixital aos empregados públicos realízase nos Puntos de Acreditación Dixital (PAD), que contan cun sistema de información, Kronos_Pad, que facilita:

- rexistro das solicitudes de tarxeta, permitindo a captura de datos do profesional, dende o sistema de xestión de persoal
- obtención da fotografía do profesional in situ ou ben a través de arquivo.

- impresión da tarxeta e rexistro automatizado do identificador da tarxeta, código PUK e da data de emisión da mesma.
- rexistro da data de emisión do certificado.
- obtención de informes para o seguimento e control da actividade de emisión de tarxetas e certificados.

Durante este ano, a implantación da identidade dixital corporativa no ámbito da Administración xeral, realizouse a través dun PAD nos Servizos Centrais da Xunta de Galicia e na Administración de Xustiza cun PAD remoto que se apoia en visitas de técnicos aos diferentes órganos xudiciais. O número de profesionais acreditados ascende a 6.155 persoas, 3.588 da administración xeral (21% do total) e 2.567 da de xustiza (100% do total).

Proxecto Kronos

O sistema de xestión do control horario permite a aplicación homoxénea de criterios de control sobre o persoal mediante o uso de certificados dixitais ou radiofrecuencia. As principais novidades a destacar incorporadas no 2012 ao sistema son a actualización completa da interface, seguindo os estándares de deseño de aplicacións web para a Xunta de Galicia, como se pode ver na seguinte imaxe e a Integración co sistema de xestión de persoal da administración xeral, RCP-Matrhix.

O sistema de fichaxe en PC comunícase con sistema de xestión de persoal para obter o horario e xustificacións rexistradas neste sistema para cada profesional.



Formación

A formación dos empregados públicos nas ferramentas TIC é un elemento fundamental para a expansión dunha administración electrónica, que sexa quen de ofrecer a maioría dos seus servizos á cidadanía en modo remoto a través da rede. O plan formativo anual das administracións públicas está destinado aos diferentes colectivos profesionais coa finalidade de perfeccionar o uso das TIC como vehículo facilitador dos procesos internos.

No 2012, na Escola Galega da Administración Pública (EGAP) realizáronse catro cursos de 20 prazas cada un destinados ao persoal técnico: "Administración de Linux", "Mellora de procesos software. CMMI", "Os xestores documentais: Alfresco" e "Programación en PHP".

Outro bloque de formación foi o denominado "tic para tics", que ao longo do 2012, formou a 6.000 empregados públicos con cursos de ofimática nas modalidades presencial e teleformación.



Certificación en Competencias Dixitais

Por outra parte, en cumprimento do Decreto de Certificación en Competencias Dixitais, realizáronse 80 exames con 50 alumnos cada un sobre as 10 aplicacións a

evaluar. O persoal para ter a acreditación ten que mostrar a combinación de coñecementos, capacidades e aptitudes no ámbito das TIC necesarias para desenvolverse con eficacia e eficiencia no manexo de cando menos cinco aplicacións ofimáticas na xestión da información e a documentación. No 2012, un total de 212 persoas xa obtiveron a certificación.

Servizos públicos: sanidade

- Galicia é a comunidade española cun maior nivel de coñecemento das ferramentas da e-sanidade, segundo un informe elaborado polo ONTSI
- As TIC permitiron reducir 3 millóns de citas administrativas ao ano en centros de saúde e evitar o adiamento de 7,7 millóns de euros ao retirar as medicinas da farmacia nos seis últimos meses
- Novos servizos para a cidadanía: o61 de Galicia permite a consulta en liña, e o proxecto web 2.0 de estilo de vida saudable Xente con Vida
- Expedient-e reduciu en seis meses o tempo de resolución do proceso de contratación, e xa conta con 4 millóns de méritos incluídos
- A Plataforma de Innovación facilitou a elaboración dos proxectos Hospital 2050 e innovaSaude, dous programas cun orzamento de máis de 90 M€
- A Conselleira de Sanidade presentou en Bruxelas a candidatura de Galicia para ser referencia en Europa no eido do envellecemento activo e saudable

As TIC na práctica diaria na sanidade

A sanidade é unha das áreas nas que o uso das TIC tivo e ten un maior impacto, onde constitúen unha ferramenta indispensable para levar adiante algunhas das medidas de aforro que se están a implantar nos últimos tempos. Control da dispensación, uso de xenéricos, copago, etc. serían imposibles sen o uso da tecnoloxía, ademais das melloras no propio servizo, xa que os médicos poden atender á súa labor fundamental. Grazas a ereceita dende o 2009 reduciuse en 3 millóns o número de consultas administrativas.

Galicia foi unha das primeiras comunidades autónomas en implantar de xeito efectivo a receita electrónica, e está a liderar o ranking español de coñecemento e uso de ferramentas e aplicacións de e-sanidade, segundo recolle un estudo elaborado polo ONTSI.



A historia clínica dixital, IANUS, xa é accesible no 100% dos centros de saúde, hospitais e farmacias, o que redunda nunha mellora dos servizos pola accesibilidade a toda información do usuario, a non repetición de probas ou polo acceso a sistemas de apoio na toma de decisións. Ademais IANUS permite o acceso a imaxe dixital no 100% de hospitais e no 94% dos centros de saúde (no ano anterior era o 51%) e xestiona o 96% da imaxe médica.

A prescrición electrónica, ou ereceita, xa acadou o 96,7% e a dispensación é telemática no 100% dos casos, xa que as farmacias incorporan tamén as receitas emitidas en papel. Este sistema fixo posible que Galicia fose unha das poucas comunidades que non requirise dos cidadáns o adianto dos importes correspondentes ao copago que comezou a funcionar o xullo pasado.

No ámbito da telemedicina, o 99,5% dos centros xa teñen implantada algunha solución de telemedicina, un sistema que xa utilizan o 32,5% dos facultativos. Tamén é destacable que 3 millóns de citas dos usuarios realizáronse de xeito telemático, das que o 80% foron feitas por Internet.

Outra das liñas de traballo é a xestión dos curriculos do persoal interno ou alleo aspirante aos postos de traballo. O expediente electrónico (Expedient-e), un modelo para a xestión dixitalizada dos méritos que proporciona transparencia no proceso de baremación e ten axilizado os procesos de selección en varios meses. O Expedient-e é unha maneira de xestionar o currículo de forma sinxela e intuitiva, está visible no espazo da Oficina Virtual do Empregado (FIDES) na páxina web da Consellería de Sanidade (<https://fides.sergas.es/>).

A finais do 2012, Expedient-e almacenaba no sistema máis de 110 mil currículos electrónicos e por riba de 1,3 millóns de méritos. A media de accesos día, no 2012, foi de 6.427 accesos. Nos procesos de selección de persoal realizáronse case 33.000 inscricións.

Escola Galega de Saúde

Por outra banda e co obxecto de favorecer a participación cidadá no eido sanitario creouse a A Escola Galega de Saúde, que realiza actividades de xeito presencial e telemático orientadas á formación de pacientes, familias e cidadáns nos seus procesos de saúde e enfermidade.

As necesidades de formación e programas da Escola están orientadas polo Consello Asesor do Paciente, órgano pioneiro e de referencia en España a través do cal os cidadáns poden achegar á Administración, as súas necesidades, inquiredanzas e solicitudes de



información. O Ministerio de Sanidade decidiu estender esta iniciativa e desenvolver unha rede nacional de Escolas de Cidadáns, ademais de crear un Consello Asesor e unha Plataforma de Innovación seguindo o modelo de Galicia.

Ademais, en marzo de 2012 púxose en marcha Xente con Vida (xenteconvida.sergas.es), unha iniciativa de comunicación en liña destinada a sensibilizar do impacto positivo que ten para a saúde unha correcta alimentación. Mantén un blog e está presente nas principais redes sociais, máis de 6.000 fans en Facebook, a canle deste tipo con maior número de seguidores do Estado.

Catálogo on-line das bibliotecas sanitarias galegas (BIBLIOSAÚDE)

Outros dos proxectos impulsados no último ano corresponde ao Catálogo colectivo on-line das bibliotecas sanitarias galegas (Bibliosaúde), un proxecto pioneiro en España, mediante o que todas as bibliotecas sanitarias da Consellería pasan a traballar de xeito conxunto e con todos os seus fondos integrados, nos que se poden localizar máis de 45.000 documentos, como libros, revistas, e todo tipo de materiais multimedia e que reciben por riba de 330 mil accesos anuais.



BICO permite dende a procura máis sinxela ata a máis avanzada, adaptándose a todos os perfís do usuario. O seu enfoque total cara a Internet, así como o traballo en rede e os elementos web 2.0, convértena nunha ferramenta de vangarda totalmente axustada ás actuais necesidades dos profesionais sanitarios. Tamén se incorporou en outubro un novo buscador (mergullador.sergas.es), un recurso moi fiable para atopar respostas ás preguntas clínicas dos profesionais.

Consultas on-line ao servizo do 061

A Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia 061 impulsou en xullo o servizo de consulta en liña a través da súa páxina web (www.061.sergas.es), para que a cidadanía poida trasladar en tempo real cuestións sobre temas de saúde non urxentes aos profesionais sanitarios do servizo.

Segundo os datos rexistrados sobre a actividade do 061, dende os seus inicios máis do 50% das demandas de asistencia sanitaria non requiren activación e mobilización de recursos resolvéndose mediante consulta médica e información sanitaria, polo que a posta en marcha deste servizo, atendendo a esta tendencia e ás vantaxes das novas tecnoloxías pode resolver moitos problemas.



Recoñecemento e candidatura europea: rexión de referencia

A Sociedade Española de Informática da Saúde acordou conceder ao Servizo Galego de Saúde o Premio Nacional de Informática da Saúde 2012 como unha entidade que destacou na implantación das TIC no ámbito sanitario.

Por outra parte, en novembro Galicia presentou en Bruxelas a candidatura como rexión de referencia no eido do envellecemento activo e saudable no marco da European Innovation Partnership on Active and Healthy Ageing (EIP-AHA). A importancia deste feito reside en que o nomeamento dunha comunidade como

rexión de referencia ou como participante nalgúns dos grupos de traballo da EIP-AHA suporá un mellor posicionamento á hora de captar fondos europeos para desenvolver proxectos sanitarios e de innovación.

Plataforma de Innovación

De cara a acadar unha dinamización da innovación sanitaria, a Consellería puxo en marcha a Plataforma de Innovación, un xeito de promover e coordinar a participación das diferentes administracións e facilitar o establecemento de colaboracións entre os profesionais sanitarios, os centros de coñecemento e as empresas tecnolóxicas.

A partir desta plataforma, Galicia puxo en marcha no ano 2012, dous proxectos estratéxicos: Hospital2050 e INNOVA-Saúde, o primeiro composto de 9 subproxectos e o segundo de 14, onde o uso das novas tecnoloxías xogan un papel importante na mellora das prestacións sanitarias cara a sociedade e que contan con mais de 90 M€ de orzamento.

Ambos proxectos promoverán a Compra Pública Innovadora (CPI), un instrumento que ten como último obxectivo dinamizar a innovación e a internacionalización mediante a articulación e fortalecemento da demanda tecnolóxica.

Dentro das iniciativas recollidas no InnovaSaúde unha das liñas de desenvolvemento é o Fogar Dixital Asistencial que, cun orzamento de 3,5 M€, impulsará un novo modelo de atención aos pacientes crónicos para enviar, en tempo real, información ao hospital de referencia sobre o seu estado de saúde.



Servizos públicos: xustiza

- **A implantación de Lexnet chega ao 97,7% dos órganos xudiciais, un sistema de comunicacións seguras que aforra máis de 225.000 euros anuais**
- **No 2012, renovouse o equipamento dos CPDs das sedes xudiciais das 7 cidades galegas, servidores e sistemas de almacenamento**

Para evolucionar cara un modelo integral de sistemas da Administración de Xustiza en Galicia, adaptado ás necesidades da propia comunidade, garantindo a coordinación, interoperabilidade con todas as institucións da Administración de Xustiza e o resto das Comunidades Autónomas, a Xunta de Galicia elaborou no 2010 un Plan de Sistemas e Tecnoloxías da Información da Administración de Xustiza, que se denominou Senda2014 e estruturouno en seis eixos dos que detallaremos a seu avances no 2012: infraestruturas, equipamento, sistemas, seguridade, servizos e formación.

Equipamento e medios para o empregado público

Durante o 2012 finalizou o proceso de acreditación dixital dos empregados públicos dependentes da Xunta de Galicia, dentro do proxecto Kronos. En decembro estaban emitidas 2.551 tarxetas criptográficas con certificado de empregado público, e dicir, a práctica totalidade dos funcionarios da

**85,5% de equipos
con menos de 5 anos
de antigüidade**



administración de xustiza en Galicia (de órganos xudiciais e xulgados de paz).

Por outra parte, realizouse a renovación de 302 ordenadores de sobremesa, 340 portátiles e 23 impresoras. Así, a porcentaxe de equipamento con antigüidade inferior a 5 anos pasou dun 53,5% do 2010 a un 85,5% do 2012.

Ademais finalizouse a instalación da rede de videoconferencia da Administración de xustiza en Galicia. No 2012 instaláronse 22 equipos de sala para ter un total de 55 terminais en sala e 310 postos de videoconferencia persoal. O número de videoconferencias realizadas no 2012 pasou das 2.500.

Sistemas de comunicacións seguras LEXNET

Lexnet é o sistema de comunicacións seguras que permite que os órganos xudiciais e os distintos axentes que se relacionan con eles (procuradores, fiscais, graduados sociais, etc.) poidan intercambiar información en formato electrónico, de forma segura. No 2012 finalizou o proceso de integración dos órganos xudiciais no uso do sistema, e en decembro o 97,73% utilizaban Lexnet de forma habitual.

Así, dende o piloto do ano 2009 con 141 mil notificacións pasouse a máis de 2,5 millóns no 2012 cando se integraron os órganos de todas as provincias, segundo datos do cadro de mandos do Ministerio de Xustiza. A implantación do sistema está a reportar grandes aforros en termos de papel e custos de impresión, estimados en máis de 225 mil euros.

Sistemas de xestión procesual: Minerva-Fortuny

A integración entre Minerva e Fortuny para a itineración de asuntos mediante Lexnet facilita a comunicación telemática de procedementos e trámites entre os órganos xudiciais e as fiscalías. No contorno actual, isto permite rexistrar o Parte de Incoación á Fiscalía para a posterior apertura de expediente en Fortuny, así como as Resolucións de Sobresemento e Arquivo.

A posta en marcha deste proceso iniciouse cunha experiencia piloto na fiscalía de Pontevedra, estendéndose no último trimestre de 2012 ao resto da Comunidade. Tendo en conta, este pequeno espazo de tempo, o número de asuntos a itinerar foi de 14.448 e o dos itinerados 2.458.

O procedemento de regularización de asuntos actualiza en Minerva a situación dos asuntos en trámite no órgano xudicial, pechando masivamente todos aqueles que non deban permanecer abertos. En definitiva, modifícase o estado e motivo dos procedementos cando estes foron rematados pero na aplicación Minerva aínda constan en estado "Trámite", co que se mellora a calidade dos datos residentes no sistema de xestión procesual. No 2012 o número de asuntos regularizados superou os 168 mil.

Ademais no 2012 realizouse a formación e posta en marcha do módulo de oficinas de rexistro e reparto en todas as sedes xudiciais con máis dun órgano. A última implantación realizouse en xuño.



Formación

A liña de formación definida no Plan Senda 2014 establece varias actuacións para acadar a adaptación plena dos usuarios aos sistemas de información da Administración da xustiza, así como os novos procedementos de traballo.

Tendo en conta toda a formación levada a cabo no ano 2012, o total de cursos impartidos ascende a 349 cursos e 2.590 horas de formación impartidas. Ademais en novembro púxose en marcha un servizo de soporte formativo remoto, a Comunidade Virtual de Aprendizaxe da Administración de Xustiza en Galicia (CVA), punto de encontro para a resolución de dúbidas, a ampliación de coñecemento e a consulta de toda a información relacionada coas actividades formativas e os materiais didácticos existentes.

Infraestruturas

No marco do convenio “*Servicios Digitales de la Administración de Justicia en Galicia*”, asinado no 2010 entre a Xunta de Galicia e a entidade pública empresarial Red.es, foi posible a renovación do equipamento dos CPDs das 7 cidades galegas, servidores e sistemas de almacenamento.

Tamén se realizaron ampliacións de 3 liñas de comunicacións, polo que dende xuño do 2009 xa se fixeron 91 ampliacións e incrementouse a capacidade de redundancia de practicamente o 100% das sedes xudiciais. Ademais, ao longo do primeiro semestre do 2012, incorporáronse 5 xulgados á rede corporativa de telefonía fixa a través de telefonía IP.

Servizos públicos: sociais e dependencia

- **Elabórouse un plan para modernizar o Sistema Galego de Servizos Sociais e avanzar cara o Expediente Social Único**
- **O expediente dixital en dependencia, conta con 137.000 expedientes dixitalizados para facilitar a tramitación das solicitudes**
- **Presentado o programa “Miavizor” un sistema pioneiro no ámbito da teleprevención sociosanitaria que se instalará en 141 concellos rurais**

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Consellería de Traballo e Benestar están a colaborar na elaboración do Plan Sectorial para a Modernización Tecnolóxica do Sistema Galego de Servizos Sociais.

O seu obxectivo é crear unha estratexia integral de modernización tecnolóxica no eido da atención social para mellorar as prestacións, simplificar trámites, reducir prazos de tramitación e compartir información e recursos entre todas as administracións a través do Expediente Social Único, que permitirá a abordaxe integral dos usuarios do sistema.

A posta en marcha deste plan, que ten como chave a integración das TIC na prestación dos servizos sociais, contribuirá á sostibilidade do



sistema mellorando a capacidade e calidade de atención, reducindo custos administrativos, optimizando os recursos existentes e garantindo o mantemento e mellora das prestacións no futuro. Ademais, suporá un forte impulso ao sector TIC galego que poderá desenvolver proxectos innovadores ao abeiro do Plan.

Expediente Dixital en Dependencia

En outubro púxose en marcha unha aplicación para a xestión dos expedientes en Dependencia, unha aplicación na que se leva a traballar dende o ano 2010 e que se desenvolveu en tres fases: a dixitalización dos expedientes históricos, a implantación dun programa de xestión documental e a tramitación electrónica.

**Expediente dixital:
aforro de 1,2
millóns euros/ano**

O proceso comezou pola dixitalización dos 137.000 expedientes existentes para que puideran ser visualizados e tratados polos técnicos, e mediante a tramitación telemática diminuír os tempos de resolución. A partir deste momento, evitárase a xeración de papel físico para a tramitación dos expedientes, o que tendo en conta o número de expedientes anuais, máis de 21.000, suporá un aforro

estimado de preto de 1,2 millóns de euros.

O expediente dixital da dependencia é unha parte importante do Plan para modernizar o sistema galego de servizos sociais mencionado anteriormente.

TIC e o apoio ás familias

- **Benestar puxo en marcha un servizo de Gabinete de Orientación Familiar Virtual para asesorar ás familias sobre recursos e programas existentes**

A Consellería de Traballo e Benestar puxo en marcha en xullo un servizo ‘online’ de información e asesoramento destinado ás familias galegas, o Gabinete de Orientación Familiar (GOF) virtual e que proporcionará ás familias ou calquera persoa interesada, de maneira gratuíta, información e asesoramento sobre diversas cuestións, como servizos, recursos sociais, programas e disposicións legais no ámbito da familia e a infancia.

As respostas proporcionadas a través desta consulta terán carácter informativo e non efectos vinculantes para a Administración, e cando sexa necesario para tratar en profundidade os temas continuarán de xeito presencial.

O servizo en liña é anónimo, os usuarios unicamente necesitan seleccionar o sexo e a idade segundo tramos, e indicar o enderezo de correo electrónico onde desexan recibir a contestación, o que permitirá tamén extraer estatísticas e conclusións sobre as necesidades e demandas das familias galegas e das persoas que as compoñen, segundo as variables descritas.



TIC e a teleprevención sanitaria

A Consellería de Traballo e Benestar e a Universidade de Santiago de Compostela colaboraron para favorecer a permanencia no domicilio dos maiores que viven sós, ofrecéndolles unha maior seguridade. En setembro presentouse o programa “Miavizor”, un proxecto pioneiro e innovador no ámbito da teleprevención socio-sanitaria, máis avanzado e completo que a teleasistencia tradicional.

A iniciativa, desenvolvida pola Unidade de Psicoloxía do Consumidor e Usuario da USC, permitirá instalar o sistema en fogares do rural de 141 concellos de Lugo e Ourense, do que se beneficiarán 500 usuarios. Neste programa, a Consellería de Traballo vai investir máis de 800.000 euros repartidos en catro anualidades, ata o 2015, dentro do convenio co Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para o desenvolvemento do medio rural.



O programa Miavizor beneficiará a 500 usuarios

O programa “Miavizor” garante a atención ás persoas maiores sen necesidade de que suceda unha urxencia, tal como os sistemas actuais, e ofrece unha atención integral, posto que funciona as 24 horas do día e os 365 días do ano. Ademais outra das grandes virtudes é que non altera a intimidade dos maiores nin interfere na súa vida cotiá.

A través dun sistema sen fíos de sensores que proporcionan información continua sobre o usuario, o sistema permite anticiparse e detectar, por exemplo, se a persoa está a desenvolver hábitos de vida saudables. O sistema permite, por exemplo, detectar os hábitos de alimentación do usuario, a través dun sensor localizado na neveira, ou os hábitos de sono, mediante sensores na habitación.

TIC e os servizos de información medioambiental

- O Sistema de Información Medioambiental agrupa toda a información na materia de Galicia
- Medio Ambiente xunto coa asociación ecoloxista Adegas colaboran na protección dos ríos e desenvolveron unha plataforma web para difundir a información hidrográfica extraída

A Xunta de Galicia acorde coas normativas europeas e estatais sobre o acceso público á información medioambiental reagrupou nunha web (<http://siam.cmati.xunta.es/>) todos aqueles recursos técnicos e humanos que permiten a captación, estruturação, acceso e difusión da información relativa ao medio ambiente.

Así, no portal indicado pódese atopar toda a información relativa a calidade do aire, das augas e dos solos de Galicia, á xestión de residuos, á contaminación acústica, o cambio climático, etc.

Para desenvolver un programa de sostibilidade dos ríos de Galicia, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas asinou un convenio coa asociación Adegas, o proxecto Ríos. Unha iniciativa de concienciación, educación e participación cidadá en defensa dos nosos ríos, que se fundamenta na realización de inspeccións do seu estado por parte



de persoas ou grupos voluntarios a nivel local, co obxectivo final de facerse responsables da vixianza (adopción) do río que pasa polo seu municipio ou localidade. (<http://www.proxectorios.org>).

Unha vez recibidas as follas de inspección, elabóranse informes anuais cos datos subministrados por todos os participantes nas distintas campañas. Asemade, recóllense nunha base de datos accesible na web.

Tamén, grazas ao convenio, os voluntarios poden introducir a información relevante sobre os ríos directamente nunha aplicación, datos que serán de consulta pública una vez convalidados por Augas de Galicia. A aplicación baseada en software libre é accesible dende <http://visorgis.cmati.xunta.es/ríos/> ou <https://forxa.mancomun.org>.

A plataforma ten unha parte privada accesible soamente aos voluntarios e persoal que xestiona a información (xestión interna, asignación dos tramos de ríos, xestión de campañas de inspección, coordinación dos voluntarios, formularios de introdución da información e validación) e unha parte pública para difundir a información á sociedade.

A plataforma de traballo forma parte dos obxectivos da Administración para garantir a eficiencia, coordinar a información territorial e promover a colaboración e participación da cidadanía, ao tempo que é un exercicio de apertura e transparencia nos procesos de planificación e xestión do territorio. Ademais está deseñada para a súa reutilización en outros procesos semellantes.



TIC e os servizos de información cartográfica

- A Xunta pon a disposición dos cidadáns toda a información cartográfica en formato accesible, 20.000 mapas correspondentes a catro series cartográficas, con dous millóns de visitas no primeiro mes de funcionamento

Dado que os sistemas de información xeográfica (SIX) son unha ferramenta fundamental para facilitar a coordinación administrativa cómpre desenvolver aplicacións corporativas polivalentes e establecer mecanismos e procesos de captura, tratamento e mantemento da información territorial, así como divulgar e facilitar a súa utilización polas Administracións, institucións e público en xeral.

No 2012 déronse dous pasos fundamentais na organización dos servizos públicos de información xeográfica e cartográfica de Galicia, unha tarefa derivada das propias necesidades e do cumprimento da Directiva INSPIRE, así como da súa transposición ao ordenamento xurídico español, a Lei 14/2010, sobre as infraestruturas e os servizos de información xeográfica en España (LISIGE).

Por un lado, o Decreto 244/2011 de 29 de decembro, publicaba os estatutos do Instituto de Estudos do Territorio, un organismo que comezou a funcionar en abril integrando as competencias da Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe, a Subdirección de Sistemas de Información Territorial de Galicia e a Comisión de Coordinación de Sistemas de Información Xeográfica e Cartográfica.



Por outra banda, en agosto publicouse o Decreto 172/2012, polo que se regula a Comisión de Coordinación de Sistemas de Información Xeográfica e Cartografía, un órgano de coordinación técnica dos departamentos e entes da Administración autonómica nas súas actuacións en materia de sistemas de información xeográfica.

O Instituto de Estudos do Territorio ten como funcións as de recompilar e tratar a información do territorio galego, así como a produción cartográfica para as diferentes consellerías e organismos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente en materia agraria e de desenvolvemento rural.

Ao pouco da súa posta en marcha, o Instituto de Estudos do Territorio publicou máis de 20.000 mapas correspondentes a catro series cartográficas de Galicia: a Base topográfica de Galicia, o Mapa de Usos do Solo do ano 2005, a ortofotografía do PNOA do ano 2009-2010 e a ortofotografía do Vo Americano do ano 1956, una cartografía inédita ata agora.

A iniciativa supón un impulso á difusión simplificada con alta calidade a través dunha plataforma desenvolvida con software libre que permite facer procuras segundo as necesidades do usuario, xa sexa por unidades administrativas, por coordenadas xeográficas o por referencia catastral, entre outras.

A plataforma, vai incrementar a base de datos pouco a pouco, estando xa previstas as incorporacións de produtos derivados da cobertura LIDIAR, as novas ortofotografías, a actualización do Sistema de Información de Ocupación do Solo (SIOSE), o mapa forestal, etc.

TIC e a xestión de recursos: enerxía, auga, ...


- **O Inega traballa nunha nova aplicación que permitirá aos concellos realizar auditorías enerxéticas on-line, así como en ofertar simuladores para o aforro e eficiencia enerxética, e do consumo de auga no fogar**
- **Elaborado un Atlas Enerxético dixital con toda a información das infraestruturas enerxéticas de Galicia**

O Instituto Enerxético de Galicia (Inega) na súa aposta polo aforro e a eficiencia enerxética, continuou no 2012 a labor de desenvolver ferramentas de apoio para a redución de consumo de recursos como a enerxía e a auga, tanto para a cidadanía, como para as empresas e os concellos.

Así, para a cidadanía actualizou tres simuladores para mellorar os consumos e gastos enerxéticos reducindo os custos nos fogares. Un medida moi importante, tendo en conta que o consumo enerxético do fogar representa un 30% do total de enerxía en Galicia, cun custo aproximado de 2.600 euros anuais por vivenda.

Ademais en outubro, incorporou outro simulador para mellorar o consumo de auga, que tamén supón un aforro enerxético xa que para levala aos fogares hai que captar, tratar e impulsar a auga mediante equipamentos eléctricos, e despois unha vez consumida haina que depurar para pechar o ciclo volvendo ao río.

Por outra parte, o Inega tamén está a desenvolver unha ferramenta para facilitar aos concellos galegos o cálculo



de tarifas eléctricas, amosándolles tanto as posibilidades de aforro neste campo como a contratación da subministración eléctrica máis axeitada ás súas necesidades.

Ademais no 2012, elaborouse o “Atlas Enerxético de Galicia” no que está dixitalizada e compilada toda a información xeográfica das infraestruturas enerxéticas da Comunidade. O Atlas permite á Administración coñecer a situación ou o grao de desenvolvemento das infraestruturas e tamén serve de base para a elaboración de plans ou liñas de actuación que favorezan unha evolución máis equilibrada e competitiva do sistema enerxético.

TIC e a información metereolóxica


- **A previsión do tempo, un dos servizos de información pública máis de demandados, 510 millóns de consultas anuais en Meteogalicia**
- **Presentadas novas aplicacións móbiles para o acceso aos datos metereolóxicos con máis de 16.700 descargas realizadas**

A Consellería do Medio Rural e do Mar instalou dous radares de alta frecuencia nos faros de Vilano, en Camariñas, e de Prior, en Ferrol, que detectan a intensidade e a dirección das correntes mariñas e da ondaxe, ao tempo que aportan a información en tempo real. Trátase do primeiro sistema combinado de radares de Europa que permite ter cuberta e vixiada toda a fachada atlántica, e será de grande utilidade para as operacións de salvamento marítimo e na xestión de accións asociadas á contaminación mariña. Por exemplo á hora de calcular a traxectoria dun vertido nos casos de contaminación marítima intencionada.

Entre vantaxes do novo equipamento está o seu alcance, que pode chegar a 200 km, dependendo da lonxitude da onda empregada. A maiores, as emisións son de baixa potencia e non entranan perigo ambiental algún. O funcionamento destes radares supón a ampliación do espazo de cobertura da rede galega de monitorización de correntes e ondaxe e incrementa o peso de Galicia na Rede Nacional de Radares AF, unha rede pioneira en Europa e impulsada por Portos do Estado.

Os seus datos poden ser empregados polas autoridades responsables do salvamento marítimo, autoridades portuarias e polo resto da sociedade para as diversas aplicacións e usos relacionados co mar. Ademais poden consultarse na web www.observatorioraia.org.

Por outra parte, salientar que a web de Meteogalicia recibiu ao longo do 2012 máis de 510 millóns de visitas, un 15,9% máis que no 2011, e incorporou novas funcionalidades para permitir o acceso público aos datos metereolóxicos: XML para datos das estacións, que permite a consulta de datos diarios de estacións, incluíndo filtros de identificadores de estacións, variables ou mesmo intervalo de datas; RSS con datos de raios, praias, mareas, etc. para a predición xeral de Galicia e para a predición por localidades. Tamén, se incorporou un novo servizo, GeoRSS de orto e ocaso, que permite consul-



tar a predición en horario local para calquera punto indicando as súas coordenadas xeográficas e para calquera data.

Ademais, en xaneiro púxose en marcha MeteoSIX, un proxecto desenvolvido dende o 2010 coa colaboración do Grupo de Arquitectura de Computadores da Universidade da Coruña, o Laboratorio de Sistemas da Universidade de Santiago de Compostela e o CESGA. A API permite un acceso estruturado e organizado á información meteorolóxica e oceanográfica resultado dos modelos de predición numérica que se executan diariamente.

Para o acceso a dita información publicouse, tamén en xaneiro a aplicación MeteoSIX Mobile para Android e en xullo para iOS. A aplicación descargada máis de 26.000 veces permite obter a predición para a ubicación actual o para calquera punto, tanto en terra coma no mar. Das descargas mencionadas, 7.614 corresponden a iPhone e 18.884 para Android, 2151 directamente dende MeteoGaliicia e 16.733 dende GooglePlay.

Unha vez seleccionado o lugar, ou cando o propio móbil detecte onde se atopa, pódese consultar a predición hora a hora para tres días e as seguintes variables: estado do ceo, temperatura, precipitacións, vento, cota de neve, humidade relativa, cobertura nubosa, presión, altura, período e dirección de onda e temperatura e salinidade da auga. MeteoSIX Mobile permite gardar facilmente os lugares favoritos, para poder así acceder á predición meteorolóxica ou oceanográfica para eses puntos directamente e sen necesidade de buscalos de novo.

Usuarios avanzados como grupos de investigación universitarios e desenvolvedores interesados en crear novas aplicacións a partir dos datos que publica MeteoGalicia contan ademais cun servizo web que achega os datos de predicións en diversos formatos de fácil procesamento ou directamente inseribles en webs.



Administración eficiente

A liña de administración eficiente, facer máis cos mesmos recursos, dar mellores prestacións e servizos á sociedade e a propia administración tivo no 2012 varios fitos importantes, destacando especialmente a posta en marcha do catálogo de datos da Xunta de Galicia, o portal @bertos, e o Centro de Proceso de Datos Integral, o CPDI, instalado na Cidade da Cultura.

O portal de datos abertos, é o tempo unha fiestra á transparencia e unha proposta ao sector elaborador de contidos para desenvolver produtos interesantes para a sociedade a partir dos mesmos, tal como propoñen as directivas europeas en materia de reutilización da información do sector público. O portal dispón de 251 catálogos de datos, o que o converte nun dos que mostran máis contidos a nivel estatal.

251

Catálogos de datos
no portal @bertos

Outro modelo de transparencia é a publicación completa dos convenios asinados polos departamentos dependentes da Xunta de Galicia, unha copia que se pode ser autenticada, cun código de verificación (CVE) a partir dunha solicitude feita de modo presencial ou telemática ante o Rexistro de Convenios.

Tamén, entidades como o Instituto Galego de Estatística están a mostrar e facilitar o acceso aos datos das súas enquisas para que poidan ser incluídos noutros portais mediante aplicacións (widgets).

O Centro de Proceso de Datos da Xunta de Galicia, iniciado hai dous anos e posto en marcha en setembro do 2012, responde a claramente aos principios de eficiencia e optimización do gasto público, xa que a nova instalación vai permitir un aforro estimado en 3 millóns de euros/ano, como resultado do aforro de enerxía, espazo, mantementos técnicos e de servizos, etc.

3

M€/ano

Aforro coa posta en

Hai que ter en conta que o novo CPDI que dará servizo a uns 90.000 empregados públicos e máis de 5.000 centros de traballo, vai integrar as funcións que ata o de agora estaban dispersas en 80 CPDs que paulatinamente irán desaparecendo. Ademais a nova instalación facilita a dotación de liñas de respaldo, sistemas de copia de seguridade, etc. mecanismos todos eles que aumentarán a dispoñibilidade dos sistemas actuais da Xunta de Galicia.

Por último, tamén é destacable a posta en marcha do plan REDUCE, para a simplificación administrativa dos procedementos administrativos, un xeito de controlar a información solicitada en cada procedemento, recompilar a información que xa pode estar en mans da propia administración e contribuír a redución de custos para as empresas e cidadáns no proceso de solicitude e para a Administración nos procesos de tramitación. A implantación destes mecanismos é unha iniciativa do Consello Eu-

ropeo que instou aos países membros a tomar medidas para reducir as cargas administrativas.

Reutilización da Información do Sector Público

- O portal **abert@s**, un elemento para facilitar a cidadáns e empresas a reutilización da información da Xunta de Galicia
- O portal dispón de **251 conxuntos de datos**, a quinta posición no ranking das Comunidades Autónomas por volume de contidos

En marzo do 2012, a Xunta de Galicia deu un paso máis no cumprimento do principio de transparencia informativa coa posta en marcha do portal Abert@s, (<http://abertos.xunta.es/>), un espazo onde publicar a información de interese público da Administración galega e dos seus organismos en formatos abertos e estándar, para facilitar a súa reutilización por parte de cidadáns e empresas.

Os datos xerados polas administracións son de gran valor pola súa fiabilidade e calidade pero en xeral non están adaptados para ser empregados por terceiros, polo que dende hai uns anos desenvólense diversas normativas para regulamentar que información e como debe de ser publicada para facilitar a transparencia ao tempo que poida ser utilizada polas empresas para crear servizos de valor engadido.

O portal Abert@s é unha plataforma de acceso ao catálogo de información pública da Xunta de Galicia en formato dixital, debidamente actualizado e de balde. Os documentos publicados están dispoñibles en formatos estándar e abertos en liña coa promoción, difusión e fomento da utilización da información e coa promoción o uso de tecnoloxías baseadas en software libre e de fontes abertas, Plan Floss.

OpenData é unha oportunidade de negocio para emprendedores e empresas, un elemento xerador de emprego e riqueza xa que abre a porta á creación de produtos e servizos baseados nesa información.

A finais do 2012, a información xa dispoñible no portal Abert@s conformaba un catálogo de 251 conxuntos de datos de diferentes áreas de información, que poden resumirse en tres ámbitos: social, administrativo e do medio natural.

Nos datos de interese social e negocios pódese atopar información de carácter económico (axudas, indicadores socio-económicos,...); turismo (listado de aloxamentos, restaurantes, oficinas de turismo,...); emprego (ofertas de emprego público, formación ocupacional, por sectores, sobre desemprego) ciencia e tecnoloxía, deporte, sanidade, rexistro de negocios e comercios, seguridade, educación e cultura.


No eido da Administración encóntrase información de directorios (de equipamentos, organigramas, administracións locais) e contratación pública.

No ámbito do medio natural hai información cartográfica e do medio ambiente con datos sobre a produción enerxética en Galicia, indicadores ambientais, a calidade da auga nas praias, a pesca ou a climatoloxía.



Dende a posta en funcionamento do portal incorporáronse unha serie de novos datos a disposición de cidadáns e empresas para facilitar o acceso á información xerada pola Administración para a súa reutilización:

- Plataforma de Contratación Pública de Galicia.
- Mapas de delimitación do Camiño de Santiago
- Predicións marítimas, información para portos e confrarías sobre o información metereolóxica, a forza e a velocidade do vento, temperatura, altura, dirección do mar, temperatura da auga e período da onda.
- Horario sobre o orto e o ocaso, comezo e fin do día, nas cidades galegas e nos portos.
- Mapa de distribución dos servizos sanitarios: localización das farmacias, centros de saúde, hospitais e centros de especialidade.
- Calendarios laborais e escolares.
- Resultados de eleccións ao Parlamento de Galicia correspondentes ás últimas convocatorias.



Distribución do catálogo por formatos dos datos

Por áreas temáticas, o maior número de conxuntos de datos refírese ao ámbito de Territorio, vivenda e transporte (89), despois Economía, empresa e emprego (82), os seguintes bloques son: Medio ambiente (36); Cultura, ocio e deporte (31); Sanidade, saúde e servizos sociais (26); Ensino e formación (17), Administración pública (16) e por último, Ciencia e tecnoloxía (14).

As TIC e a simplificación administrativa

- **Publicada en xaneiro unha orde encamiñada á racionalización e simplificación dos procedementos administrativos e servizos, o que vai a reducir os custos tanto na propia administración como nas empresas e cidadáns**

Racionalización e simplificación: REDUCE

No Diario Oficial do 16 de xaneiro publicouse unha orde pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico. A orde ven dar resposta a iniciativa europea denominada “*Better Regulation*”, dentro da que se impulsou unha acción enfocada á medición e redución das cargas administrativas.

Considéranse cargas administrativas, as actividades que deben levar a cabo as empresas ou cidadáns para cumprir coas obrigas derivadas das normativas. O exemplo máis claro é a presentación de documentación fronte as diferentes administracións.

Así, a Administración galega aspira a contribuír ao achegamento á cidadanía, fomentando unha visión de administración única. Para iso é fundamental asegurar a calidade da información en condicións de exactitude, veracidade, axilidade, seguridade xurídica, actualización permanente e vixencia a través da Guía de procedementos e servizos.



A Guía de procedementos e servizos configúrase como o instrumento transversal de referencia que recompila e describe todos os procedementos administrativos e servizos á disposición da cidadanía, existentes e en vigor na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, á marxe da estrutura interna, que pode ser cambiante, da Administración pública.

Ademais con esta iniciativa encamiñada á racionalización e simplificación dos procedementos administrativos e servizos, propíciase a redución de trámites e cargas burocráticas e por tanto, diminúense os custos administrativos.

TIC e acceso á información dos convenios

- **A información completa, copia ou certificación do asento dos convenios é accesible de xeito telemático mediante certificación dixital**

A Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza puxo en marcha en xuño unha nova funcionalidade do Rexistro de convenios, que permite a calquera persoa que dispoña dun certificado dixital solicitar telematicamente unha copia ou certificación do asento do convenio.

Co novo sistema, basta con seleccionar o convenio no buscador, acceder á súa ficha e pulsar sobre a ligazón correspondente “certificado” ou “copia”. De xeito automático, solicítase ao cidadán a identificación contida nun certificado dixital, a motivación da solicitude e un enderezo de correo electrónico no que desexa recibir a documentación.

A solicitude leva parella unha entrada no Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, de xeito que a petición ten un tratamento análogo ao dunha presentación presencial en papel. O Rexistro de Convenios estuda a solicitude e valida, se procede, o envío da documentación ao solicitante.

Doutra banda, tamén está en marcha a posibilidade de que os cidadáns poidan comprobar a autenticidade do código Código de Validación Electrónica (CVE) que aparece no documento asinado electronicamente polo Rexistro de convenios. Poden facelo na páxina web: www.xunta.es/cve.

O Rexistro de convenios da Xunta de Galicia é competencia da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. A finais de ano dispoñía de case 30.500 convenios rexistrados dende a súa posta en marcha no ano 2002.



TIC e acceso á información estatística

- **O IGE ten desenvolvidos 4 widgets para facilitar o acceso á principal información estatística de Galicia**

O Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2013, incorpora 159 operacións, destacando entre as novidades para este ano, a relacionada coas actividades das Empresas TIC. O programa, incluído no novo Plan Galego de Estatística (PGE) 2012-2016, supón un novo marco que consolida e amplía os logros do anterior.



O Plan coloca a Galicia entre o reducido número de comunidades dotadas dun sistema estatístico acorde cos códigos internacionais de boas prácticas como son a independencia profesional, o mandato xurídico para a recollida de datos, o compromiso de calidade, a confidencialidade, imparcialidade e a obxectividade.

Para facilitar o acceso a información, o IGE segue a publicar aplicacións (widgets) que se poden incrustar, por exemplo, nunha páxina web calquera sempre que o usuario se comprometa a non modificar o contido e a non eliminar o texto "Widget proporcionado polo IGE", e conservar o icono do IGE.

A finais do 2012, había catro widgets publicados: Principais indicadores de Galicia, que inclúe a posibilidade de incrustar gráficas dos principais indicadores coxunturais da economía galega; Datos básicos de Galicia; Datos básicos provinciais e Principais indicadores municipais.

O Centro de Proceso de Datos da Xunta de Galicia (CPDI)

- **A posta en marcha do CPDI está a permitir a consolidación e a vertebración dixital de Galicia baixo os principios de eficiencia e optimización do gasto**
- **O Centro de Proceso de Datos Integral da Xunta vai supor un aforro de tres millóns de euros anuais, entre enerxía e outros servizos de mantemento**

En setembro do 2012 comezou a funcionar o Centro de Proceso de Datos Integral da Xunta de Galicia (CPDI), un centro que dará servizo a todas as consellerías e organismos dependentes da Xunta de Galicia e a outras entidades públicas como as deputacións provinciais, os concellos e as universidades.

En cifras, tradúcese en que a prestación de servizo chegará a 1.260 centros administrativos, 1.400 centros educativos, 600 centros asistenciais e sanitarios, a 322 entidades xudiciais, 1.500 oficinas de farmacia, e os máis de 90.000 empregados públicos.

Ademais, o CPDI custodiará o arquivo dixital de Galicia, é dicir, toda a documentación que xera a Administración autonómica: procedementos xudiciais, contidos educativos, expedientes administrativos, DOG dixital, historias clínicas, receitas electrónicas. Para xestionar toda esta información e garantir á seguridade e a dispoñibilidade dos servizos o Centro conta cunha capacidade inicial de almacenamento de 1,9 petabytes, o equivalente a máis de 593.000 millóns de páxinas.

A entrada en funcionamento do CPDI da Xunta de Galicia vai supor o aforro de tres millóns de euros ao ano, ademais é a resposta á necesidade de garantir uns servizos públicos dixitais que posibiliten facer da administración unha porta aberta as 24 horas os 365 días do ano e superar o modelo previo, un modelo heteroxéneo, caro e insuficiente para as necesidades da sociedade actual.



O CPDI entrou en funcionamento prestando os primeiros servizos a web institucional da Xunta de Galicia e ao Diario Oficial, para de xeito progresivo xestionar as case 3.000 aplicacións instaladas nos 2.000 servidores informáticos, un proceso que estará consolidado nun prazo máximo de dous anos.

As instalacións ocupan uns 20.000 metros cadrados, pero a integración no Gaiás de varios organismos suporá un aforro de tres millóns de euros anuais, sumando as previsións de aforro no consumo enerxético e as necesidades de mantemento e limpeza.

Para o cálculo, tívose en conta que as súas instalacións concentran aos 80 CPDs que ata o de agora estaban distribuídos en diferentes instalacións, polo que se estimou un aforro do 27%, tanto polo menor consumo como polo acceso a mellores tarifas.

Ademais, estímase uns aforros do 30% nas necesidades de investimento en tecnoloxía e outro 30% nas necesidades de mantemento da tecnoloxía.

O Centro de Proceso de Datos foi recoñecido pola Fundación Dintel co premio “Mellores Proxectos Data Center 2012” como unha das máis importantes iniciativas tecnolóxicas neste eido a nivel estatal.

En paralelo co CPDI no 2012 realizouse a adquisición dunha librería de cintas virtuais para copias de seguridade nun CPD de respaldo de xeito que se poida recuperar a información no caso dun eventual desastre. Con esta instalación, o 50% dos datos de copia de seguridade están replicados.



O software libre na administración pública

- [Elabórase unha maqueta de Software Libre unificada para a rede CeMIT, baseada no desenvolvemento previo feito para o proxecto Abalar](#)
- [A progresiva integración das áreas tecnolóxicas das distintas Consellerías na Amtega está a facilitar a aplicación das políticas de promoción e impulso do Software Libre nos proxectos TIC](#)


Uso do software libre na Xunta de Galicia

A remodelación dos servizos TIC da Xunta de Galicia coa constitución da Amtega está a permitir a centralización das adquisicións de software nunha única entidade, a toma de decisións e o apoio á implantación do software libre nos sistemas informáticos da Administración galega.

Así, segundo a enquisa de Administración electrónica realizada entre as Consellerías e os organismos dependentes, o 94% dos ordenadores de usuario dispoñen dalgunha aplicación de software libre instalada e o 50% son de ofimática. No caso da Administración de xustiza o valor chega ao 100%.

Durante o ano 2012, a Amtega levou a cabo coa colaboración de AGASOL e baseándose no traballo realizado para o proxecto Abalar, o desenvolvemento e implantación dunha maqueta baseada en Software Libre para todas as aulas integradas na Rede CeMIT.

Dende a Amtega, conscientes do potencial desta rede para o achegamento a diversos ámbitos da sociedade, a loita contra a fenda dixital e a contribución á alfabetización dixital da cidadanía galega, considérase a rede CeMIT como un excelente vehículo para a difusión do software libre.



Dada a diversidade de equipamento dispoñible nas distintas aulas da rede, foi preciso realizar un intenso traballo na procura e adaptación de *drivers* para o correcto funcionamento da maqueta de software. Ademais levouse a cabo unha adaptación do deseño gráfico da maqueta acorde á imaxe corporativa, e o paquetizado de todo o software necesario para a formación impartida dentro do programa formativo da rede CeMIT.

Outro ámbito de uso do software libre é o educativo, onde máis de 43.000 alumnos incluídos no Plan Abalar, empregan unicamente software de fontes abertas no seu día a día na escola.

Por outra parte, durante o ano 2012, continuouse co impulso do Software Libre na implantación de servizos no mapa de sistemas da administración pública destacando os proxectos: mantemento de portais de referencia institucionais, implantación dun sistema de xestión documental, consolidación da sede electrónica, todos eles cunha arquitectura tecnolóxica baseada en ferramentas libres.

En canto á liberación de software, durante o ano 2012 seguindo o procedemento estandarizado de liberación de software propiedade da Xunta de Galicia publicáronse novos proxectos no Repositorio de Software Libre da Xunta de Galicia: Turenquisa, XesHostais, as adaptacións realizadas no software de videoconferencia Ekiga e o catálogo de produtos e provedores de software libre de Galicia.

Cidadanía dixital

A formación para a inclusión dixital, o coñecemento das novas ferramentas e tendencias no uso de Internet, a xeración de nativos dixitais e todo o que ten co maior aproveitamento, por parte dos cidadáns de calquera idade, sexo e capacidade económica, do uso das TIC no mundo actual son os principais obxectivos de esta liña da Axenda Dixital 210.gal

Unha das iniciativas para a consecución destes obxectivos é a Rede de Centros de Modernización e Innovación Tecnolóxica (CeMIT), que tamén supervisa a formación noutros grupos, como os profesionais TIC e os empregados públicos. Mais, continuando co relacionado coa formación, este ano 2012 a rede CeMit implantou un novo Espazo Multimedia de Aprendizaxe, complementario da formación nas aulas, así como focalizou a formación en 13 itinerarios, para que os usuarios puideran facer un percorrido axeitado ás súas necesidades ou inquiredanzas.

20.000

Usuarios formados
na rede CeMIT

A finais do ano, a rede tiña atendido a máis de 21 mil usuarios e impartido máis de 38 mil horas de formación, en ambos parámetros duplicábanse os valores obtidos o ano anterior. Os usuarios foron maioritariamente mulleres (57%) e por idade as comprendidas 41 e 65 anos, sen coñecementos previos ou básicos (64%) do uso das novas tecnoloxías.

O interese polo uso da Rede e das súas vantaxes reflíctese nos datos das enquisas do INE, onde Galicia rexistra no 2012 o maior aumento de fogares con conexión a Internet dos últimos catro anos e case triplica o incremento do conxunto do Estado. O 68% dos fogares galegos dispón dalgún ordenador, o que supón un incremento do 4,1% con respecto aos datos do ano anterior, a media estatal (73,9%) rexistrou un incremento (3,4%). O 66,1% dos cidadáns utilizaron o ordenador nos últimos tres meses, un 6,3% máis que no ano 2011, reducindo a diferenza coa media estatal (72,2%) en 1 punto.

1.993

Aulas equipadas co
Plan Abalar

Outra iniciativa, que xa vai polo seu terceiro curso, é o Plan Abalar, o plan para inserir o uso das TIC na práctica escolar cotiá. Coas 165 aulas que se incluírán no plan no presente curso 2012-13, chegarase a 1.993 aulas dixitalizadas, o 50% do total previsto, primaria e secundaria. Os alumnos beneficiados serán case 60.000 en total.

Mais, o Plan Abalar, alén de promover o uso e o coñecemento nos escolares tamén ten contidos formativos (1.164) para as familias e promove o uso activo da rede por parte destas mediante o uso das citas cos profesores, publicación de notas, etc. Así chegouse a máis de un millón de vistas e contidos descargados e por riba de 80 mil os accesos de nais e pais ao espazoAbalar.

Destacar, tamén, o Plan de Voluntariado Dixital, un plan que comezou este ano 2012 para canalizar a participación de entidades sociais, empresas e os propios voluntarios a favor da loita contra a fenda dixital, chegando xa a finais do 2012 a 200 voluntarios 74 entidades. Ao longo do ano realizáronse 2 módulos de formación básica para voluntarios e 3 proxectos en colaboración coas entidades adheridas.

274

Entre entidades e
voluntarios dixitais

Por último, mencionar a Lei de Bibliotecas, unha normativa para adaptar os centros ao contexto dixital: novos soportes, novas formas de comunicación e préstamo, etc., así como o plan de lectura dixital, que instalará este tipo de terminais nun piloto en 25 centros escolares para desenvolver as competencias dos alumnos neste tipo de soportes.

Rede CeMIT: a formación tecnolóxica

- O balance de horas de formación e usuarios da Rede CeMIT duplica as cifras acadadas no ano anterior, máis de 20 mil usuarios e por riba de 38 mil horas de formación, cun nivel de satisfacción de 8,75 sobre 10
- A Rede CeMIT lanza unha nova versión da súa páxina web que simplifica o acceso á información das súas actividades e incorpora servizos en liña
- Entidades públicas e privadas poderán colaborar coa rede de aulas CeMIT para achegar á formación dixital gratuíta a máis usuarios

Aulas TIC por todo o territorio

A Rede CeMIT está integrada por 98 aulas presentes en 92 concellos e 53 comarcas, co obxectivo de promover o uso das novas tecnoloxías entre a poboación, con especial atención aos colectivos máis afectados pola fenda dixital, fomentar a formación dixital entre os profesionais galegos e mostrar á pemes e micropemes as vantaxes da sociedade da información.

Vertebrar territorial e socialmente Galicia é un dos obxectivos da Rede que está a ser conseguido grazas a esa dispersión, practicamente toda a cidadanía ten un aula a menos de media hora do seu fogar. No 2012, inauguráronse aulas nos concellos de Beade, Pontevedra, Ribeira e A Coruña.

No resto de aulas, entre os novos equipamentos, hai que salientar a mellora da conectividade, a actualización a software libre das aplicacións e do sistema operativo das 1.200 aulas, así como o sistema de videoconferencia en todas as aulas.

Ademais da formación, o catálogo de servizos da Rede contempla actividades de divulgación para a sensibilización e o fomento do uso das TIC coa organización de charlas e xornadas con expertos en materia de novas tecnoloxías. Así como o servizo de Aula Aberta, que posibilita o acceso libre e de balde dos usuarios á utilización do equipamento co apoio e asesoramento dun axente.



En maio no 2012, a Rede de Aulas para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica de Galicia (CeMIT) da Xunta puxo en marcha unha web renovada para simplificar o acceso a toda a información relacionada coas actividades dos seus 98 centros e incorpora novos servizos, que facilitan os trámites en liña aos usuarios.

O novo portal da Rede CeMIT permite aos cidadáns solicitar a súa alta como usuarios en liña e reservar praza nas distintas actividades programadas, chegándolle a confirmación da matrícula vía email. Outra das novidades é que os usuarios da Rede poderán ver o seu historial académico e cumprimentar as enquisas de satisfacción asociadas ás actividades nas que participaron a través da web.

Espazo Multimedia de Aprendizaxe (EMA)

Entre as principais novidades do Plan Formativo 2012 da rede CeMIT estivo o impulso da teleformación coa posta en marcha no mes de xullo dunha aula virtual na súa web, de xeito que permite aos usuarios formarse dende calquera punto con acceso a Internet. O novo “Espazo Multimedia de Aprendizaxe” ten xa dispoñibles nove cursos de teleformación sobre diferentes categorías temáticas de capacitación dixital.

Na web CeMIT xúntanse pequenos tutoriais nos que se explica, de forma breve, como se realiza o proceso de inscrición e a utilización do “Espazo Multimedia de Aprendizaxe”. O catálogo inicialmente dispoñible de cursos contempla:

- Como manexar os nosos datos persoais. LOPD
- Prevención de riscos laborais no uso das TIC.
- GIMP. Unha ferramenta en software libre para o deseño dixital.
- Audacity: edición de son en software libre.
- Openshot: unha ferramenta en software libre para a edición de vídeo.
- Klavaro. Unha ferramenta para mellorar a mecanografía.
- AbanQ: Xestión empresarial.
- Elaboración de carteis e folletos: Scribus, Inkscape.
- Xogos de adestramento mental: Gbrainy, Pezas, etc.

Ademais da formación, o catálogo de servizos da Rede CeMIT contempla actividades de divulgación para a sensibilización e o fomento do uso das TIC coa organi-



zación de charlas e xornadas con expertos en materia de novas tecnoloxías. Nos seis primeiros meses do ano celebráronse preto de 70 charlas. Tamén, o servizo de Aula Aberta, que posibilita o acceso libre e de balde dos usuarios á utilización do equipamento co apoio e asesoramento dun axente especializado.

Itinerarios formativos adaptados aos usuarios

O Plan 2012 incorporou novidades enfocadas a mellorar a aprendizaxe e ao aproveitamento da formación. Así establecéronse 13 itinerarios formativos con 60 cursos para as distintas áreas en función dos colectivos e as súas necesidades.

Os itinerarios formativos abranguen a alfabetización dixital básica, a formación destinada a empresarios e emprendedores, equipamento TIC, redes sociais, imaxe e audio, formación a desempregados, ofimática en software libre, operacións a través de Internet, creación multimedia e web 2.0, administración electrónica, capacitación en software libre, ocio en Internet e multimedia, etc.



Cando o usuario accede á Rede realízase unha proba de nivel para que o Axente TIC lle poida recomendar a realización do itinerario máis axustado ás súas necesidades. Ademais os cursos rematan cunha proba de aproveitamento para coñecer o nivel de aprendizaxe do usuario.

Concurso de produción audiovisual

En decembro, entregáronse os premios aos gañadores do Concurso de Produción Audiovisual da Rede CeMIT, un concurso que tiña como obxecto recoñecer os mellores traballos desenvolvidos polos 113 alumnos dun curso realizado nas aulas de 39 concellos galegos. No curso de 60 horas de duración, percorréronse todas as fases dos produtos audiovisuais, especialmente a edición de son e de vídeo.

Para o desenvolvemento do curso de Produción Audiovisual empregouse o sistema de videoconferencia e videocolaboración das aulas participantes, posibilitando a comunicación entre todos os participantes en tempo real a través de imaxe, chat, uso compartido e control de aplicacións remotas.

Iniciativas de autoemprego e emprendemento para as mulleres

Outra das liñas estratéxicas da Rede CeMIT: impulsar o crecemento do sector empresarial tradicional está recollido na realización de máis de 700 horas de formación a empresarios e emprendedores, superando os 900 alumnos. Tamén, mediante a formación a colectivos específicos, como os desempregados, con máis de 800 horas de formación e por riba de 1.000 alumnos.

Pero, ademais, están a desenvolverse dúas iniciativas específicas de emprendemento para as mulleres de zonas rurais: “Tomando as rendas”, que está realizándose en 33 aulas da Rede, nas que se inscribiron 247 mulleres e xa 77 están a desenvolver o seu propio plan de empresa. En distintas fases, abordáronse a motivación ao emprendemento e xeración e maduración de ideas empresariais, o un plan de viabilidade para afianzar a idea de negocio e por último, un plan de capacitación dixital.

A outra, “Miradas de muller” lanzarase no 2013, logo dunha selección entre os 40 concellos interesados, dos que 33 forman parte da Rede CeMIT.



Balance en cifras

Dende o seu nacemento, a rede CeMIT está a dar grandes pasos na consecución dos seus obxectivos, así mentres que no 2011 os usuarios eran 10.183 e as horas de formación 18.047, no 2012 o número de usuarios duplicouse pasando a 21.036 e o número de horas de formación achegouse a 38.022.

Das horas do 2012, o 61,5% corresponderon aos cursos de alfabetización dixital dirixidos á cidadanía en xeral; os de contidos multimedia e audiovisual representaron o 24,4%. O resto das horas repártense entre a formación para profesionais TIC realizada en colaboración co CNTG, preto de 3.000 horas e a destinada aos empregados públicos a través da EGAP, que suma un total de 2.000 horas.



No 2012, a maioría dos usuarios da Rede CeMIT, un 37%, situáronse no tramo de idade dos 41 aos 65 anos, maioritariamente mulleres, un 57% fronte ao 43% de homes. O reparto nos seguintes tramos de idade é: 28% entre 26 e 40 anos, 12% entre 15 e 25, outro 12% maiores de 65 e un 11% menores de 15 anos.

En canto a nivel de coñecemento TIC dos usuarios, o 28% carecían totalmente de formación en novas tecnoloxías, un 36% declaraba ter un coñecemento básico, un 32% nivel medio e un 4% nivel avanzado. Por tanto, as novas iniciativas e cursos han de responder a este perfil e permitir o avance gradual do coñecemento. Estes datos sitúan a Rede CeMIT como a iniciativa co maior número de usuarios fóra da educación regrada e reflicten o éxito de iniciativa caracterizada por un alto nivel de demanda e un alto nivel de satisfacción: 8,75% sobre 10.

A introdución das TIC na escola: proxecto Abalar

- Coas instalacións do curso 2012-2013, o Proxecto Abalar xa chega ao 50% dos centros educativos galegos de educación primaria e secundaria
- Instaláronse case 800 kits de aula dixital, que benefician a case outros 15.000 estudantes, chegando a un total de 44.500 alumnos

- **espazoAbalar, recibiu no ano 2012 máis de un millón de visitas e realizáronse outras tantas descargas de contidos dixitais**

Aulas dixitais e o espazoAbalar

O proxecto Abalar, impulsado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria deu no ano 2012 outro novo impulso á introdución das TIC na práctica escolar, chegando a máis de 43.000 alumnas e alumnos de 533 centros escolares, dos que 165 incorpóranse no curso 2012-2013. Deste xeito, Abalar chegará no seu terceiro ano de implantación, a 1993 aulas dixitalizadas e ao 50% dos centros que imparten educación primaria e secundaria obrigatoria en Galicia.

Segundo a resolución publicada en xuño, os centros aos que vai chegar o proxecto no curso 2012-13 están distribuídos do seguinte xeito: 65 na provincia de A Coruña, 21 na de Lugo, 12 na de Ourense e 67 na de Pontevedra.

Coa información mencionada e os 782 kits instalados en outros 645 colexios que non forman parte do Abalar, e que beneficia a outros 15.000 estudantes, o proxecto Abalar alcanza xa a case 60.000 alumnos.

Pero o desenvolvemento do proxecto, ademais da instalación do equipamento, pasa pola adquisición de coñecementos, uso e practica dos equipos, e pola introdución e creación de novos contidos educativos.

No relacionado coa de formación, dende o inicio do proxecto impartíronse 35.602 horas formativas, das que se beneficiaron 16.898 profesores e 631 coordinadores. No presente curso, estanse a programar e realizar outros 97 cursos de formación, o que suporá outras 2.975 horas.

Outro elemento do progreso e éxito do proxecto Abalar é o proceso polo que os contidos desenvolvidos nas aulas para as diferentes materias están a ser impartidas en libros dixitais. Un piloto no que participaron, de forma voluntaria, dez centros galegos e 410 estudantes de 6º de primaria e 1º da ESO. O balance do primeiro ano resultou moi positivo, xa que a experiencia, valorada por familias, alumnos e profesores, obtivo unha puntuación media de 3,8 sobre cinco puntos.

A finais do curso pasado, o repositorio superaba os mil recursos enfocados aos diferentes niveis educativos: infantil, primaria, secun-



daria, bacharelato e ciclos formativos, que estaban desenvolvidos ata en seis linguas: galego, castelán, inglés, francés, portugués e alemán.

No 2012 realizáronse 1,07 millóns de visitas ao espazo Abalar e descargáronse máis de un millóns de recursos educativos. O número de pais e nais que accederon para facer o seguimento académico dos seus fillos superou os 80.000.

Por outra parte, en outubro presentouse Maqueta Abalar 2.0 unha instalación desenvolvida para a comunidade educativa dentro do Proxecto Abalar. Está dispoñible en formato ISO e funciona en modo Live, é dicir, sen ter que facer unha instalación no disco duro do equipo.

Finalmente, salienta tamén a dotación de infraestruturas de telecomunicacións nas aulas. A principios do curso 2012-2013, máis de 190 aulas xa dispoñían de liñas de 100 Mbits, grazas ao Plan de Banda Larga. Unha mellora que posibilita o acceso simultáneo dun maior número de usuarios e a posibilidade de traballar cun maior número de aplicacións informáticas.

Navega con rumbo

- Coa terceira edición de “Navega con rumbo” no curso 2012-13 sumarán 430 actuacións para formar no uso responsable das TIC e previr o ciberacoso

A Consellería de Cultura e Educación puxo en marcha no curso 2011-12 preto de 140 accións formativas dentro do programa Navega con Rumbo polo Ciberespazo, programa que ten como obxectivo a formación do alumnado nas boas prácticas no uso das TIC, previr o ciberacoso, a dependencia das novas tecnoloxías, e facer un uso responsable das redes sociais.

As sesións divulgativas están apoiadas por Guías de Boas Prácticas dirixidas tanto ao alumnado coma ás familias e profesorado, que se poden descargar en formato electrónico, e de balde, da web www.navegaconrumbo.es, na que ademais existe a posibilidade de descargar xogos e ligazóns de interese.

No curso 2012-13 desenvolverase a terceira edición do programa, coa que se pretenden facer unhas 200 accións en outros tantos colexios. Deste xeito, chegarase a un total de 430 accións nos tres anos nos que se está a desenvolver.



Recoñecemento nacional e internacional

Galicia recibiu o pasado mes de marzo a visita de estudo de docentes e profesionais da educación de 14 países europeos, no marco das *Study Visit* que selecciona o CEDEFOP (*European Centre for Development of Vocational Training*), co obxectivo de analizar as boas prácticas educativas, neste caso sobre a aplicación das TIC na Educación, o proxecto Abalar.

O informe de conclusións do grupo de expertos internacionais sinalou que o proxecto Abalar é un proxecto ben organizado, transparente, claro e transferible. Ao mesmo tempo, os expertos salientaron a grande cantidade de ferramentas web 2.0 que se poden usar dun xeito gratuito na docencia polos profesores; a posibilidade que teñen de compartir entre eles contidos dixitais e grande cantidade de información á que teñen acceso os docentes mediante o espazoAbalar e outras bases.

Finalmente, en novembro a revista “*Magisterio*” otorgou ao proxecto Abalar o premio ‘Protagonistas da Educación 2012’ no que se valorou o esforzo da Xunta de Galicia para o desenvolvemento desta estratexia, que dende o curso 2010/2011 procura a integración das TIC no sistema educativo de Galicia. A entrega de premios celebrouse en Madrid e estivo presidida pola súa Alteza Real a Princesa de Asturias.

Atención a diversidade

- **Cultura lanzou un espazo de atención á diversidade e á orientación nos centros educativos galegos**

Como complemento ao proxecto Abalar e atendendo ao Decreto de Atención á Diversidade, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria puxo en xaneiro do 2012 a disposición dos centros unha versión accesible pensada para atender á diversidade e á orientación do alumnado.

O portal (<http://www.edu.xunta.es/web/diversidadeorientacion>) ofrece de xeito concentrado diferentes tipos de orientación e unha mostra de recursos, publicacións e ligazóns de interese que contribúen á atención á diversidade e á orientación, promovendo unha educación equitativa e de calidade.

A través desta web crease un espazo de colaboración, comunicación e aprendizaxe que se irá enriquecendo coas achegas de todos os axentes implicados na atención á diversidade e na orientación.



Redeiras: rede social do profesorado

- **Redeiras, unha nova rede social para o profesorado galego, conta con 6.500 usuarios e máis de 150 grupos activos**

En abril do 2012 púxose en marcha Redeiras, (<http://www.edu.xunta.es/redeiras>) unha rede social para favorecer a intercomunicación entre o profesorado galego, co fin de fomentar o traballo colaborativo e o intercambio de experiencias como complemento á súa práctica educativa.

A finais do curso pasado Redeiras xa contaba con 6.500 usuarios rexistrados, e máis de 150 grupos activos, cunha importante actividade, que se reflicte nos vídeos, máis de 200 e ficheiros subidos á rede, case 250; as entradas de blogs, e as entradas nas redes sociais: marcadores e envío o muro, así como as mensaxes intercambiadas entre usuarios.

Redeiras é un proxecto desenvolvido por Asesores Abalar, está baseado en tecnoloxías de software libre e está integrado no sistema corporativo de autenticación



de usuarios da Consellería, incorporando módulos e funcionalidades propias de calquera outra rede social.

Educación viaria: proxecto “Eucirculo”

- **Novo portal “Eucirculo” para sensibilizar a comunidade escolar en materia de educación viaria**

En febreiro do 2012, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria lanzou o portal web ‘Eucirculo’, un sitio temático para procurar a sensibilización da comunidade educativa en todo o referente á educación viaria. A primeira campaña na web titulouse ‘*Nun segundo... cambia a túa vida*’, para sensibilizarnos diante das consecuencias dos accidentes de tráfico.



O espazo web ‘Eucirculo’ (<http://www.edu.xunta.es/web/eucirculo>) está organizado en dous bloques principais, ‘Actividades’ e ‘Recursos’. No primeiro bloque de Actividades vanse colgando todas aquelas accións que se ofrezan ou se teñan realizado nos centros e as actividades de formación que están a dispor dos implicados no proceso educativo. No apartado de Recursos aparecen informes, documentos, experiencias de boas prácticas nos centros, axudas, premios e ferramentas que favorezan o desenvolvemento da educación viaria.

Bibliotecas escolares

- **O Plan PIA de apoio á lectura dixital nas bibliotecas escolares está a complementar o realizado nos últimos anos para a dotación de equipamento**

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, está a dotar a 25 bibliotecas escolares de centros de ensino de Galicia de lectores electrónicos a través do proxecto piloto ‘E-Lectores nas bibliotecas escolares’ (E-LBE), un eixo de actuación que busca que profesorado e alumnado coñezan de primeira man os novos soportes e dean conta das posibilidades que ofrecen para a mellora da competencia e dos hábitos de lectura.

Refórzase así o Plan LÍA 2010/2015 de bibliotecas escolares (Lectura, Información, Aprendizaxe) que pretende apoiar aos centros educativos diante das transformación que se están a producir na forma de presentar os textos, en boa medida relacionadas coas novas tecnoloxías.

A selección dos 25 centros realizase entre os integrados no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE), neste momento 504 colexios e institutos, valorando especialmente o compromiso da comunidade educativa coa biblioteca como centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe. Así mesmo, darase prioridade aos centros instalados en zonas rurais, procurando unha distribución por todo o territorio galego.



As TIC na promoción da lingua galega

- **A Xunta de Galicia, no 2012, lanzou campaña nas redes sociais e realizou diversos concursos para dinamizar a lingua galega no ciberespazo e premiar a participación e a creatividade**

O Plan xeral de normalización da lingua galega (PXNLG) distingue tres sectores transversais de importancia estratéxica: dereitos lingüísticos, implementación do corpus e novas tecnoloxías. Neste eido, o obxectivo é lograr unha ampla oferta de produtos e recursos informáticos en galego; potenciar a presenza en Internet; potenciar a investigación da tradución automática, a síntese de voz, etc.

Así, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria desenvolveu ao longo do 2012, unha ampla lista de iniciativas en prol do uso da lingua en Internet, na súa promoción mediante as TIC, etc.

No apartado de promoción, destacaríanse a realización de concursos como o certame de curtas de animación na rede “Nós tamén creamos” presentado en febreiro e o que se presentaron máis de 60 curtas de 50 centros de educación infantil e primaria tal como recollían as bases do mesmo. A iniciativa buscou incentivar o uso da lingua galega, nas franxas máis baixas de idade, en novos espazos e soportes, nomeadamente no audiovisual; favorecer a innovación educativa para promover xeitos cada vez máis efectivos de aprendizaxe de linguas; promover unha relación positiva dos rapaces coa lingua propia de Galicia, etc.



Apoio a candidatura puntogal

- **A iniciativa Puntogal deu no 2012 outro paso fundamental para conseguir o dominio propio grazas a axuda da Xunta de Galicia**

A Amtega está a respaldar, mediante un convenio asinado en marzo do 2012, a iniciativa asinada por máis de 100 organismos de todo el país, 20 centros galegos no exterior e milleiros de internautas en prol dun rexistro .gal

Na reunión anual da ICANN, ente que goberna as direccións de Internet, presentáronse 1.930 candidaturas e por primeira vez dende hai dez anos, aceptáronse candidaturas para novos dominios xenéricos. Do total, só 84 candidaturas foron presentadas en representación dunha comunidade ou grupo social; como é o caso de .gal, presentado en nome da comunidade lingüística galega. Ademais puntoGAL, nos seguintes procesos terá que superar menos dificultades que os 230 dominios que foron solicitados por máis dun candidato.



Segundo o calendario establecido os dominios que non sexan obxecto de recurso poderían superar o exame no primeiro cuatrimestre de 2013, e entrar en funcionamento a finais do mesmo ano.

A lingua galega nas redes sociais

- **“Redes sociais en galego” unha campaña para dinamizar a lingua galega en Internet e apoiar a tradución de Twitter ao galego**

A emerxencia das redes sociais e a súa integración no día a día de milleiros de persoas ao longo e largo do mundo, constitúe un cambio tecnolóxico de enorme transcendencia, porque determina novos xeitos de relacionarnos, controlar a información, facer política, educar, comprar ou vender.

En xullo, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia promoveron una campaña “Redes sociais en galego” para fomentar o seu uso e apoiar outras iniciativas cidadás como “Twitter en galego, XA!”. Unha reivindicación que xurdiu logo de que Twitter, seguindo os pasos de Facebook, decidise autorizar aos usuarios para facer a tradución a linguas coma o éuscaro e o catalán, pero non ao galego, e a pesar de que este era o vixésimo segundo idioma máis empregado en Twitter e a primeira lingua que non é oficial dun Estado.



Alén das redes mais estendidas: Facebook, Twitter, etc. hai tamén redes sociais xeralistas creadas en Galicia que cómpre destacar: Cabozo, que xurdiu no 2007 e ten actualmente arredor de 7.000 usuarios; Latri.ca, creada no 2010 a partir de código xa existente de libre distribución, segue o modelo de Twitter, para ofrecer unha ferramenta a persoas que tivesen un nexo de unión común, que falasen en galego ou se atopasen en Galicia, conta con máis de 1.000 seguidores.

Os roteiros literarios e a promoción dos escritores galegos

- **Presentada unha aplicación de roteiros virtuais para percorrer Santiago dende a súa dimensión literaria**

Por outra parte, A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria co gallo do Día das bibliotecas do 2012 puxo en marcha unha aplicación virtual: *Roteiros literarios por Compostela*, que permite percorrer a capital de Galicia dende unha dimensión literaria. A aplicación dispoñible no portal web da Rede de Bibliotecas (www.rbgalicia.xunta.es/santiago) convida a cidadanía a ler en galego, ao tempo que amosa a cidade compostelá a través de fragmentos de obras de referencia da novela negra en galego que teñen como escenario a cidade de Santiago.

Os textos que guían a visita virtual por algunhas das rúas, prazas e parques de Compostela recrean un total de once espazos descritos en cinco obras: *Crime en Compostela*, de Carlos G. Reigosa; *Ambulancia*, de Suso de Toro; *Asasinato no Consello Nacional*, de Diego Ameixeiras; *O crime da rúa da Moeda Vella*, de Román Raña; e *Seis cordas e un corazón*, de Roque Morteiro.

Son un total de once lugares os que o usuario pode visitar virtualmente para o que se emprega a aplicación de Google Maps, e entre os que se inclúen a rúa Nova, a do Hórreo ou a da Carreira do Conde; a praza do Tournal e das Praterías ou o Parque de San Domingos de Bonaval.



Programa de Voluntariado Dixital de Galicia

- O programa de Voluntariado Dixital canaliza a participación voluntaria en Galicia para loitar contra a fenda dixital
- Conta cun total de 220 voluntarios e 78 entidades, entre concellos, entidades públicas e privadas e organizacións de acción social

O Programa de Voluntariado Dixital está impulsado pola Amtega e a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado co obxectivo estender a oferta pública de alfabetización dixital, inicialmente prevista para chegar a 3.500 persoas maiores e a oito federacións de persoas con discapacidade.

Para cumprir este obxectivo procurouse a colaboración activa entre as institucións, as empresas do sector TIC e as entidades de acción social que traballan apoiando ás persoas con discapacidade, as persoas maiores e en risco de exclusión social. A iniciativa suma tamén a solidariedade individual, a responsabilidade social das empresas e o aproveitamento das infraestruturas públicas.

O programa comezou a súa andaina en xaneiro, cunha actividade dos voluntarios dixitais e no mes de xuño realizouse o acto público de sinatura dos protocolos de colaboración cos mecenas dixitais e entidades colaboradoras.

Ao longo do 2012, realizáronse 2 módulos de formación básica para voluntarios dixitais: “Obxectivos e alcance do programa” e “Voluntariado e habilidades sociais”; 3 proxectos en colaboración coas entidades adheridas ao programa: “Internet móbil para persoas maiores”, “O uso da web 2.0 e as redes sociais nas organizacións sociais”, e “Seguridade na rede”; 3 xornadas temáticas de divulgación en colaboración coas entidades adheridas ao programa: “Boas prácticas en tecnoloxía para a inclusión social”, “O uso da web 2.0 e as redes sociais nas organizacións sociais” e “Identidade dixital e busca de emprego 2.0”.

Ademais, fíxose a xestión de 15 apoios dixitais por parte dos voluntarios nas entidades de acción voluntaria e xestionáronse ás solicitudes de equipamento tecnolóxico por parte das entidades de acción social.



As TIC e a violencia de xénero

- **O servizo de teletradución para atender aos problemas derivados da inmigración, está presente en 70 concellos e da soporte a 51 idiomas**

A Secretaria Xeral de Igualdade continuou no 2012 coa extensión do servizo de teletradución a 51 idiomas nos Centros de Información da Muller (CIM), mediante un serie de convenios sen contido económico cos concellos para incorporar nos seus centros de información este servizo, cuxo custo asume Igualdade.

A plataforma quere dar resposta ás características da poboación derivadas da inmigración, asegurando que as mulleres teñan un acceso axeitado á información e aos recursos dispoñibles, atención psicolóxica, prestacións económicas, centros de acollida ou asesoramento xurídico. O sistema permite ás usuarias comunicarse telefonicamente cunha intérprete, dende calquera centro no que se atopen, un CIM, unha casa de acollida ou calquera entidade adherida; así como o establecemento de chamada a tres.



Dende a posta en marcha deste servizo hai un ano, un total de 70 CIMs en Galicia prestan xa esta atención multilingüe para usuarias estranxeiras. En canto aos idiomas, o chino mandarín, árabe e romanés son os máis demandados. Por provincias, as mulleres residentes na Coruña foron maioritariamente as que máis se comunicaron coa plataforma de teletradución.

As TIC a xuventude

- **A XIII edición de Galicia xuventude.net, celebrada en maio, contou con máis de 8.000 asistentes.**

A Dirección Xeral de Xuventude promoveu durante o ano 2012 diversas actividades para fomentar a participación dos máis novos en temas relacionados coas TIC. Así, organizou xunto coa Garda Civil 26 obradoiros sobre seguridade na rede dirixidos aos mozos e mozas, así como aos seus pais, cursos onde abordar os comportamentos e aptitudes para evitar os casos de acoso escolar e informático.

No mes de febreiro do 2012, convocouse a XVIII edición do premio “Euroscola”, un concurso en liña sobre asuntos europeos formado por equipos de 10 alumnos. Tratouse dun xogo na rede, de habilidades, participación, traballo en equipo, destrezas e coñecemento vinculados a temas de transcendencia europea.

En maio, celebrouse a XIII edición de Xuventude Galicia Net, unha edición centrada nas oportunidades de traballo baseadas nas novas tecnoloxías. Esta xuntanza, a de maior tamaño de Galicia, celebrouse en Santiago e contou coa participación de varios expertos na materia e a asistencia de máis de 8.000 persoas.

En xuño, promoveuse a participación nun concurso de arte dixital a nivel europeo “Imaxina Atlántica”, un proxecto para favorecer a cooperación, o intercambio de experiencias e o traballo conxunto de estudantes e artistas de diferentes países.



TIC e a promoción e acceso aos contidos en formatos dixitais

- A Biblioteca Dixital de Galicia continúa a recoller fondos bibliográficos e actualizouse o portal web de Arquivos de Galicia para favorecer o acceso ao patrimonio documental
- Entrou en vigor a Lei de Bibliotecas de Galicia para adaptar a xestión das bibliotecas ao contexto dixital: centros produtores e provedores de información, novas infraestruturas de comunicación e novos servizos

O patrimonio cultural

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria presentou en xuño unha nova porta de acceso aos arquivos de Galicia (<http://arquivosdegalicia.xunta.es/portal>), co obxectivo de mellorar a consulta en liña de contidos relacionados cos arquivos de interese galego, así como facilitar a procura de información.

A presentación do portal web tivo lugar no Arquivo de Galicia, na Cidade da Cultura, dentro dos actos de celebración do Día Internacional dos Arquivos, que se celebra o 9 de xuño en todo o mundo e nela expresouse o compromiso de facilitar a conservación e a difusión de fondos documentais e a adaptación aos contornos dixitais.



Ademais, os fondos culturais de Galicia integrados en Galiciana, a Biblioteca Dixital de Galicia recibiron un impulso no 2012, logo da sinatura de sendos convenios, coa Fundación Granell e a Fundación Penzol.

No primeiro caso, o convenio servirá para a recuperación, conservación e difusión do fondo bibliográfico e artístico do pintor galego. Ademais a dixitalización dos fondos, un total de 3.602 rexistros e 1.380 imaxes, permitirá que este patrimonio sexa accesible e poida ser estudado por calquera cidadán.

Lei de Bibliotecas de Galicia

A Lei 5/2012 de Bibliotecas de Galicia publicouse no Diario Oficial de Galicia o 27 de xuño e nela adóptanse as previsións básicas para adaptar a xestión das bibliotecas galegas ao contexto dixital, unha obriga que se presenta tanto na Lei estatal 11/2007, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, así como na Recomendación (2006/585/CE) da Comisión Europea, sobre dixitalización e accesibilidade en liña do material cultural e a conservación en soportes dixitais.



As ditas normativas establecen prazos e sistemas concretos de incorporación dos sistemas de xestión documental ao ámbito dixital, así como os dereitos da cidadanía a ser usuaria de tales sistemas e a relacionarse electronicamente coas administracións polo que era precisa a súa adaptación ao ámbito autonómico.

A lei define a biblioteca dixital, e entre os principios e valores de actuación aplicables en materia de bibliotecas recóllese a necesaria adaptación ao ámbito dixital e multimedia, xa que os servizos bibliotecarios poderán ser prestados de modo presencial ou mediante procedementos telemáticos. Tamén, recolle a obriga dos poderes públicos galegos de impulsar a dixitalización do material cultural e o seu acceso en liña a través das bibliotecas das que sexan titulares.

Transforma TIC

O sector empresarial das tecnoloxías da información e a comunicación está considerado nos documentos de definición da Axenda Dixital de Galicia como un sector tractor dos outros sectores industriais de Galicia, é como un sector capaz de consolidar un ámbito empresarial, innovador e xerador de emprego.

Ademais segundo os datos do INE, Galicia é a sexta Comunidade Autónoma con maior número de empresas do sector TIC, un sector que malia que a actual conxuntura económica, aumenta o número de empresas e mantén a súa capacidade de emprego por riba dos 15.000 traballadores, practicamente sen cambios nos tres últimos anos. Empregados que teñen titulación en carreiras tecnolóxicas de grao superior, no 38,1% dos casos e un 21,9% con ciclos formativos TIC superiores ou medios.

2,2 millóns

Axudas do IGAPE
ao hipersector TIC

No 2012, o número de empresas do sector TIC de Galicia acadou a cifra de 1.976 e experimentou un crecemento dun 4,2% respecto a 2011, os mellores datos estatais. O nivel de emprego no sector tecnolóxico situouse nos 15.484 traballadores, o que representa o 1,6% da poboación ocupada galega, porcentaxe que se mantén invariable dende o ano 2009.

O valor engadido bruto (VEB) do sector TIC galego representou o 2,14% do PIB de Galicia e o volume de negocio das empresas TIC galegas superou os 2.234 millóns de euros no ano 2011, correspondendo un 84,9% do volume de negocio a clientes galegos e un 13,3% ao resto de España.

Nunha enquisa realizada polo OSIMGA constátase que as empresas TIC galegas están a apostar firmemente polo potencial da innovación: un 26,5% das empresas TIC desenvolveu actividades de I+D+i no período 2009-2011, lixeiramente por riba do período anterior; así como á necesidade de formación para adaptarse ás cambiantes necesidades do sector.

Por iso, dende a Xunta de Galicia as liñas de actuación para o apoio ao sector están enfocadas á dotación de mecanismos para facilitar a consecución de fondos económicos que posibiliten o desenvolvemento de novos produtos e permitan a internacionalización dos seus mercados. Por unha banda, a través de organismos de apoio ao investimento propios como o IGAPE, con fondos tecnolóxicos I2C, coa promoción de fondos europeos Feder-Innterconecta, etc.

2.985

Horas formación no
CNTG

Por outra banda, o apoio a formación tecnolóxica especializada, para os traballadores ocupados e desempregados que optan a un posto de traballo. Unha labor que está a desenvolver o Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia, no que anualmente se imparten case 3.000 horas de formación. No 2012 realizáronse 58 cursos nos que participaron case 900 persoas. Outra característica do centro é que a maior parte da formación permite o acceso a probas de certificación finais de coñecemento.

O apoio ao sector empresarial das TIC

- Galicia avoga por consolidar un sector TIC competitivo, innovador e xerador de emprego cualificado, capaz de facer fronte aos retos da nova economía do coñecemento: fondo I2C, Interconnecta, InnovaSaúde, etc.
- A través do programa FEDER InterConnecta, a Xunta está a investir case 30 millóns para o desenvolvemento de 26 proxectos tecnolóxicos
- O programa TICemprende impulsou unha serie de obradoiros para á implantación efectiva de procesos de mellora nas empresas TIC galegas

Instrumentos financeiros para as empresas TIC

A Consellería de Economía e Industria na súa aposta pola colaboración entre empresas galegas do sector das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) como fórmula para avanzar na mellora da súa competitividade e a súa internacionalización realizou diversos eventos no 2012.

En xullo, unha xornada organizada por Xesgalicia en colaboración co Clúster TIC para explicar os diferentes instrumentos financeiros especializados existentes en Galicia, como os fondos de capital risco i2C, XesInnova, XesPosibilita ou Emprende, dotados con 23 millóns de euros, para facilitar a posta en marcha ou o desenvolvemento de proxectos especialmente innovadores, alén de programas como o Primex, que xa facilitou a colaboración de máis de 150 empresas.

Ademais en novembro, tamén se puxeron en marcha uns cursos de formación especializada para clústers, un ciclo de formación especializada no que participan 25 técnicos e xerentes destas agrupacións sectoriais de Galicia.

Este programa formativo, con actividades presenciais e on-line, inclúe contidos que abranguen a visión estratéxica dos clúster como organizacións estratéxicas para impulsar a mellora da competitividade das empresas a través da cooperación, os modelos de xestión de iniciativas e proxectos de internacionalización agrupada e aspectos referidos aos ámbitos xurídico, fiscal ou de comunicación.



Fondo Tecnolóxico I2C e programas europeos

Durante o 2012, comezaron a executarse proxectos vinculados ao Fondo Tecnolóxico I2C, un fondo de capital risco dotado de 20 millóns de euros, e destinado a favorecer posta en marcha de proxectos cunha forte compoñente de I+D+i e con grandes perspectivas de internacionalización. Destináronse 4,16 millóns de euros a catro empresas galegas de base tecnolóxica.

Tamén, púxose en marcha o programa Feder - Innterconecta 2012 para Galicia, orientado ao desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos novidosos en áreas con proxección económica e comercial a nivel internacional e que supoñan un avance para Galicia en termos de crecemento empresarial e creación de emprego.

No marco desta convocatoria foron subvencionados un total de 26 proxectos que implican a participación de 106 empresas galegas, destinando un total de case 30 millóns de euros de fondos públicos. Isto, sumado a un investimento privado inducido de aproximadamente 30 millóns, suporá un total de 60 millóns de euros para o desenvolvemento de grandes proxectos innovadores na Comunidade.

Ademais salientar a posta en marcha de axudas do Ministerio de Industria para o desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos innovadores, destinando para o ano 2012 un total de 48 millóns de euros en subvencións, e 485,5 millóns de euros en préstamos. As axudas están dirixidas a todo tipo de sectores produtivos para impulsar as TIC como peza chave do crecemento empresarial.

Os proxectos presentados deben achegar solucións innovadoras próximas ao mercado en catro liñas de actuación: a competitividade da PEME; Smart Cities e administración electrónica; contidos interoperables e sen fronteiras, e servizos nun ámbito de mobilidade, impulsando a incorporación de tecnoloxías prioritarias como "Cloud Computing"; sistemas de seguridade para o usuario e Apps.



TICEmprende

Dentro do Programa TICEmprende, a Consellería de Economía e Industria puxo en marcha este ano 2012 unha serie de obradoiros prácticos, realizados en Vigo, Santiago e A Coruña, cos que se pretendía contribuír á implantación efectiva de procesos de mellora nas empresas TIC galegas.

No obradoiro, realizado en Vigo, presentáronse novas tendencias e oportunidades de negocio para as empresas TIC orientadas aos seus procesos de innovación e a afianzar o seu posicionamento no mercado. O programa formativo baseouse nunha metodoloxía de traballo asistida, interactiva e eminentemente práctica, analizando a casuística das empresas participantes e presentáronse as ferramentas estratéxicas utilizadas polas empresas líderes e explicouse cómo se podían adaptar para poder ser usadas por entidades de menor tamaño.

Outro dos obradoiros celebrado na Coruña, tivo como finalidade conseguir que os xestores puideran liderar con éxito procesos de branding TIC corporativo e de desenvolvemento de marcas en liñas de negocio, proxectos e produtos neste sector.

Por último, nos celebrados en Santiago as materias tratadas foron: as oportunidades de negocio baseadas en software libre e ecosistemas open, por lado, e deseño rápido de novos modelos de negocio, no outro.

O apoio aos emprendedores TIC

- **O proxecto, Obxectivo Emprendemento TIC, un portal de referencia para o emprendemento TIC en Galicia**

A Consellería de Economía e Industria promove o emprendemento no ámbito das TIC mediante un portal específico, posto en marcha no 2012: Obxectivo Emprendemento TIC, dispoñible no enderezo <http://oetic.bicgalicia.es>, unha nova ferramenta de información, aprendizaxe e apoio para emprendedores, promotores de proxectos e empresarios do sector das TIC de Galicia.

O portal naceu coa finalidade de contribuír a fomentar iniciativas emprendedoras TIC en Galicia, servir de fonte de actualización do coñecemento, ofrecer información e contactos de interese para emprendedores e, en definitiva, ser un espazo de colaboración para o desenvolvemento de proxectos profesionais.

Está estruturado en cinco grandes áreas: Achégate ao sector; Espazo do Emprendedor; Carteira Tecnolóxica, Espazo de Colaboración; e Axenda TIC.

En 'Achégate ao sector', pódense encontrar enlaces á información sobre indicadores, publicacións, informes e estudos do sector TIC e da área do emprendemento, así como a información sobre os diferentes servizos sen custo ofertados por asociacións e entidades TIC aos usuarios.

No 'Espazo do Emprendedor' ofrécense enlaces á información sobre modelos de negocio, guías e manuais de apoio, así como ao espazo de asesoramento da Rede Mentoring, a información sobre posibilidades de financiamento e internacionalización de proxectos e á biblioteca práctica de Innovación 'Aprende a Innovar'.

No apartado de 'Carteira Tecnolóxica', inclúense enlaces á información sobre oferta de servizos tecnolóxicos na área das TIC, así como á información sobre aspectos como a vixilancia tecnolóxica, a transferencia de tecnoloxía, e a protección e explotación dos resultados de I+D+i.

En 'Espazo de colaboración' hai información sobre tecnoloxías emerxentes, demandas de emprego, normativas, licitacións, concursos, etc. E en 'Axenda TIC' o usuario pode atopar enlaces á información sobre noticias, eventos, posibilidades de formación, redes sociais ou blogs da área das TIC.



Apoio ás iniciativas empresariais de base tecnolóxica (IEBT)

- **Traballo destinou 500.000 euros para a creación de 30 empregos de base tecnolóxica en Galicia**

O programa de apoio ás iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT) é un instrumento para a dinamización da vocación emprendedora e para aproveitar o potencial das persoas dedicadas á investigación e das persoas con titulación universitaria como xestores dos seus proxectos empresariais innovadores, así como apoiar e fomentar a transferencia do amplo coñecemento creado nas universidades e nos centros de investigación en proxectos xeradores de riqueza e de emprego.

A Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Promoción de Emprego, destinou en 2012 un orzamento de 500.000 euros para a creación de 30 postos de traballo de base tecnolóxica. Logo do proceso de convocatoria aprobáronse 16 novos proxectos, sete vinculados coa biotecnoloxía, cinco con actividades de enxeñería e de consultoría e os outros catro para promover actuacións en sectores concretos como a xestión de sistemas culturais.

O apoio a I+D+i

- **Creada a Axencia Galega de Innovación, un organismo para optimizar a eficiencia e a xestión das políticas de I+D+i**

O Diario Oficial de Galicia publicou en xaneiro do 2012 a creación e os estatutos da Axencia Galega de Innovación (AGI), un organismo adscrito á Consellería de Economía e Industria para fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas e impulsar o crecemento e a competitividade das empresas, a través da implementación de estratexias e programas de innovación eficientes. Un xeito de poñer en valor o coñecemento desenvolvido polas empresas, universidades e centros tecnolóxicos e de investigación.

A Axencia vai utilizar tres instrumentos de apoio contemplados na estratexia do Plan i2C: o Observatorio da Innovación en Galicia, o Rexistro de Axentes do Sistema Galego de Innovación e a Plataforma de innovación de Galicia.

Tamén púxose en marcha unha web (<http://gain.xunta.es/>) con toda a información sobre os sistemas de innovación: rexional, nacional e internacional, xunto co organigrama da entidade e información dos proxectos nos que participa.



A formación dos profesionais TIC

- **Máis de 3.000 profesionais formados no CNTG dende a súa creación, unha formación especializada e, xeralmente, coa posibilidade de certificación**

No 2012 case 900 persoas formáronse no Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (CNTG). Dende a súa posta en marcha, a cifra supera as 3.000, das que ademais a maioría ten acadado unha certificación profesional, unha aposta realizada polo centro para ligar as actividades formativas á posibilidade de certificación.

O obxectivo deste centro é impulsar a formación dos traballadores, ocupados e desempregados, do sector TIC galego; así como poñer en valor a formación tecnolóxica especializada. Ademais, a súa oferta dota dun carácter social ás súas actividades ao permitir o acceso de balde a unha formación que, doutro modo, ben polo seu alto custo ou ben pola súa falta de oferta na comunidade autónoma, non se podería impartir.

Durante este ano, o centro realizou 58 cursos, un 18% máis que no 2011, e deles 48 coa posibilidade de certificación. O número de horas formativas alcanzou as 2.985, a cifra máis alta dos últimos anos e o número de admitidos as prazas convocadas achegouse a 888, un 20% máis que no 2011.

Por perfís das persoas que realizaron os cursos, en canto ao xénero, o 82,3% foron homes e o 17,7% mulleres, porcentaxes ambos semellantes aos acadados nos anos anteriores.

No referido, ao perfil profesional, o 52,9% eran empregados de empresas privadas, o 41,8% desempregados e o resto, 5,3% traballadores de organismos públicos. Tamén, con valores parellos aos dos anos anteriores.

Todos os cursos son intensivos e orientados ao mundo laboral, e con adaptación continua aos novos produtos e versións, de xeito que o alumnado se forma en tecnoloxías con implantación no mercado e coas que se vai encontrar nos postos de traballo. Para o acceso aos cursos, é precisa a superación dunha proba de carácter técnico que avalíe, entre os solicitantes, os coñecementos previos necesarios para a súa realización.

Logo dos cursos, realizase unha enquisa para poder determinar o grao de inserción laboral dos asistentes e o nivel de satisfacción. Segundo os últimos datos dispoñibles, do curso 2010/2011, o 51,5% dos desempregados asistentes ás actividades formativas conseguiron a inserción no mercado laboral. No referido ao persoal ocupado, o 72% dos enquisados afirma utilizar os coñecementos adquiridos no seu traballo diario, e un 41% respostou ter acadado unha mellora laboral, ben na propia empresa na que presta servizo ou como consecuencia dun cambio de compañía ou organización.

As enquisas, anónimas e individualizadas, que cubre unha porcentaxe de asistentes superior ao 95% tamén serven para amosar os niveis de satisfacción en diferentes aspectos relacionados coa formación recibida: docencia, docentes, curso en global, mellora de coñecementos, servizo e persoal do centro. Durante o último curso 2011/2012 acadáronse valores de arredor do 8,8 sobre 10 en case todos os aspectos.



As TIC e o audiovisual galego

- Todos os organismos relacionados co mundo audiovisual integráronse en Agadic para dispor dunha xanela única, e facer un uso máis eficiente dos recursos dispoñibles
- Agadic puxo en marcha unha CanleTV para a exhibición e difusión da produción audiovisual galega en Internet

O ordeamento administrativo e as axudas ao sector audiovisual

No 2012, levouse adiante a disolución do Consorcio Audiovisual de Galicia e súa integración na Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC), unha decisión tomada co obxectivo de dotar ao sector dunha xanela única, eliminar duplicidades, ademais de conseguir un aforro efectivo de preto de 400.000 euros.

Respecto das axudas ao sector audiovisual, na convocatoria do 2012 a Xunta de Galicia dispuxo de case 2,9 millóns de euros para as producións ou coproducións audiovisuais en lingua galega.

Estudos e formación TIC en relación ao sector audiovisual

Outra das actuacións desenvolvidas no 2012 pola Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC) foi a realización de actividades formativas ligadas ao sector. En febreiro, en colaboración coa Universidade de Santiago e a Asociación de Produtoras Independentes (AGAPI) celebrouse unha xornada “A obra audiovisual. Propiedade intelectual e contexto dixital”, co obxectivo de incidir no papel das tecnoloxías e para ampliar o abano de posibilidades dos produtores e creadores do ámbito audiovisual.


En xullo, presentouse o libro “*Economía de la Cultura y la Comunicación en la Era Digital*” unha edición promovida polo Lapid (Laboratorio Permanente de Industrias Culturais) na que se recollen as 32 investigacións presentadas no marco do I Foro Internacional INDCREA, organizado o ano anterior pola Consellería de Cultura e Educación xunto co Consello da Cultura Galega. O volume está dividido en catro grandes apartados que fan referencia ás industrias creativas e da comunicación no marco da Axenda 2020, á xestión estratéxica e aos modelos de negocio vinculados ás redes e ás TIC, as oportunidades e riscos que comporta a sociedade dixital e as análises sectoriais que deben servir de base para afrontar os desafíos de futuro.



Por outra parte, o II foro Internacional INDCREA tamén celebrado en xullo, entre o 17 e 19 na illa de San Simón, centrouse na cultura emprendedora e innovadora, dende a importancia económica e cultural no contexto da globalización ata o ecosistema creativo, innovador, colaborativo e comercial da cultura dixital, a problemática e os novos modelos de negocio na industria cultural, o potencial e as marcas nas redes sociais, o impacto do cambio do paradigma dixital, a alfabetización mediática, a divulgación científica, etc.

CanleTV, portal para a difusión audiovisual en Internet

En marzo do 2012, a Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria inaugurou CanleTV (<http://canletv.agadic.info/>), un novo servizo de vídeo en liña destinado á promoción e difusión da creación audiovisual galega cun obxectivo exclusivamente cultural e divulgativo. Unha canle na que os internautas poden acceder de xeito gratuíto a un amplo catálogo de filmes que poden visionar en *streaming*. CanleTV é xa unha filmoteca de máis de 120 títulos, cifra á que se irán sumando novas incorporacións, e na que teñen cabida longametraxes, curtas, videoclips e trailers, entre outros formatos.



As obras están clasificadas en torno a seis categorías principais: ficción, animación, documental, experimental, videoclips e adiantos, cada unha delas cos seus correspondentes subapartados e etiquetas (*tags*) referentes aos xéneros e temáticas nas que se inscriben, de acordo coa información facilitada polos propios autores ou propietarios.

EconomiC-IT

Segundo dos datos correspondentes á “Enquisa ás Empresas sobre a Sociedade da Información en Galicia 2012”, elaborada polo o Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA) a práctica totalidade das empresas galegas de 10 ou máis traballadores e tres de cada catro microempresas dispoñen de conexión a Internet contratada.

Este último segmento empresarial experimentou un crecemento do 17,6% no período 2010-2012, evolucionando dunha porcentaxe do 63,8% no ano 2010 ao 75% en 2012. En ambos casos o crecemento supera a media estatal e é especialmente significativo no caso das microempresas, está dez puntos por riba da do conxunto do Estado.

652

Participantes nas
actividades do
CDTIC

En Galicia existen, segundo datos do IGE, un total de 211.611 empresas, das que 201.829 (95,4%) contan con menos de 10 traballadores e 9.782 con 10 ou máis empregados. Catro de cada cinco teñen dous ou menos traballadores (83,1%) e máis da metade (56,1%) son autónomos. Nas provincias da Coruña e Pontevedra concéntrase o 74,3% do total de empresas galegas.

En canto a dispoñibilidade de páxina web as empresas galegas converxen coa media estatal. Nas empresas de 10 e máis traballadores con conexión a Internet, a dispoñibilidade de páxina web acada o 70,1%, cun crecemento do 8,2% dende o 2010. O 28,9% das microempresas que dispoñen de acceso a Internet conta con páxina web, e valores moi semellantes á media estatal (28,6%).

As redes sociais abren unha nova vía ás empresas galegas para difundir e consolidar a súa imaxe de marca. Un 19,4% das empresas de 10 e máis traballadores e o 12,9% das microempresas galegas con conexión a Internet teñen presenza activa nas redes sociais.

Respecto do comercio electrónico, a venda de bens e servizos en liña, medra de forma moi significativa dende o ano 2010. Un 41,6% das empresas de 10 e máis empregados compraron a través de Internet e un 25% venderon a través da Rede. No caso das microempresas, as porcentaxes de compras e vendas a través de Internet sitúanse no 25,2% e no 11,9%, respectivamente.

400

Solucións tecnolóxicas no CDTIC

Estes resultados confirman a necesidade de seguir a apoiar as empresas, especialmente ás microempresas, unha labor que se desenvolve a través do Centro Demostrador das TIC, un punto de encontro entre a oferta e a demanda tecnolóxica, un centro no que

no ano 2012 se realizaron 32 actividades para a presentación de 36 solucións demostradoras nas que participaron 652 persoas de diferentes sectores empresariais.

Ademais o Centro dispón do mapaTIC.gal, unha plataforma na que se rexistran as solucións e servizos das empresas tecnolóxicas galegas. A finais do 2012 había documentadas 400 solucións de 178 provedores.

Outras actuacións destacadas do 2012 corresponden a posta en marcha dun portal para o comercio galego, as solucións tecnolóxicas para as lonxas de pesca, a Oficina Agraria Virtual ou as solucións aportadas para as pequenas empresas de turismo de Galicia, desenvolvidas en software libre e que van ser liberadas.

Centro Demostrador das TIC (CDTIC)

- Máis de 650 profesionais de diversos sectores asistiron ás 32 actividades desenvolvidas no 2012 no Centro
- O 70% dos participantes nas demostracións manifestaron o seu interese en implantar no seu negocio as solucións tecnolóxicas presentadas
- Un 92% dos asistentes accederon a produtos, servizos e provedores tecnolóxicos que non coñecían ata o momento

O Centro Demostrador TIC (CDTIC) en cifras

O CDTIC, promovido pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, é froito dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo. Ten como obxectivo facilitar ás empresas do sector tecnolóxico os medios para achegar a súa oferta de produtos ás empresas doutros sectores produtivos. O Centro constitúe un punto de encontro entre a oferta TIC e a demanda tecnolóxica do tecido empresarial galego.

Deste xeito, as empresas TIC poden desenvolver solucións innovadoras adaptadas ás necesidades de mercado de empresas doutros sectores produtivos, que poden acceder a información dos produtos e servizos TIC máis axeitados para optimizar os seus negocios, así como trasladar demandas concretas ás empresas do ámbito tecnolóxico.

Ao longo do ano, o Centro demostrador realiza sesións demostradoras, talleres de formación, encontros tecnolóxicos e xornadas de difusión de iniciativas internacionais, nacionais e autonómicas no ámbito das TIC. Un conxunto de actuacións para ofrecer o formato máis axeitado a cada tipo de produto ou servizo.

No 2012, o Centro Demostrador realizou 32 actividades, coa colaboración de 24 empresas demostradoras, nas que se presentaron 36 solucións tecnolóxicas a 257 empresas asistentes, e nas que participaron 652 persoas. Ademais realizáronse case 26.000 accións directas de difusión.

Tamén, o Centro ofreceu 150 horas de formación especializada a través de 15 talleres, onde os asistentes puideron adquirir coñecementos sobre *Cloud Computing*, aplicacións para teléfonos intelixentes, comercio electrónico, redes sociais como ferramenta de marketing dixital e as últimas novidades sobre realidade virtual e aumentada.



Comparando os datos cos do ano anterior, pódese observar un incremento relativo do 64% no número de asistentes e dun 38% no número de actividades.

Outros datos significativos son os referidos aos asistentes ás diferentes actividades. Así, en canto ao tipo de ocupación, a maioría (45%) eran empregados por conta allea; por provincias, o 45% eran de A Coruña e por sexo, os homes representaron o 72% do total.

Outra variable examinada na memoria anual do Centro Demostrador foi a tipoloxía das empresas, o bloque máis numeroso de asistentes corresponde a microempresas (1-10 traballadores) co 17,6% e as pequenas empresas (11-50 traballadores) co 15,4%.

Respecto ás empresas demostradoras, o 48 % foron de A Coruña, o 33% de Pontevedra, o 14% de Ourense e o 5 de Lugo. Por tamaños, o 76% eran empresas de menos de 50 traballadores. Por último, en canto as temáticas presentadas, as de maior interese foron: comercio electrónico, redes sociais, marketing dixital, mobilidade e software libre.

O Mapa de Capacidades Tecnolóxicas de Galicia. MapaTIC.gal

Outro alicerce dos servizos que o CDTIC ofrece é o MapaTIC.gal (<https://cdtic.xunta.es/mapatic/>) unha plataforma web que ten como obxectivo servir de punto de encontro virtual entre as empresas TIC e as empresas doutros sectores que demandan solucións tecnolóxicas.

A finais do 2012 o MapaTIC superou a cifra de 400 solucións tecnolóxicas, ofertadas polos 178 provedores tecnolóxicos galegos rexistrados. As solucións de xestión empresarial (37%) e os servizos de auditoría e consultaría tecnolóxica (43%) compoñen a meirande parte da oferta tecnolóxica no MapaTIC.gal.

O perfil predominante de provedores TIC no MapaTIC.gal é o de unha micropeme da provincia da Coruña. No computo xeral as micropemes (52%) e as pequenas empresas (25%) son as de maior presenza.

Por categorías de produtos, o grupo máis numeroso, 37% son as solucións de xestión empresarial e na categoría de servizos, o 43% corresponden a auditoría e consultoría.

Finalmente, no referido ás demandas de tecnoloxía, 24 en total, a maioría foron das provincias de A Coruña e Pontevedra (21) e o 11% do pequeno comercio.



Beneficios aportados

En relación á valoración das actividades por parte dos asistentes, o valor obtido no 2012 foi dun 4,03 de satisfacción media nunha escala de 1 a 5 nas empresas asistentes e dun 4,34 nas empresas demostradoras.

Por outra parte, en termos do impacto das actividades, segundo unha enquisa realizada polo Centro Demostrador TIC (CDTIC), o 30% das empresas que presentaron un produto ou servizo lograron pechar unha venda entre os profesionais asistentes ás sesións demostradoras. O indicador ascende ao 41% no

caso das empresas TIC que recibiron solicitudes para a elaboración de orzamentos.

**400 solucións
tecnolóxicas, de
178 provedores**

Outro dos datos destacables, no caso dos profesionais asistentes, é que un 70% manifestou estar interesado en implantar algunha das solucións presentadas, aínda que non solicitaran orzamento ou materializaran a compra. O contexto actual de crise económico e a dificultade de acceso ao financiamento son os principais motivos alegados polos asistentes para non traducir ese interese nunha compra. Tamén, o 92% dos asistentes ás presentacións do CDTIC indicaron que accederon a solucións e provedores tecnolóxicos que non coñecían ata a súa participación.

Centro piloto de tecnoloxía LTE

O Centro Demostrador TIC alberga, dende xullo do 2012, un dos primeiros despregamentos piloto de tecnoloxía 4 G de España, grazas a colaboración entre Telefónica e a Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

O laboratorio tecnolóxico da tecnoloxía 4G, un dos primeiros a nivel estatal, é un excelente escenario sobre o cal as empresas do sector TIC galego poden levar a cabo demostracións e probas dos seus desenvolvementos. Trátase do primeiro punto de acceso 4G dispoñible de xeito permanente en Galicia, previo a un futuro despregamento territorial de Telefónica en Galicia.

En outubro, persoal da plataforma tecnolóxica das telecomunicacións, Gradiant, convertéronse nos primeiros usuarios da infraestrutura dispoñible no centro.

Formación TIC no ámbito empresarial

- **A Biblioteca de Innovación de Economía e Industria achega ás pemes recursos para mellorar en competitividade, máis de 4.000 descargas de publicacións dixitais especializadas**
- **Os programas de apoio á formación da Consellería de Traballo e Benestar suman 679 cursos en materias TIC con máis de 20 mil alumnos**

Biblioteca Práctica de Innovación de Galicia

A Consellería de Economía e Industria, a través do Igape, vén de poñer a disposición dos empresarios e emprendedores galegos a Biblioteca Práctica de Innovación de Galicia “Aprende a innovar”, unha ferramenta en liña que ten por obxectivo contribuír á difusión de ideas innovadoras para facilitar a mellora competitiva das empresas.

Nesta colección dixital, á que se pode acceder na web, ofrécese de xeito gratuito unha trintena de títulos dispoñibles en galego e castelán tanto para Ipad ou libro electrónico como en pdf, dos que case unha terceira parte están moi relacionados coas TIC. (<http://aprendeainnovar.igape.es>)

No 2012 publicáronse 12 títulos entre os que están: Opendata, i-Economía, web semántica, Internet dos obxectos, Liderado e innovación 2.0. A finais do 2012 xa se levaban realizadas máis de 5.500 descargas.

Programas de apoio á formación dos traballadores

A Consellería de Traballo e Benestar desenvolve dende hai uns anos programas de axudas á formación dos traballadores, cursos para empregados, para desempregados, para sectores concretos da economía e plans intersectoriais, incluíndo tamén aos autónomos.

No 2012, os plans aprobados alcanzan a 679 cursos que realizaron 20.371 traballadores dos diferentes grupos mencionados anteriormente.

Ademais, tamén é destacable a teleformación desenvolvida pola plataforma da Consellería de Medio Rural e do Mar. No ano 2012, realizáronse cursos en 22 zonas xeográficas, xa que é obrigatoria unha pequena parte de xeito presencial, con 550 prazas para a obtención do título de Mariñeiro Pescador, un título habilitante para obter a titulación mínima necesaria para poder embarcarse.

Dentro do proxecto Eusumo, unha iniciativa posta en marcha pola Consellería de Traballo e Benestar, co obxectivo de dar resposta á necesidade de crear un entramado específico de servizos de promoción e asesoramento destinado á economía social, realizáronse varios seminarios co título “As novas tecnoloxías e o cooperativismo: ferramentas que facilitan a súa aplicación”.

TIC e o pequeno comercio

- **Economía e Industria aposta pola incorporación do pequeno comercio á rede cun portal de venda en liña**

Portal do comercio de Galicia

Xunto coa Federación Galega de Comercio, a Consellería de Economía e Industria puxo en marcha en febreiro do 2012 un portal de comercio electrónico <http://www.comerciogalicia.es>, enmarcado na constante colaboración para o impulso ao sector, unha plataforma para servir de escaparate para a venda a través de internet para o pequeno comercio galego.

Cun deseño atractivo e sinxelo, o portal ofrece servizos de envío e de pago unificados, así como vantaxes como a venda por lotes. Ademais, os usuarios, que poden adquirir con total garantía artigos de alimentación, téxtil, deportes, electrónica, electrodomésticos ou decoración, poden mercar en distintos comercios cunha soa transacción económica.



Esta ferramenta de información e formación pensada para o comercio de proximidade facilita a creación de novos negocios e a análise da viabilidade de proxectos novidosos, así como diversos servizos interactivos abertos á participación permanente de comerciantes e consumidores. Entre estes, destaca especialmente a posta en marcha dunha asesoría on line que permite realizar consultas rápidas a expertos da Dirección Xeral de Comercio.

TIC e o mundo do mar

- O proxecto TICPESC xa está implantado en 30 portos de Galicia, con máis de 3.500 usuarios

Pesca de Galicia

A plataforma tecnolóxica da pesca (<http://www.pescadegalicia.com/>) ven dando servizos ao sector dende hai anos e da soporte á actividade pesqueira, acuícola e de comercialización do sector do mar en Galicia. Entre outros, documentos de primeira venda e transporte na comercialización pesqueira, notas de venda, documentos de transporte, permisos de explotación e establecementos de acuicultura e marisqueo, etc.

Para facilitar a xestión dos ditos documentos, a finais do 2010 púxose en marcha o proxecto TICPESC, instalando nos portos pesqueiros de Galicia puntos de servizo en lonxas e confrarías, accesibles 24*7.

No 2012, chegouse a 30 puntos instalados, catro máis que o ano anterior. Por outra parte, o número de tarxetas TICPESC pasou de 2.677 no 2011 a 3.541 tarxetas, mentres que o número de documentos emitidos pasou de case 24.000 a máis de 40.700 no 2012.



TIC e o mundo agrario e gandeiro

- Orde de axudas para o uso das TIC nas microempresas do rural de Galicia, cun importe de 441.000 euros
- Creados os rexistros da vide e das explotacións agrarias baseados nos datos das explotacións e dos recollidos nos sistemas de información xeográfica da Xunta de Galicia

Proxectos dinamizadores do rural

A Axencia para o Desenvolvemento Rural (AGADER) publicou no 2012 dúas liñas de axudas relacionadas co uso das TIC nas empresas e asociacións do medio rural. En xullo convocáronse as subvencións adicadas a favorecer o acceso á internet de banda larga vía satélite aos cidadáns e empresas que logo das outras medidas do Plan de Banda Larga non podían dispor deste servizo a través doutra tecnoloxía, unha medida que beneficia aproximadamente ao 6% da poboación.

Ademais a Xunta de Galicia está a investir 2,4 millóns de euros entre os anos 2012 e 2104 para chegar ao 100% da poboación cuberta co servizo de banda larga



e sufragar os gastos de instalación e equipamento para poder conectarse a rede nos lugares onde non é posible con outras tecnoloxías.

Por último, en agosto publicouse unha resolución pola que se publicaban as bases reguladoras de subvencións a proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia promovidos por microempresas para o uso das tecnoloxías da información e as comunicacións, cun orzamento de 441.000 €.

As axudas estaban destinadas á implantación de equipamento físico (hardware) e aplicacións informáticas (software) nas microempresas que desenvolvan a súa actividade económica no rural, para que puidesen aproveitar as TIC xunto co acceso á internet de calidade, no seu proceso de negocio.

Por outra parte, publicáronse no ano dous decretos, o Decreto 256/2011, polo que se regula o potencial de produción vitícola de Galicia, baseado nun Rexistro Vitícola de Galicia (RVG) e o decreto 200/2012, polo que se regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga). Ambos rexistros deberán manter a compatibilidade coa información existente no SIXPAC e facilitar tanto a súa actualización permanente e comprobación regular coma o acceso público aos mesmos, vía internet e a través da Oficina Agraria Virtual (OAV).



Oficina Agraria Virtual

Finalmente, é destacable o avance no uso da Oficina Agraria Virtual (OAV), un proxecto que supón a evolución da oficina agraria física cara á eAdministración e que comezou o seu funcionamento no segundo semestre do 2010 incorporando sucesivamente novos servizos. A finais do 2012, tiña máis de 36.000 usuarios rexistrados e a tramitación telemática xa supón o 95% do total, sendo o trámite máis utilizado as altas por nacemento de gando (71%). Outros trámites son: xeración de documentos de traslado de animais, consulta de movementos, declaración anual do censo das explotacións gandeiras distintas de bovino, etc.

TIC e o apoio ás cooperativas

- [Traballo está a desenvolver a través das redes sociais unha iniciativa para difundir e promover a cultura do cooperativismo, máis de dez mil usuarios ao mes no proxecto Cooperativízate](#)

Cooperativízate

A iniciativa ‘Ánimate a Emprender. Cooperativízate’, posta en marcha pola Consellería de Traballo e Benestar, co obxectivo principal de achegar o

cooperativismo e a economía social aos máis novos dende un punto de vista didáctico e lúdico, fomentar a interactividade e promover a cooperación como proposta para xerar emprego, conta xa con preto de 10.000 usuarios ao mes nas tres grandes redes sociais: Facebook, Twitter e Tuenti.

A estratexia continúa a súa progresión ascendente, dende a súa posta en funcionamento no verán de 2011, e estase a converter nun referente de comunicación para o cooperativismo galego, e mesmo tamén a nivel español. No caso de Facebook, a páxina que se caracteriza pola súa elevada interactividade, acadou no 2012 uns 5.200 usuarios ao mes.

En maio activouse a conta de Twitter, nomeada @cooperativízate, na que se levan publicadas máis de 700 informacións sobre as cooperativas, o cooperativismo e o emprendemento cooperativo, e que contaron cun alcance de 7.751 usuarios. Os tuits divulgados por @cooperativízate tiveron máis de 19.000 impresións e o perfil supera xa os 200 seguidores

Polo que respecta a Tuenti, a páxina de ‘Ánimate a Emprender. Cooperativízate’ conta con máis de 1.000 seguidores, o que a converte na rede cuantitativamente máis numerosa da estratexia. Ten a particularidade de que permite promover o cooperativismo entre os usuarios máis novos, para o cal se publicaron máis de 300 fotografías e preto de 100 vídeos sobre a temática.

O perfil medio do usuarios de ‘Ánimate a Emprender. Cooperativízate’ en Tuenti é o dunha universitaria de 20 anos procedente dunha gran cidade galega e complementa ás outras dúas redes sociais. No caso de Twitter predomina a idade de entre 35 e 55 anos, ademais dun alto grao de deslocalización xeográfica. En Facebook, en cambio, a franxa de idade maioritaria atópase entre os 25 e 34 anos.



TIC e o sector do turismo en Galicia

- Internet e as redes sociais están a ser compoñentes fundamentais para a difusión e promoción do Turismo de Galicia: máis de dez mil entradas no 2012 en 17 redes sociais
- O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e a Xunta de Galicia colaboran para impulsar o uso das TIC no sector hoteleiro e de turismo rural galegos

Internet e as redes sociais

As novas tecnoloxías e Internet son fundamentais en relación co turismo, tanto no apoio na elección de destinos como logo na propia viaxe, facendo suxestións sobre os lugares que visitar, onde atopar hoteis, restaurantes, etc.

Por iso, Galicia foi a primeira comunidade do Estado en implantar un Contact Centre Social Media, no que neste momento estase a dar servizo á presenza to turismo galego en 17 redes sociais: Facebook, Twitter, Youtube, Flickr e tamén un blog.

Ademais na páxina web de Turgalicia hai un apartado, “Acerca de Galicia. Descargas e utilidades”, no que mediante o uso dos smartphones é posible acceder a rutas de sendeirismo, aloxamentos e restaurantes, mapas de estradas, de espazos naturais, rúas das cidades, etc.


A páxina web de Turgalicia rexistrou nos tres primeiros meses do 2012 máis de 550 mil visitas e 3,1 millóns de páxinas visitadas, un 13,92 por cento por riba do mesmo período do 2011. Ademais o Contact Center Social Media de Turgalicia desenvolveu máis de 10.000 accións para a promoción do Turismo de Galicia nas redes sociais. Esta labor veuse recoñecida polos máis de 13.800 seareiros en Facebook, un 31% máis que no 2011, e case 2.000 seguidores en Twitter, un 92% máis que no ano anterior. Na canle de Youtube, rexistráronse 87 novos seguidores e reproducéronse os vídeos máis de 44 mil veces, un 56% máis que no 2011.



Mapa de xeodestinos

A finais do 2011 presentouse o proxecto de Xeodestinos, un novo concepto de ordenación e promoción do destino turístico de Galicia dividindo o territorio en 14 áreas agrupadas segundo as singularidades de cada zona: Rías Altas (Ferrolterra-Eume e A Coruña-As Mariñas), Costa da Morte, Terras de Santiago, Mariña Lucense, Lugo e A Terra Chá, Ancares-Courel, Ribeira Sacra, O Ribeiro, Terras de Ourense e Allariz, Celanova-A Limia, Verín-Viana, Manzaneda-Trevinca, Rías Baixas (Ría de Muros e Noia, Ría de Arousa e Terras de Pontevedra e Ría de Vigo e Baixo Miño) e Deza-Tabeirós.

No 2012 a Xunta de Galicia asinou sendos convenios, para a promoción do xeodestino de Rías Baixas-Rías de Arousa e da Ribeira Sacra. O obxectivo destes acordos pasa por priorizar as accións de promoción, difusión e dinamización dos valores patrimoniais e ornitolóxicos da zona, así como a utilización das novas tecnoloxías ao servizo do turismo: reproducións virtuais do patrimonio e dos feitos históricos máis significativos da comarca; elaboración de contidos e documentación gráfica para os folletos do xeodestino; sinalización de recursos tecnolóxicos de información turística ou o deseño de aplicacións informáticas para os empresarios como informadores turísticos.



Aplicación para xestión de pequenos establecementos

Para axudar ás pequenas empresas do sector turístico galego, no conxunto da comunidade autónoma a cifra de hoteis é de 884 e a de pensións de 1.181, Turismo de Galicia desenvolveu unha aplicación para mellorar a xestión das pensións e para compartir datos estatísticos. A aplicación, presentada en xullo do 2012, pioneira no Estado, foi deseñada polo Instituto de Estudos Turísticos de Galicia e ofrécese de balde aos hostaleiros.

Así o software permite realizar reservas e facturas; procurar e modificar esas reservas ou facturas en función das características de cada pensión e de cada cuarto dispoñible; obter informes de xestión e planings semanais e/ou mensuais de limpeza, de datos de ocupación; isto é, operacións do día a día que afectan á carga de traballo do establecemento hostaleiro.

O desenvolvemento desta aplicación está encadrada no Plan de Acción do Turismo de Galicia 2010-2013, que marcaba como prioritario o apoio ás empresas na aplicación de tecnoloxías para a seu desenvolvemento. O uso do software reportará importantes beneficios aos hostaleiros: contar cun sistema de xestión sen realizar un desembolso económico, xa que non require pago de licenzas e non ter restricións para a súa modificación.

Ademais da xestión interna, a aplicación xera os documentos a enviar tanto ao Instituto Nacional de Estatística como á Policía Nacional, que recibirán cada entrada nos establecementos. A recollida de datos axústase aos estándares de ficheiros destes dous organismos, un método que permite obter datos fiables.

Comparte iniciativas

O conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o presidente da Sociedade Estatal para a Xestión da Innovación e as Tecnoloxías Turísticas (Segittur), asinaron en setembro do 2012 un acordo de colaboración en materia de innovación e desenvolvemento tecnolóxico no sector turístico, acordo que supón a adhesión da Xunta de Galicia á plataforma *Comparte Iniciativas*, unha ferramenta de intercambio de transferencia tecnolóxica en materia turística posta a disposición das distintas comunidades autónomas.

O acordo tamén prevé que Segittur apoie a Galicia na internacionalización das empresas e dos proxectos turísticos innovadores da nosa comunidade, acompañándoos na apertura de novos mercados. Pola súa banda, Turgalicia mostrará o seu avance no uso de ferramentas tecnolóxicas, xa que foi a primeira institución turística de España en contar cun Contact Centre Social Media, o que implicou pasar de prestar aos usuarios turísticos un servizo reactivo a prestar un servizo proactivo.



En novembro, na páxina web www.comparteiniciativas.es púxose a aplicación de xestión de establecementos hostaleiros, mencionada anteriormente, a disposición de calquera profesional español interesado na mesma.

Visitas virtuais

En xullo do 2012, Turgalicia, habilitou na súa web unha aplicación para poder facer visitas con vistas de 360 graos ás cinco catedrais existentes en Galicia, como continuidade ao proxecto de mosteiros do ano anterior. Trátase de visitas fotográficas que posibilitan desenvolver auténticos recorridos turísticos para visualizar e apreciar os seus recursos e detalles arquitectónicos.

A visita realízase a través de imaxes inmersivas e esféricas, permitindo ao visitante internarse en todas as estancias: capelas, retablos, facer xiros, e enfocar detalles para apreciar os elementos construtivos.

A inclusión deste novo servizo virtual na páxina web do Turismo de Galicia, obedece á estratexia de implantación da nova marca turística da Comunidade galega, *Galicia, gárdasme o segredo?*, na que se aposta por chegar aos potenciais clientes turísticos de Galicia un marco de experiencias turísticas que faga máis atractiva a presentación da oferta turística galega.

Ademais, nas oficinas de Turismo estanse a instalar uns paneis nos que alén de ofrecer información turística, permiten realizar enquisas en liña e obter datos do perfil do visitante en tempo real sobre estancia, aloxamento, motivo da visita, duración, transporte utilizado ou aspectos mellor e peor valorados. O servizo comezou a funcionar na oficina de Santiago no verán e logo estendeuse as oficinas de Ferrol, Pontevedra e Vigo.



Formación dos profesionais do sector

Enmarcado no Plan de Formación para a Excelencia Turística da Escola de Organización Industrial (EOI) en colaboración coa Secretaría Xeral para o Turismo comezou a realización no Centro Superior de Hostalería de Galicia dun curso sobre as “Claves das axencias de viaxes no negocio online”.

No curso analizáronse os cambios no mercado da comercialización de viaxes, así como as oportunidades e retos que isto supón para as axencias de viaxes. Os alumnos recibiron información sobre redes sociais, visibilidade en Internet, plan de comunicación e plan de vendas e rendibilidade.

Ademais en colaboración co Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, a través da entidade pública empresarial Red.es, realizáronse nas aulas da rede CeMIT unha rolda de talleres formativos sobre canles online de promoción e comercialización, dirixidos a pemes hoteleiras e aloxamentos de turismo rural.

TIC e o transporte público

- O Plan de Transporte Metropolitano comezou a funcionar na zona de Lugo en novembro e no 2013 funcionará un Sistema de Axuda á Explotación (SAL) para seguir en tempo real todos os servizos regulares de Galicia

En novembro de 2012 estendeuse o servizo de transporte metropolitano á área de Lugo, 124.000 cidadáns desta área beneficiaranse das súas vantaxes, o que supón aforrar unha media de ata 850 euros ao ano por viaxeiro, ademais de que se estima que deixen de circular máis de 500 vehículos diarios na cidade de Lugo e no seu contorno, o que se traduce en diminuír as emisións de CO₂ á atmosfera.

O Plan de Transporte Metropolitano que comezou a funcionar no 2011 nas zonas de A Coruña, Santiago e Ferrol, permite mediante o uso dunha tarxeta-moedeiro que se pode cargar cun mínimo de 5 euros e un máximo de 180, o acceso e pago dos servizos de transporte nas zonas que estea implantada. A finais do 2012 xa se tiñan emitidas máis de 90.000 tarxetas, fronte as 75.000 do ano anterior.

Os piares fundamentais do Plan son: a integración tarifaria, pasando de prezos baseados na distancia xeográfica entre os puntos de orixe e chegada a unha tarifa única para cada ámbito zonal, sen que haxa diferenzas segundo o modo de transporte público utilizado, a empresa que preste o servizo e o número de transbordos; a mellora da oferta de servizos e a mellora das infraestruturas, máis información para a cidadanía nas terminais e puntos de parada.

A tarxeta é unha tarxeta intelixente, sen contactos, con importantes vantaxes para o usuario, tales coma a bonificación por recorrencia (no suposto de que se superen as 40 viaxes mensuais) e a bonificación do transbordo.

Ademais de traballar na extensión ás zonas das provincias de Ourense e Pontevedra, a Xunta de Galicia está a pór en marcha un Sistema de Axuda á Explotación (SAL): un sistema informático que dentro do Plan de Modernización das concesións, seguirá en tempo real todos os servizos regulares de viaxeiros por estrada que se ofrecen na Comunidade.



InfraTeleCom

A liña estratéxica, InfraTelecom, ten por obxecto a dotación das infraestruturas de telecomunicacións necesarias para o desenvolvemento da sociedade da información no seu conxunto. Cidadanía, empresas e as propias administracións son usuarios e o tempo prestadores dos servizos que caracterizan as sociedades actuais, coñecemento, negocios, ocio, case todo faise arredor da Rede.

Por iso, a Xunta de Galicia ven desenvolvendo dende o 2010 o Plan de Banda Larga (PDBL) para achegar as infraestruturas a todos os recunchos coa calidade e velocidade acordes coas demandas dos usuarios. Unha rede que sexa quen de responder ás necesidades actuais e permita o crecemento escalonado segundo se dinamice a demanda.

Logo de tres anos de colaboración público-privada, conxuntando as redes existentes e a capacidade de estendelas do operador público, mixturando tecnoloxías sobre os soportes existentes: par de cobre, cable, redes sen fíos, etc., a cobertura do territorio das catro provincias ten chegado ao 95% da poboación, un valor que sobrepasa as expectativas previstas para o final do PDBL no 2014. Máis de 630 mil persoas con cobertura de banda larga que antes do inicio do Plan.

Outra característica derivada do PDBL é a redución da fenda entre as provincias orientais de Galicia (Lugo-Ourense) e as occidentais (A Coruña e Pontevedra), un valor que pasou de 20 puntos no 2009 a 3 puntos no 2012.

Ademais, o PDBL está a proporcionar liñas a cobertura do territorio mediante as redes de nova xeración (NGA), redes capaces de ofrecer velocidades de 100 Mbps. No 2012, son xa 1,1 millóns as persoas con posibilidade de acceder a este tipo de liñas, 437 mil máis que no 2009.

Neste desenvolvemento, o operador público Retegal está a xogar un papel fundamental, a finais deste ano, xa tiña despregadas 216 torres de telecomunicacións e máis de 1.850 quilómetros de fibra óptica.

Mais todos estes esforzos non serían nada, sen a demanda dos cidadáns, segundo os datos da enquisa de poboación do INE, o 58% dos fogares galegos teñen contratado o servizo de conexión a internet, un 19% máis que a comezos do ano 2010, o maior aumento rexistrado en Galicia nos catro últimos anos e que triplica ao incremento do Estado (6,3%).

Outra infraestrutura importante para a Galicia dos próximos anos é a Rede de Emerxencias de Galicia, unha rede que se licitou no 2012 e que vai supor un investimento de 6,5 millóns de euros. Comezará a instalarse no 2013 e dará a máis de 5.000 persoas dos diferentes colectivos implicados na xestión de urxencias: policía,

95%

Poboación cuberta
con banda larga

216

Torres telecomunic.
na rede de Retegal

6,5 Millo

NS Rede
Emerxencias

bombeiros, protección civil, etc.

Ademais salientar o proxecto do Fogar Dixital, no 2012 elaborouse unha guía para a súa implantación en Galicia, unha referencia para os diferentes colectivos participantes no deseño do fogar do futuro: arquitectos, enxeñeiros, etc.

Por último, mencionar o anteproxecto de Lei de infraestruturas de telecomunicacións, un documento xa aprobado no Consello da Xunta e pendente da tramitación parlamentaria. Unha norma que considera as telecomunicacións como un servizo básico máis, como a auga e a electricidade, así como a inclusión de infraestruturas de telecomunicación en proxectos de obra pública.

O Plan Banda Larga de Galicia 2010-2013

- O Plan de Banda Larga acadou o acceso a Internet ao 95% da poboación, adiantando os obxectivos previstos para o final do plan, 636.000 persoas máis que ao inicio do plan en 2010.
- A fenda entre as provincias de Lugo e Ourense a as do eixo atlántico diminuíu dende 20 puntos porcentuais, no 2009, a 3 no ano 2012
- 1,1 millóns de galegos poden acceder a redes de nova xeración, que permiten velocidades de conexión de 100 Mbps
- A Xunta está a investir 2,4 millóns de euros para facilitar o acceso a Internet vía satélite á poboación das zonas con máis dificultades de cobertura e a incentivar o uso das TIC nas microempresas do rural

No 2012 o Plan de Banda Larga (PDBL) 2010-2013 continuou a súa expansión conseguindo superar e adiantar os obxectivos previstos para o final do plan, acadando o 95% de poboación con posibilidade de acceso a rede, cando o previsto era do 94%. Ademais o 72% dos concellos supera o 90% de cobertura.


En termos absolutos, pasouse de 2.014.000 persoas (71,8%) con cobertura no ano 2010 a 2.657.770 (95%) a finais do 2012. No 2013 o Plan de Banda Larga completará os despregamentos de redes fixas e sen fíos que permitirán superar o 97% de poboación con cobertura de internet e chegar ao 3% restante, que habita nas zonas máis illadas de Galicia, mediante sistemas por satélite.

Dende o seu inicio, a mediados de 2010, o PDBL leva posibilitado ao acceso á rede a máis de 636.000 galegos dos 786.000 que carecían deste servizo. A finais do 2012, o 72% (226) dos concellos galegos teñen xa o 90% da poboación con cobertura de Internet, mentres que antes do plan só dous municipios acadaban esa porcentaxe.

Axudas á contratación do servizo por satélite

Para tratar de resolver esta situación, e reducir os custos das familias e empresas nas zonas sen cobertura, no 2012 a Xunta de Galicia concedeu un total de 676 axudas para contratar a conexión a internet vía satélite. O importe concedido foi de 335.000 euros e o orzamento total previsto ata 2014 é 1.077.000 euros.

Das 676 solicitudes realizadas, a maioría (305) corresponderon a concellos da Coruña, 264 foron realizadas dende municipios da provincia de Lugo e Pontevedra e Ourense concentraron a menor demanda con 67 e 65 altas respectivamente. As axudas tramitáronse a través de cinco empresas provedoras do servizo de Internet vía satélite, acreditadas como entidades colaboradoras pola Xunta, Quantis, Tripla, Duo Telecom, Intermax Technology e Eureka, un xeito contemplado no PDBL para dinamizar a actividade das pequenas e medianas empresas provedoras de servizos de conexión a Internet por satélite.



Servizos públicos

Polo que respecta aos centros de servizos públicos, as seis actuacións do Plan permitiron dotar de acceso á rede a 576 centros, entre educativos, sanitarios, farmacias e xulgados, así como a 19 polígonos industriais.

Quedando a finais do 2012 os seguintes datos de cobertura, 97% dos centros educativos (77% en 2010), 98% dos centros sanitarios (66,5% en 2010), 99% dos xulgados (91% en 2010), 99% das farmacias (93% en 2010) e 99% dos parques empresariais (82% en 2010).

No 2013 está contemplada a cobertura dos 74 puntos de servizos públicos (centros educativos e sanitarios, xulgados, farmacias) e ao único polígono industrial que aínda non conta con acceso á banda larga de calidade.


Redes de Nova Xeración (NGA)

Ademais de facilitar o acceso a internet a todos os galegos, outro dos obxectivos do Plan é impulsar a implantación de redes NGAs, que permiten velocidades de ata 100Mbps, fundamentais para o impulsar o crecemento económico e a innovación empresarial. Galicia é das primeiras comunidades da Unión Europea en incentivar a extensión deste tipo de redes. O Plan permitiu que, ata finais de 2012, sexan xa máis de 1,1 millón os galegos que teñen acceso a estas redes.

Datos xerais por provincias

Cos despregamentos realizados ata agora conseguíuse incrementar a porcentaxe de galegos con acceso á rede do 71% ao 95%. Un incremento especialmente significativo nas provincias do interior. Grazas ao Plan, en Lugo pasouse dun 54% de cobertura a máis do 90% a finais de 2012; en Ourense do 58% ao 96% mentres que na Coruña incrementouse a poboación con posibilidade de acceso á rede do 75% aos 95% e en Pontevedra do 78 ao 97%. Por provincias os datos, sen ter en conta os datos de satélite son os seguintes:

	2010	2012	Previsión final
Coruña	75,5%	94,45%	96,5%
Lugo	54,4%	89,30%	96,0%
Ourense	58,8%	96,63%	97,5%
Pontevedra	78,3%	97,44%	98,0%
Galicia	71,8%	95,00%	97,0%



Por outra parte, tamén se reduciu a fenda dixital entre as provincias orientais (Lugo e Ourense) e as occidentais (A Coruña e Pontevedra), antes do PDBL a diferenza de cobertura era de 20 puntos fronte a 3 puntos porcentuais a finais do 2012, superando así o obxectivo establecido inicialmente para este ano (3,5 puntos).

	2010	2012
Coruña-Pontevedra	76,69%	95,81%
Lugo-Ourense	56,54%	92,86%

No referente a distribución por provincias das redes NGA, sobre o total dos 1,1 millóns de dispoñen de cobertura, o 53,3% son de A Coruña, o 23,7% de Lugo, o 25,8% de Ourense e o 40,1 de Pontevedra.

Liñas de actuación e futuro inmediato

Para acadar os dous obxectivos principais do PDBL definíronse 6 liñas de actuación para o despregamento de redes de telecomunicacións. A finais do 2012 todas estaban xa en marcha e para o 2013, o plan conta cun orzamento de 23 millóns de euros, 21% máis que en 2012.


Deste xeito, posibilitarase a conexión a internet aos 150.000 galegos incluídos que non dispoñían deste servizo a finais do 2012. O obxectivo é iniciar o 2014 cunha Galicia totalmente conectada e que máis de 1,3 millóns de galegos poidan facer uso das redes NGAs, que permiten velocidades de ata 100Mbps.



O PDBL contou ata agora cun investimento público-privado de máis de 182 millóns de euros, dos que 57 foron achegados pola Xunta aos operadores que colaboran no Plan.

Consultas

Para facilitar o coñecemento do despregamento do Plan e poder visualizar os avances do plan no seu núcleo de poboación, os cidadáns e empresas teñen a súa disposición unha aplicación en rede <http://cobertura-pdbl.xunta.es>, e tamén se poden informar en oficina.bandalarga@xunta.es ou no teléfono 981 95 78 68. Ademais a web funciona como rexistro de demandantes do servizo.



Retegal: operador público de telecomunicacións

- O operador público de telecomunicación xa dispón de 216 torres e máis de 1850 quilómetros de fibra óptica instalados

O operador público de telecomunicacións de Galicia, Retegal, é un dos factores clave para ter podido acadar a cobertura prevista polo Plan de Banda Larga, xa que se puideron aproveitar infraestruturas existentes para acelerar e optimizar o despregue, especialmente no rural.

A finais do 2012, Retegal contaba xa con 216 torres e máis de 1.850 quilómetros de fibra óptica postos a disposición do resto de operadores para maximizar os resultados dos proxectos de extensión de redes sen fíos do Plan, ao tempo que se favorecía a competencia. No 2013 construíranse outras 90 torres para garantir a cobertura de Internet no rural.

Pero ademais de colaborar na extensión do PDBL, Retegal está a traballar nun plan para mellorar a eficiencia espectral e enerxética dos servizos de telecomunicacións, o proxecto Green. Un proxecto financiado con fondos europeos e apoiada polo Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI), que conta cun investimento de case dous millóns de euros, un prazo para o seu desenvolvemento de tres anos e no que participan Retegal, Gowex, GST e Gradiant, ademais de Itelsis, como coordinadora.

Tanto no caso da telefonía móbil, como na difusión do sinal de televisión, o cambio de transmisión analóxica a transmisión dixital supoñíase que ían permitir un mellor aproveitamento do espectro e un menor consumo enerxético por canle de comunicación. Moi ao contrario, a realidade deu lugar a un incremento no número dos servizos dispoñibles e un maior consumo destes.

Proxecto GREEN

Por iso, o proxecto GREEN enfócase á busca de solucións que permitan reducir o consumo enerxético que un operador de telecomunicacións necesita para ofrecer unha determinada capacidade de datos aos usuarios.

Os resultados esperados van en liña co plan europeo 20/20/20 que establece un obxectivo de redución dun 20% do consumo de enerxía en Europa a través do uso dun 20% de utilización enerxías renovables e permitindo reducir nun 20% as emisións de gases de efecto invernadoiro. Ademais, fórmase como obxectivo a posibilidade de reutilización de polo menos 310 MHz de espectro radioeléctrico en distintas bandas de frecuencia.

GREEN



Información pública do Plan sectorial

En xullo do 2012, deuse a coñecer para someter a información pública o documento denominado "Plan sectorial de implantación e desenvolvemento das infraestruturas da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia xestionadas por Retegal". Este plan está publicado ao abeiro da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia e do Decreto 80/2000.

Ten por obxecto principal o establecemento dun marco regulador de ordenación xeral para as infraestruturas públicas terrestres de telecomunicacións de Galicia e integra a planificación para a implantación das futuras instalacións e a regularización das xa existentes.

O Plan sectorial, aos efectos de poder delimitar as áreas ou espazos aptos para a implantación de novas infraestruturas de telecomunicación, acometeu con carácter previo un labor de inventario de todas e cada unha das que existen na actualidade, para despois realizar un estudo razoado das necesidades de implantación dos novos centros ou instalacións, de acordo cun horizonte temporal que resultase o suficientemente prolongado como para dotar dunha mínima estabilidade e racionalidade a ese proceso.

En síntese, o Plan sectorial trata de especializar unha política pública ao respecto das infraestruturas da Xunta de Galicia xestionadas por Retegal.

Rede de Emerxencias de Galicia

- [Publicouse en decembro a licitación da Rede Dixital de Emerxencias de Galicia por un importe de 6,5 millóns de euros](#)

Logo do convenio asinado hai un ano polas Consellerías de Presidencia e Administracións Públicas, Medio Rural e do Mar, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e red.es, esta entidade do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo publicou en decembro a licitación da Rede Dixital de Emerxencias de Galicia, por un importe de 6,5 millóns de euros, dos que 4.567.500 euros serán achegados por esta entidade pública, grazas á contribución do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), e 1.957.500 pola Xunta de Galicia.

O obxectivo é que Galicia conte cunha rede de emerxencias propia que integre a todos os colectivos que participan na resolución deste tipo de situacións facilitando unha intervención efectiva e eficaz das unidades implicadas e simplificando as tarefas de coordinación entre elas. A nova rede dixital empregará o estándar TETRA, a tecnoloxía recomendada a nivel europeo para este tipo de comunicacións vinculadas á seguridade pública e empregada en centos de redes de máis de 100 países.



Para crear a nova rede de emerxencias aproveitaranse as infraestruturas implantadas no marco do Plan de Banda Larga e as redes do operador público Retegal, o que permitirá un aforro de 37 millóns de euros en 10 anos respecto ao uso de redes comerciais.

O novo sistema garante a súa dispoñibilidade e a comunicación en situacións extremas ou en casos de saturación das redes móbiles ou fixas. Outras vantaxes desta tecnoloxía que cómpre destacar son: o acceso instantáneo á rede, a posibilidade de incorporación de diversos servizos como a xeolocalización dos efectivos a través de GPS, o envío de SMS a persoas ou grupos, o envío de datos, a consulta de bases de datos, comunicacións encriptadas e a gravación de conversas.

O número inicial de usuario estimados entre efectivos de Protección Civil, Axega, Policía Autonómica, 112, Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais (SPDCIF), Grumir, bombeiros e 061 é de 5.000, que se prevé que cheguen aos 8.000 nun período de 3 a 5 anos.

En canto á cobertura, está previsto un mínimo do 80 % do territorio e do 85 % da poboación, de xeito que se incrementará a cobertura actual do territorio nas accións de prevención e defensa contra os incendios forestais, garantirá un alto grao de cobertura nas principais vías de comunicación, portos, aeroportos e zonas industriais de especial risco. Ademais, existirá unha antena TETRA transportable para un despregamento rápido de cobertura en caso de emerxencia nunha zona que non dispoña da mesma.

Televisión dixital terrestre (TDT)

- [A Xunta actualiza a plataforma web da TDT coa incorporación de novas funcionalidades e unha xestión de contidos máis áxil e atractiva](#)

A plataforma web da Televisión Dixital Terrestre da Xunta (www.tdtgalicia.es) foi actualizada en novembro coa incorporación de novas funcionalidades e unha xestión de contidos máis áxil e atractiva para o usuario, tanto no servizo web tradicional como nas aplicacións para smartphones, iTera, e Webgis.



Máis de 5.000 consultas ao mes

Cunha media de 170 diarias, o que supón máis de 5.000 consultas ao mes, este portal é un referente para os profesionais e técnicos da televisión e para os cidadáns interesados en coñecer o estado de cobertura e as condicións técnicas de cobertura da televisión dixital terrestre na súa área de residencia.

O portal facilita información sobre a situación actual da TDT en Galicia e os datos de cobertura de xeito particularizado para cada entidade de poboación. Tamén se pode descargar a aplicación de realidade aumentada para dispositivos móbiles iTera, desenvolvida pola Xunta de Galicia, que facilita ao usuario unha información pormenorizada da cobertura de TDT en función do emprazamento.

A aplicación iTera presentouse en febreiro do 2012, está baseada no emprego de tecnoloxías de realidade aumentada, que, combinada co GPS, a cámara de fotos do móbil e á conexión ás redes, permite ver na pantalla do teléfono a información dos centros emisores de TDT, datos técnicos e o grao e nivel de sinal de cada un dos múltiplex dixitais.

Fogar dixital

- [Presentouse a Guía do Fogar Dixital, un documento de referencia para establecer as bases e pautas de actuación.](#)


En outubro presentouse a “Guía práctica para a implantación do Fogar e o Edificio Dixital”, un documento para servir de referencia a todos os axentes implicados no seu desenvolvemento: arquitectos, promotores, construtores, técnicos municipais, instaladores, provedores de servizos, enxeñeiros de telecomunicación, etc.

O documento analiza as posibilidades que ofrece o Edificio e o Fogar Dixital, e establece as súas bases e pautas de actuación, recollendo a información precisa, en termos técnicos e funcionais, para a implantación tanto en edificios residenciais e non residenciais. Tamén o relaciona co desenvolvemento das cidades intelixentes “smartcities”, proxectos que están a ter unha gran importancia en Galicia, co proxecto piloto da cidade de A Coruña.

Así mesmo, o documento inclúe unha estimación económica da implantación do Edificio e o Fogar Dixital e analiza o investimento necesario para a preinstalación das infraestruturas nas vivendas.



A guía fai un repaso ás infraestruturas e redes necesarias para a prestación dos servizos, tanto propios como subministrados polos operadores, así como referencia aos servizos actuais e os que chegarán nun futuro próximo. Ademais das ICT (Infraestruturas Comúns de Telecomunicación), para que un fogar sexa considerado “Dixital” deberá estar equipado cunha “pasarela residencial” que permita a interconexión das redes: asistencial, de seguridade, multimedia e de control.



A rede de seguridade está deseñada para poder controlar de forma local ou remota, calquera zona da vivenda e calquera incidencia relativa á seguridade das persoas e dos bens que se atopan na vivenda.

A rede de control ten como finalidade dar soporte a todo tipo de servizos relacionados co aforro enerxético e coa comodidade e confort mediante a automatización de diferentes sistemas,

instalacións ou equipos.

A rede asistencial xurde da necesidade de dar resposta ao envellecemento demográfico, unha realidade no noso país que se ve cada día máis incrementado, e que provoca a necesidade de mellorar a calidade de vida das persoas a través da prestación de servizos sanitarios no fogar a través das TIC: telemedicina, control da medicación a distancia, teleconsulta, medición de parámetros biolóxicos, etc.

Por último, unha rede multimedia que faga posible o desenvolvemento de aplicacións relativas ás comunicacións avanzadas como o teletraballo, a teleformación, a banca electrónica, o comercio electrónico, etc.

A implantación das infraestruturas e servizos permitirán clasificar os fogares en tres niveis: básico, medio e alto, segundo a intensidade de implementación dos servizos asociados as redes definidas e que se detallan ao longo da guía.

Anteproxecto de Lei de infraestruturas de telecomunicacións

- [Aprobado o Anteproxecto de Lei de infraestruturas de telecomunicación no Consello de Goberno do 13 de decembro](#)
- [Unha norma que considera as telecomunicacións como un servizo básico máis, como a auga, electricidade, etc.](#)


O Consello da Xunta de Galicia do 13 de decembro de 2012 deu o visto e praxe á Lei de impulso e ordenación das telecomunicacións para iniciar o seu trámite parlamentario, unha lei que inicia unha nova andaina no ám-

bito das obras públicas, dos edificios públicos e tamén dos edificios privados que se vaian construír no futuro.

O proxecto de lei promove a coordinación entre os axentes públicos e privados, para evitar que se dupliquen esforzos e investimentos. A lei obrigará aos operadores a remitir periodicamente información dos seus plans de despregamento executados e previstos, información coa que se desenvolverá o mapa de infraestruturas de telecomunicacións en Galicia que tratará de evitar a superposición de infraestruturas, promovendo a compartición e favorecendo a competencia no mercado dos servizos de telecomunicación.

A Lei tamén prevé por primeira vez, un plan sectorial de infraestruturas de telecomunicación en Galicia, que permitirá establecer os criterios que deberán seguir os concellos e a Xunta para a planificación de todas as súas infraestruturas de telecomunicacións, de xeito que o servizo das telecomunicacións poida converterse nun servizo público ordinario, como é o da auga, o eléctrico ou o de abastecemento e saneamento.

Ademais, a norma regula a previsión de infraestruturas de telecomunicacións en todos os novos edificios públicos que se executen na comunidade; a inclusión de infraestruturas de telecomunicación en proxectos de obra pública (estradas, redes de abastecemento, redes de saneamento, etc) de xeito que, en paralelo á realización destas obras, se dispoñan das canalizacións e espazos que poidan ser empregados por operadores, públicos e privados.



Medidas instrumentais

O 2012 comezou coa publicación no Diario Oficial de Galicia, o 16 de xaneiro, do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que creaba a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e aprobaba os seus estatutos, regulando tanto as súas competencias e funcións como a súa organización e estrutura.

Ao longo dos meses do 2012 executáronse dúas das tres fases previstas para a integración de todo o persoal TIC da Xunta de Galicia baixo unha única política tecnolóxica. A finais do ano estaban adscritas a Amtega, 282 persoas correspondentes as diferentes Consellerías, todas agás Facenda e Sanidade xunto co persoal doutros organismos dependentes da Administración autonómica, que quedan para a última fase, a rematar en catro anos.

282

Persoas adscritas a Amtega

A Amtega unifica, ademais, baixo unha mesma dirección todos os recursos materiais e orzamentarios implicados nas políticas tecnolóxicas da Xunta, 15 departamentos administrativos, o que vai supor un aforro de espazo do 40% e de custos do 20%, aproximadamente 20 millóns de euros anuais. Esta optimización do gasto, aumentará a capacidade para reinvestir en proxectos TIC innovadores no sector público galego.

As instalacións da Amtega están ubicadas na Cidade da Cultura, xunto a outras infraestruturas tecnolóxicas como o Centro de Proceso da Datos Integral da Xunta de Galicia, o corazón dixital da comunidade.

Outra das funcións da Axencia é a creación de mecanismos de colaboración coas entidades locais no ámbito tecnolóxico. No 2010 creouse o Plan eConcellos, no marco do que se desenvolven as iniciativas que se ven recollidas no portal EidoLocal, porta de comunicacións e información entre os dous niveis administrativos e no que a finais do 2012, estaban inscritos 3.573 usuarios.

524

Items no Sistema Indicadores da SI

Ademais no 2012 hai que destacar a posta en marcha do sistema de xestión das licenzas urbanísticas, un sistema que comezou a funcionar no concello de Arteixo, e no que colaboraron as entidades locais, o Colexio de Arquitectos e a Xunta de Galicia, a través da Amtega.

Por último, o Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización (OSIMGA), un órgano creado no 2010 e dependente da Amtega para a realización de enquisas, estudos e análises relacionados coas novas tecnoloxías en Galicia. Entre outros produtos, que teñen un amplo seguimento na rede, pódese destacar o Sistema de Indicadores da Sociedade da Infomación, un cadro de máis de 500 indicadores, incluído no Plan Estatístico de Galicia 2012-2016 que elabora o Instituto Galego de Estatística, co que existen acordos de colaboración en varios ámbitos.

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

- No Diario Oficial de Galicia do 16 de xaneiro do 2012, publicouse o Decreto 252/2011, polo que se creaba a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aprobaban os seus estatutos.
- A finais de ano, tiñan rematado as dúas primeiras fases de integración do persoal TIC na Amtega, 282 técnicos baixo unha única política tecnolóxica

En xaneiro do 2012 publicouse o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que creaba a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aprobaban os seus estatutos, regulando tanto as competencias e funcións como a súa organización e estrutura, o réxime do seu persoal, o réxime económico-financeiro e patrimonial, así como os principios que a orientarán a súa actuación.

A Amtega unifica baixo unha mesma dirección todos os recursos materiais e orzamentarios implicados nas políticas tecnolóxicas da Xunta, polo que vai integrar cando menos 15 departamentos administrativos, evitando así duplicidades e acadando un aforro de espazo do 40% e de custos do 20%, que en termos económicos poden supor aproximadamente 20 millóns de euros anuais. Esta optimización do gasto, aumentará a capacidade para reinvestir en proxectos TIC innovadores no sector público galego.



As oficinas da Amtega están ubicadas no Centro de Innovación Cultural e Modernización Tecnolóxica de Galicia, sito na idade da Cultura de Galicia. Un total de 558 profesionais da escala de tecnoloxías da información que desempeñan as súas funcións nos distintos departamentos da Xunta traballarán así nun proxecto tecnolóxico único baixo a dirección da Axencia.

Na primeira fase, completada a principios do 2012, contou co orzamento da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (o 48,83 % do orzamento global TIC) e coa integración de 91 profesionais TIC (correspondentes á SXMIT, á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e ás secretarías xerais da Presidencia da Xunta de Galicia), o 16,3 % do persoal.

En setembro comezou a trasladarse á Cidade da Cultura, outra parte do persoal de servizos informáticos que estará ao servizo desta axencia. Na segunda fase integráronse os departamentos TIC das outras cinco consellerías: Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas; Economía e Industria; Cultura, Educación e Ordenación Universitaria; Traballo e Benestar e

Medio Rural e do Mar. Este proceso rematou en decembro de 2012 co 67,37 % do orzamento TIC total e 282 profesionais (o 53,5 % do persoal TIC) integrados na Axencia.

O traslado ao complexo do Gaiás da Axencia Galega de Modernización (Amtega), da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic), así como de servizos da Fundación Cidade da Cultura permitirá importantes aforros, tanto polo acceso a tarifas de enerxía máis baixas, como pola posibilidade de facer contratos plurianuais. Con estas medidas, e o relacionado coa limpeza e mantemento, avánzase nun programa de control de gasto e xestión eficiente dos recursos da Cidade da Cultura para facer do complexo unha infraestrutura sostible.

Colaboración coa administración local

- **Presentouse o catálogo de servizos do convenio da Xunta de Galicia coas entidades locais e estase a traballar nunha axenda dixital local para impulsar proxectos tecnolóxicos nas vilas galegas**
- **Arrancou en Arteixo o proxecto de tramitación telemática das licenzas urbanísticas grazas á colaboración entre a Xunta e o Colexio de Arquitectos**

Plan eConcellos

As actuacións da Xunta de Galicia, en materia de administración electrónica, relacionadas coa administración local desenvólvense no marco do plan eConcellos, visualízanse no portal (<http://www.edidolocal.es>) e están vinculadas a dar soporte de infraestruturas e servizos que non poden ser postos en marcha polas administracións locais, especialmente nas de menor tamaño.

Un plan que naceu no 2010 coa sinatura do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento da administración electrónica nas entidades locais. A finais do 2012, o 100% das Deputacións tiñan asinado o convenio, e 304 dos 315 concellos, o 97% do total. Por provincias, na Coruña asinaron o convenio 92 dos 94 concellos, na de Lugo, 64 dos 67, na de Ourense 90 de 92 e na de Pontevedra 58 de 62. En total 326 entidades.

Tamén, en febreiro publicouse no Diario Oficial o listado de oficinas de Rexistro conveniadas con Entidades Locais, en base ao Decreto 191/2011, de organización e funcionamento dos rexistros da Administración xeral e das entidades públicas instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia. Un total de 330 entidades.



Servidores e almacenamento da administración local

Durante 2012 realizouse a licitación e adxudicación do subministro hardware para albergar distintos proxectos de administración electrónica e

outros servizos ofrecidos ás entidades locais. O subministro, previsto para os primeiros meses do 2013 inclúe os servidores, o sistema de almacenamento con réplica síncrona entre o CPDi e o centro de respaldo de San Caetano. O conxunto de servidores inclúe unha plataforma de virtualización baseada en software libre.

Catálogo de servizos compartidos

Outro documento de traballo publicado a principios do 2102 foi o Catálogo de servizos do Convenio de colaboración entre Xunta de Galicia e FE-GAMP para o desenvolvemento da administración electrónica nas entidades locais galegas.

Destacan, o Portal EidoLocal, que actúa como aglutinador de información e servizos de interese para as entidades locais; os Servizos de conectividade e internet, infraestrutura e funcionalidades necesarias para que as EELL estean presentes en internet e poidan relacionarse telematicamente con outras Administracións Públicas; os servizos de administración electrónica entre a Xunta e as entidades locais; a contratación administrativa: sistemas de referencia no ámbito da contratación administrativa; o rexistro: oficinas de rexistro para a atención ao cidadán e construíndo a eAdministración: servizos de infraestrutura para a construción dos servizos da eAdministración.

Por outra parte, a Xunta de Galicia está a traballar na elaboración da Axenda Dixital Local da Eurorrexión Galicia - Norte de Portugal, unha folla de ruta para potenciar o desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos nos concellos galegos, que se apoién nas TIC para empregar os recursos existentes de maneira eficiente e cun modelo participativo e adaptable ás peculiaridades de cada lugar.



Tramitación das licenzas urbanísticas

En outubro do 2012 arrancou no concello de Arteixo a primeira fase dun proxecto para a tramitación telemática das licenzas urbanísticas grazas á colaboración entre a Xunta e o Colexio de Arquitectos. Trátase da posta en funcionamento dunha pasarela telemática que permite aos técnicos de urbanismo dos municipios acceder en liña á información dos proxectos de obra visados polo Colexio de Arquitectos de Galicia (COAG) para completar o trámite de autorización.

A plataforma, accesible a través do portal web PasaXe, estará dispoñible para todos os concellos adscritos ao convenio eAdministración da Xunta e a Fegamp para impulsar a Administración electrónica nas entidades locais. Despois de Arteixo, o sistema seguirá adaptándose en outros 11 concellos: Abegondo, Santiago, O Barco, Ourense, Silleda, Betanzos, Carballo, Monforte de Lemos, Sarria, Cangas e Moaña.

A posta en marcha desta primeira fase da tramitación telemática das licenzas urbanísticas supón outro avance no proceso de modernización da

Administración, impulsando a interoperabilidade entre organismos así como facilitando e simplificando dos trámites para os cidadáns.

Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA)

- O convenio entre a Amtega e o IGE para a elaboración de enquisas sobre a sociedade da información permitirá un aforro de 50.000 euros anuais
- O OSIMGA no 2012 publicou 19 informes e realizou o seguimento de máis de 500 indicadores de fogares, empresas e administracións públicas

O Observatorio da Sociedade da Información e da Modernización (OSIMGA) é un órgano asesor da Amtega para a valoración da evolución da sociedade da información e a modernización administrativa en Galicia.

O OSIMGA monitoriza o estado da Sociedade da Información a través do seu Sistema de Indicadores, que está incluído no IV Plan Galego de Estatística 2012- 2016, polo que colabora de xeito habitual co Instituto Galego de Estatística (IGE), entidade coa que a Amtega asinou un convenio para optimizar a recollida dos datos sobre a penetración das TIC en fogares e empresas galegas.

A partir de 2013 os datos dos informes que elabore o Observatorio referidos a fogares empresas procederán das enquisas que realiza o IGE nese ámbito, evítanse así duplicidades de estatísticas e incrementase a mostra en máis de 7.000 enquisas aos fogares. Ademais esta colaboración permitirá un aforro de máis de 50.000 euros anuais.

O acordo establece tamén que, cada cinco anos, se inclúa na enquisa “Condicións de vida das familias” do IGE un módulo máis amplo sobre as novas tecnoloxías nos fogares galegos, estando previsto realizar este módulo, por primeira vez, no ano 2013.

Durante o ano 2012, o OSIMGA publicou 19 informes e realizou o seguimento de máis de 500 indicadores sobre equipamento e uso das TIC na poboación, empresas, no sector TIC, na administración electrónica nos concellos e na Xunta de Galicia e diversos estudos temáticos sobre software libre, banda larga e uso das TIC polos autónomos.

Outra actividade do Observatorio é a difusión da actualidade sobre a Sociedade da Información en Galicia a través da análise dos principais estudos e informes estatísticos de referencia de ámbito galego, estatal e europeo. No ano 2012, pu-



blicáronse máis de 200 análises e noticias sobre o nivel de desenvolvemento das TIC en Galicia, eventos ou ligazóns con outras fontes de información, observatorios ou entidades relacionadas coa materia.

Ademais a web recibiu 64.701 visitas, un 85% máis que o ano anterior, e preto de 30.000 visitantes distintos durante o ano 2012, e o boletín semanal de actualidade conta con máis de 1.800 subscritores.

Por último, salientar que o OSIMGA resolveu a demanda de información sobre a Sociedade da Información en Galicia e promoveu a colaboración e o intercambio de experiencias e información con máis de 20 administracións, outros observatorios, organismos ou entidades.

2014.gal Axenda Dixital de Galicia

Ano 2012 indicadores e orzamentos

Orzamentos

Dentro do modelo de transparencia cara á sociedade que ten asumido o Goberno da Xunta de Galicia, ademais do reflexo das principais iniciativas e actuacións desenvolvidas ao longo do ano 2012 expresado nos capítulos anteriores mediante a descrición das mesmas e dos valores acadados, outro dos ámbitos de avaliación da Axenda Dixital é o seguimento orzamentario.

- **A Xunta de Galicia leva investidos case 460 millóns de euros no ámbito tecnolóxico nas diferentes áreas de xestión**

Orzamentos 2010-12	Valor	Diferenza
Previsto	563.724.766 €	
Executado	459.840.079 €	—18,4%

Cadro 1: Execución orzamentaria no 2010-2012

No período 2010-2012, a Xunta de Galicia malia que os importantes recortes en diferentes liñas dos orzamentos xerais da Comunidade por causa da crise, leva investidos preto de 460 millóns de euros no desenvolvemento dunha administración intelixente e eficiente e a promoción dunha sociedade dixital, na dotación das infraestruturas básicas de telecomunicacións e no apoio á formación e ao desenvolvemento de servizos e proxectos dixitais.

A aposta da Xunta de Galicia continúa a ser firme, especialmente nas liñas onde se poidan xerar maiores aforros, e ao tempo avanzar nun acceso máis igualitario para que toda a sociedade, cidadanía e empresas poidan sacar vantaxe do uso da sociedade da información.

- **Os investimentos para conformar unha Administración intelixente e eficiente supoñen por riba de 233 millóns de euros**
- **A promoción dunha sociedade dixital, cidadanía e empresas, conta con máis de 118 millóns de euros.**

Total	459.840.079 €
Linhas Estratéxicas	Orzamento Executado
L1- Administración intelixente	90.629.506 €
L2- Administración eficiente	132.543.127 €
L3- Cidadanía dixital	34.623.429 €
L4- Transforma TIC	50.065.439 €
L5- Economic-IT	34.267.204 €
L6- InfraTeleCom	116.748.112 €
L7-Medidas instrumentais	963.262 €

Cadro 2: Execución orzamentaria

Dos datos mostrados no cadro, pódese observar que as partidas máis importantes son as relacionadas coas áreas orientadas a ofrecer uns mellores servizos aos cidadáns dun xeito máis eficiente e co desenvolvemento e uso das infraestruturas de telecomunicacións, sendo o terceiro bloque o dedicado a promoción e formación dunha sociedade dixital, coas accións despregadas entre a cidadanía, as empresas e o apoio ao sector TIC, con máis de 118 millóns de euros.

No bloque da Administración, destacan os investimentos e gastos relacionados coa aplicación das TIC en eidos de impacto para o cidadán: a sanidade, na xustiza, a Administración electrónica, xunto coa adquisición e mantemento xeral dos sistemas e infraestruturas de telecomunicación precisos para garantir a prestación duns servizos de calidade a cidadáns e empresas.

En canto á área de telecomunicacións as iniciativas de maior dotación orzamentaria son o Plan de Banda Larga para achegar un acceso a Internet de calidade en todo o territorio; e os investimentos para converter a Regal nun operador público e global de telecomunicacións.

En canto ao ámbito da sociedade dixital hai que destacar a continuidade do Plan Abalar, a rede CeMIT e as diferentes liñas de axudas as empresas xerais e as específicas para o sector TIC, liñas de innovación, financiamento de novos proxectos empresariais e formación dos profesionais, e dos traballadores empregados e desempregados.

En definitiva, respecto ao previsto, no 2012 continuou o aforro xa comezado no 2010, acorde coas necesidades orzamentarias xerais da todas administracións públicas, aínda que mantendo un maior foco de investimento naquelas actividades capaces de xerar aforros na sociedade, sen diminuír os servizos e competencias encomendadas.

Liñas estratéxicas	Orzamento executado	Investimento inducido (achega privada)	Investimento total
L1- Administración intelixente	90.629.506		90.629.506
L2- Administración eficiente	132.543.127		132.543.127
L3- Cidadanía dixital	34.623.429	198.333	34.821.762
L4- Transforma TIC	50.065.439	91.350.716	141.416.156
L5- Economic-IT	34.267.204	5.956.381	40.223.584
L6- InfraTeleCom	116.748.112	124.927.753	241.675.865
L7-Medidas instrumentais	963.262		963.262
Total	459.840.079	222.433.183	682.273.262

Adicionalmente aos investimentos, gastos e liñas de axudas promovidos pola Xunta de Galicia de case 460 millóns de euros no período 2010-2012,

mobilizáronse máis de 222 millóns de inversión privada, o que fai un total de 682 millóns de investimento realizado en Galicia en proxectos ligados ao uso das TIC.

Avaliación de indicadores

Este apartado presenta un cadro de indicadores da Axenda Dixital 2014.gal, co obxectivo principal de mostrar o avance das distintas liñas estratéxicas da Axenda, a través das súas iniciativas, así como proporcionar algúns datos de contexto que permitan monitorizar o impacto na sociedade das ditas actuacións.

Para iso, por unha parte móstrase unha visión de conxunto sobre a situación, indicadores proporcionados polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), en base aos datos do Instituto Nacional de Estadística (INE) e por outra á información proporcionada polas propias unidades xestoras das iniciativas.

Liña 1. Administración intelixente

Axenda Dixital 2014.gal (I)				
Descrición do indicador	2009	2010	2011	2012
L1- Administración intelixente (Fonte: INE)				
% Persoas que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos doce meses para descargar formularios oficiais ¹	28,8	31,7	42,9	45,1
% Empresas que interactuaron coas AAPP por Internet no último ano ²	67,4	68,1	81,0	86,1
Empresas de 10 e máis empregados/as	32,2	25,9	60,0	ND
Empresas de menos de 10 empregados/as				
L1- Administración intelixente: administración electrónica (Fonte: Entidades Xunta)				
% Procedementos que admiten presentación electrónica	4,0	5,9	14,6	32,1
Nº Procedementos na sede electrónica	NA	NA	201	508
Nº Procedementos electrónicos para cidadáns	13	20	69	199
Nº Procedementos electrónicos para empresas	40	74	96	233
% Axudas tramitadas por vía telemática	6	10,1	23,7	48,1
Nº Visitantes mensuais distintos a sede electrónica	NA	NA	1.727	5.488
% Entradas electrónicas no rexistro electrónico en relación co total	NA	5,4	21,5	26,2
% Facturas electrónicas sobre o total	NA	20,1	25,0	31,1
Nº Empresas que utilizan o sistema de facturación	NA	1.360	1.785	2.204
L1- Administración intelixente: administración electrónica (Fonte: Entidades Xunta)				
Nº Empleados públicos acreditados dixitalmente	NA	NA	628	6.155
% Administración xeral	NA	NA	3,9	21
% Administración de xustiza	NA	NA	27	100
Nº de usuarios do portasinaturas				
Asinantes	NA	NA	170	329
Solicitantes	NA	NA	256	514
Nº documentos asinados no Portasinaturas	NA	NA	45.179	67.927
Nº procedementos con verificación de datos doutras admi-				

nistracións	NA	129	21.606	141.041
Consulta de identidade (SCDI)	NA	88	1.647	5.088
Verificación de residencia (SVR)	NA	NA	NA	20.631
Consulta da presentación da renda	NA	NA	NA	1.452
Consulta datos do catastro				
Nº usuarios da plataforma de interoperabilidade	NA	NA	900	1.019

Dende a posta en marcha hai pouco máis dun ano da Sede Electrónica, o número de procedementos que se poden tramitar telematicamente pasou de 201 a 508, ademais os grupos de trámites correspondentes á relación coas empresas pasaron de 99 a 233 e os correspondentes a cidadanía, de 69 a 199.

A porcentaxe de axudas tramitadas por vía telemática avanza outro ano, cun incremento de máis do 100%, pasando dende o 10,1% do 2009 ao 48,1% do ano 2012. A porcentaxe de facturas presentadas de modo telemático achegase ao 31,1%, 6 puntos máis que no ano anterior e o número de empresas (2.204) que presentan facturas dese xeito creceu un 23,5% respecto ao ano 2011.

No referido aos empregados públicos que están acreditados mediante certificados dixitais, no ámbito xustiza a porcentaxe xa chegou no seu segundo ano ao 100% e os da Administración xeral pasaron de 3,7% no 2011 ao 21% no 2012. O número total de empregados acreditados chegou a 6.155 en total.

O uso dos certificados ten entre as súas funcións a da sinatura dixital de documentos, para que se usa unha aplicación PortaX con dous perfís: asinantes (329) e solicitantes (514), ambos valores máis do dobre do ano anterior. O número de documentos asinados acadou case os 68 mil.

Por último, neste bloque examínase o uso da plataforma de interoperabilidade, o número de usuarios creceu un 13% para chegar a 1.019 no 2012, máis as consultas a outras administracións, creceron un 553% no caso da consulta de identidade (SDI) e un 209% no do sistema de verificación de residencia (SVR), ambos respecto ao ano 2011. As consultas de presentación da renda e do catastro non teñen referencias anteriores.

Axenda Dixital 2014.gal (III)				
Descrición do indicador	2009	2010	2011	2012
L1- Administración intelixente: portal corporativo e presenza nas redes sociais				
Nº Medio visitantes distintos mensuais xunta.es	ND	272.877	285.641	291.134
Nº Seguidores nas redes sociais	NA	1.307	7.209	18.929
Facebook	NA	1.134	2.987	5.235
Twitter	NA	173	4.196	13.694
Nº Iniciativas nas redes sociais	NA	ND	98	142
Nº Portais web catalogados	NA	303	241	251
Nº medio de visitantes distintos á Intranet corporativa	ND	7.819	8.424	17.276
Nº medio de visitantes distintos ao portal do empregado público PortaX	ND	2.083	6.208	7.105

O número de visitantes no portal web corporativo creceu case un 2%, ata máis de 290 mil visitantes medios distintos cada mes. O crecemento é moito maior nas redes sociais, datos acordes co que se move na sociedade. Así, o número de fans de Facebook aumentou un 75,3% ata os 5.235, e no caso de Twitter, o número de seguidores chega a 13.694, un 226,4% máis que no ano anterior.

Deste xeito, as 142 iniciativas nas redes sociais no 2012 significan un aumento no último ano dun 45%, un valor moi superior ao número de portais catalogados que pasou de 241 no 2011 a 251 no 2012, un 4,1% de aumento.

Para as comunicacións coa cidadanía, o portal corporativo inclúe un servizo de subscrición de avisos mediante SMS ou email. O número de subscritores alcanzou os 1.786, un 39% por riba do valor do 2011.

Por último, dous valores referidos ao uso das ferramentas informáticas propias por parte dos empregados públicos, PortaX e a Intranet. No referido á Intranet, o número medio mensual de visitantes aumentou un 105% por riba do 2011 e respecto ao PortaX, aumenta pero modo menos significativo, un 14,4%.

Axenda Dixital 2014.gal (III)				
Descrición do indicador	2009	2010	2011	2012
L1- Administración intelixente: servizos públicos de sanidade (Fonte: Consellería)				
% Citas previas realizadas por Internet	6,4	7,4	8,1	9,3
% Receitas dispensadas electronicamente	15,0	70,0	93,0	96,7
% Centros de atención primaria con solucións de telemedicina	29,2	45,9	98,9	99,6
% Cidadáns que fan uso da cita previa por internet	16,5	18,4	21,7	24,7
L1- Administración intelixente: servizos públicos de xustiza (Fonte: Consellería)				
% Equipos con antigüidade menor que < 5 anos	37,4	53,4	84,4	85,5
% Xulgados que utilizan Lexnet	NA	24,6	40,6	97,7
Nº Notificacións realizadas con Lexnet (miles)	141,7	285,4	1.196,3	2.551,5
Nº Notificacións no sistema de información do Imelga	NA	NA	NA	26.668
L1- Administración intelixente: outros servizos públicos (Fonte: varias Consellerías)				
% Solicitudes de datos rexistradas na Oficina Agraria Virtual (OVA)	NA	5,5	93	95
Nº Páxinas vistas en Meteogalicia.es	172,92	318,88	442,05	512,35
Nº Tarxetas de transporte metropolitano	NA	NA	75.000	90.000
Nº Terminais TICPESC nos portos de Galicia	NA	6	26	30
Nº Tarxetas emitidas para os terminais TICPESC	NA	764	2.677	3.421

No referido aos servizos públicos que teñen un alto uso das TIC na súa xestión, destacamos por un lado, os datos de receitas electrónicas, ou e-receitas, que xa chegan ao 96,7%, ademais segue a aumentar a porcentaxe de cidadáns que fan uso da cita previa por Internet, 3 puntos máis que no 2011.

En canto ao ámbito da xustiza, é salientable a renovación do equipamento especialmente nos últimos an, o que fixo que pasase do 53,4 no 2010 ao 85,5% a porcentaxe de equipos con antigüidade menor de 5 anos no 2012. Este equipamento é a base do desenvolvemento das novas aplicacións para a administración da xustiza: Lexnet, Minerva, etc.

Así, a implantación do sistema de notificacións electrónicas (Lexnet) pasou no 2012 do 40,6% ano anterior ao 97,7%. En paralelo, o número de comunicacións realizadas pasou de 1,2 millóns no 2011 a 2,5 a finais do 2012, un 113% maior.

Tamén, se destacan neste bloque algúns datos referidos a outros servizos públicos ou prestación de información a sociedade que teñen un alto uso de sistemas de información, como a Oficina Agraria Virtual (OAV), que incrementou o número de solicitudes da datos rexistradas no 2012, ata alcanzar case as 618 mil, un 4,1%

maior que no ano anterior. Outro caso é o das tarxetas de transporte metropolitano, un 20% máis que no 2011 e o número de tarxetas para os terminais TIC-PESC, que superan as 3.400, un 27,8% por riba dos datos anteriores.

Liña 2. Administración eficiente

Axenda Dixital 2014.gal (III)				
Descrición do indicador	2009	2010	2011	2012
L2- Administración eficiente (Fonte: Consellería)				
% Redución dos custos de mantemento dos sistemas microinformáticos	NA	9	13,42	7,06
% Dispoñibilidade da rede de sistemas de comunicacións	99,8	99,9	99,96	99,87
% Redución do gasto de consumo de enerxía nos postos de traballo	NA	18	22	27,19
Nº Centros de Atención a Usuarios (CAU) existentes na Xunta	20	16	14	10
Tempo medio de resolución de incidencias (días)	ND	4,18	3,13	3,12
L2- Reutilización da información pública, portal @bertos (Fonte: entidades Xunta)				
Nº Catálogos de datos	NA	NA	NA	251
Nº Visitantes mensual medio ao portal	NA	NA	NA	795
L2- Administración eficiente: software libre na Administración (Fonte: entidades Xunta)				
% Equipos de escritorio con aplicacións de sw libre/total	45,5	87	94	94
% Equipos de escritorio con ofimática de sw libre /total	ND	8,0	20,3	50,0
% Equipos de servidores con software libre /total	ND	54,5	46,5	49,5
% Documentos publicados en formatos abertos	50	75	90	95

No 2012 continua a mellora dos parámetros para controlar a eficiencia e as prestación dos sistemas e comunicacións da Xunta de Galicia, equipamentos que deben funcionar practicamente as 24 horas dos 365 días de cada ano, acorde cunha administración sempre aberta, en comunicación permanente coa cidadanía.

O número de Centros de Soporte de Usuarios (CAU) no 2011 reduciuse ata 10, un 28,6% menos que no 2011. Valor que non impediu diminuír o valor do tempo medio de resolución de incidencias, de 3,13 días do anterior a 3,12 no 2012.

Outro parámetro de eficiencia é o control do custo de enerxía e por tanto, da porcentaxe de redución, por exemplo, do custo de enerxía do custo de traballo, un valor que no ano pasado mellorou 5 puntos respecto ao 2011.

Por último, neste apartado o referido a dúas formas de aproveitar os recursos públicos, a reutilización dos datos das Administracións públicas, un portal que comezou a funcionar este ano 2012 e o uso do software libre na Administración electrónica, un xeito de facer os investimentos tecnolóxicos para compartir logo

o coñecemento, para adaptalos mellor ás necesidades propias e tamén para aforrar ou ter un menor custo de licenzas.

No referido ao uso do software libre na Administración, móstranse aquí os datos da administración xeral, xa que en casos novos como o da xustiza o 100% dos usuarios dispón de equipamentos con aplicacións ofimáticas de software libre.

Liña 3. Cidadanía dixital

Axenda Dixital 2014.gal (V)				
Descrición do indicador	2009	2010	2011	2012
L3- Cidadanía Dixital (Fonte: INE)				
% Fogares con algún tipo de ordenador	58,5	61,6	65,3	68,0
% Fogares con conexión de banda larga	38,3	46,5	51,6	62,3
% Persoas que empregaron o ordenador nos últimos 3 meses	54,3	57,8	62,2	66,1
% Persoas que utilizaron Internet nos últimos 3 meses	49,8	53,6	58,5	63,5
% Persoas que adquiriron produtos ou servizos por Internet nos últimos tres meses	13,7	14,4	17,7	21,4
L3- Cidadanía Dixital: Rede CeMIT (Fonte: entidades Xunta)				
Nº Cursos de formación impartidos. Rede CeMIT	NA	NA	2.116	2.948
Nº Horas formación realizados. Rede CeMIT	NA	NA	18.047	38.022
Nº Beneficiarios dos cursos de alfabetización dixital	NA	9.854	10.183	22.033
L3- Cidadanía Dixital: Plan Abalar (Fonte: entidades Xunta)				
Nº Centros educativos dixitais do proxecto Abalar	NA	297	370	533
Nº Aulas dixitais do proxecto Abalar	NA	682	1.460	1.993
Nº Alumnos dentro do proxecto Abalar	NA	14.500	31.575	43.140
% Centros educativos dixitais públicos do proxecto Abalar	NA	74,7	78	77,1

Segundo dos datos do INE, o 68% dos fogares galegos dispón dalgún ordenador, o que supón un incremento do 4,1% con respecto aos datos do 2011, mentres que a media estatal (73,9%) rexistrou un incremento (3,4%), inferior á media galega. Un 62,3% dos fogares de Galicia están conectados á Rede mediante banda larga, un 20,7% máis ca no ano 2011 mentres que no conxunto do Estado a media é do 66,7% e o incremento foi dun 7,8%, polo que a diferenza coa media estatal diminuíu case 6 puntos no último ano, pasando de 10,3 puntos no 2011 a 4,4 no 2012.

O 66,1% dos galegos e galegas utilizaron o ordenador nos últimos tres meses, un 6,3% máis que no ano 2011, reducindo a diferenza coa media estatal en 1 punto porcentual. Un 63,5% da poboación galega empregou Internet nos tres últimos meses, cun incremento do 8,5%, con respecto ao ano anterior. O ritmo de crecemento do conxunto do Estado (4%) é inferior ao galego neste período, permitindo reducir a diferenza coa media estatal en 2,3 puntos porcentuais. Non obstante, a media estatal (69,8%) supera en 6,3 puntos porcentuais á media galega.

A enquisa do INE indica que un dos crecementos máis notables produciuse nas compras a través de Internet. Un 21,4% da poboación galega adquiriu algún produto ou servizo nos últimos tres meses, un 20,9% máis que no ano 2011 e situándonos a menos de 1 punto da media estatal e na novena posición no ranking de comunidades autónomas.

En canto as iniciativas desenvolvidas en Galicia para dotar de coñecemento dixital a toda a sociedade e especialmente aos colectivos con maior risco de exclusión, a Rede CeMIT levou adiante 38.022 horas de formación que realizaron 21.036 usuarios. Ambos valores duplican aos do ano anterior.

Respecto ao plan Abalar, os plans anuais de implantación de novo equipamento, a formación dos profesores e participación das familias, están a conseguir moi bos resultados. O número de centros presente ano alcanzou os 533, que inclúen 1.933 aulas, o 50% do total. En termos relativos, respecto ao 2011, o número de centros incrementouse nun 44,1% e o de aulas nun 36,5%.

Liña 4. TransformaTIC

Axenda Dixital 2014.gal (VI)				
Descrición do indicador	2009	2010	2011	2012
L4- TransformaTIC (Fonte: INE)				
Nº Empresas do sector TIC ³	1.542	1.767	1.897	1.976
Nº Empregados/as do sector TIC	16.327	15.851	15.855	15.473
% Empregados do sector TIC respecto do total de ocupados/as	1,59	1,57	1,62	1,64
L4- TransformaTIC: formación (Fonte: Entidade Xunta)				
Nº Cursos ofertados	50	48	49	58
% Cursos do CNTG con probas de certificación de coñecementos	54	75	85,7	82,8
Nº Prazas ofertadas	748	717	740	888
Nº Horas de formación realizadas	2975	2.741	2.648	2.985
Nº Persoas formadas no CNTG, que remataron os cursos	682	701	720	865

No ámbito das empresa TIC, aumenta o número de empresas, ata case dúas mil, un 4,2% máis que no 2011, aínda que o número de traballadores TIC descende lixeiramente, 382 empregados menos, un 2,4%. Non obstante, a porcentaxe de traballadores TIC sobre o total ascende dúas centésimas.

En canto a actividade formativa realizada no Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (CNTG), no 2012 aumentou ata 58 o número de cursos, un 18,4% máis que o ano anterior, así como o número de prazas ofertadas, un 20% por riba do 2011, en canto ao número de horas impartidas chegouse a 2.985 fronte ás 2.648 do ano anterior, e dicir, un 12,7% máis.

A porcentaxe de cursos con posibilidade de facer unha certificación ao final baixou lixeiramente e a porcentaxe de persoas que remataron os cursos fronte as que o iniciaron mantívose no mesmo valor.

Liña 5. EconomiC-IT

Axenda Dixital 2014.gal (VII)				
Descrición do indicador	2009	2010	2011	2012
L5- EconomiC-IT (Fonte: INE)				
% Empresas que teñen acceso a Internet contratado:				
Empresas de 10 e máis empregados/as	92,9	94,9	97,3	98,8
Empresas de menos de 10 empregados/as	46,7	47,3	52,8	57,8
% ⁴ Empresas con conexión a Internet que teñen páxina web				
Empresas de 10 e máis empregados/as	55,1	58,9	61,2	69,4
Empresas de menos de 10 empregados/as	19,5	19,6	19,9	24,4
L5- EconomiC-IT (Fonte: 2009:INE, resto OSIMGA)				
% Empresas que compraron a través de Internet no último ano				
Empresas de 10 e máis empregados/as	23,6	37,6	ND	41,6
Empresas de menos de 10 empregados/as	10,9	19,4	ND	25,2
% Empresas que venderon a través de Internet no último ano				
Empresas de 10 e máis empregados/as	9,9	16,9	ND	25,0
Empresas de menos de 10 empregados/as	ND	ND	ND	11,9
L5- Centro Demostrador TIC (Fonte: propia)				
Nº Actividades desenvolvidas no CDTIC	NA	NA	13	32
Nº Asistentes as xornadas demostradoras	NA	NA	220	652
Nº Solucións tecnolóxicas inscritas no mapaTIC.gal	NA	NA	256	392
Nº Provedores tecnolóxicos incluídos no mapaTIC.gal	NA	NA	107	173
Nº visitas medio mensual a web do mapaTIC.gal	NA	NA	NA	776

A práctica totalidade das empresas galegas de 10 ou máis traballadores e case o 60% das microempresas dispoñen de conexión a Internet. Este último segmento empresarial experimentou un crecemento do 22,2% no período 2010-2012, evolucionando dunha porcentaxe do 47,3% no ano 2010 ao 57,8% en 2012. En ambos casos o crecemento supera a media estatal e é especialmente significativo no caso das microempresas, dez puntos por riba do valor do conxunto do Estado.

En canto a dispoñibilidade de páxina web, tamén, as empresas galegas converxen coa media estatal. Nas empresas galegas de 10 e máis traballadores con conexión a Internet, a dispoñibilidade de páxina web acada o 69,4%, cun crecemento do 13,4% en último ano. O 24,4% das microempresas galegas que dispoñen de acceso a Internet conta con páxina web, un crecemento do 22,6% no último ano e con valores moi semellantes á media estatal (28,6%).

Polo que se refire ao comercio electrónico, un 41,6% das empresas de 10 e máis empregados compraron a través de Internet e un 25% venderon a través da Rede. No caso das microempresas, as porcentaxes de compras e vendas a través de Internet sitúanse no 25,2% e no 11,9%, respectivamente.

No período 2010-2012, obsérvase un incremento significativo das vendas a través do comercio electrónico que medraron un 47,9% entre as empresas de 10 e máis empregados e un 43,4% entre as microempresas.

Por último, en canto á actividade do Centro Demostrador das TIC, aínda que os datos do 2011 refírense só ao segundo semestre, cando o centro comezou a súa actividade, a evolución é moi positiva. Se comparásemos só os segundos semestres, hai crecementos do 32% no número de actividades, do 64% no número de asistentes ás ditas actividades.

Liña 6. InfraTelecom

Axenda Dixital 2014.gal (VIII)				
Descrición do indicador	2009	2010	2011	2012
L6- InfraTeleCom: Plan de Banda Larga (Fonte: Entidade Xunta)				
% Poboación galega con acceso á servizos de banda larga	71,8	80,9	87,3	95,0
Nº Habitantes con acceso a redes de nova xeración (100Mbps)	0	711.575	984.917	1.148.675
Nº Polígonos industriais sen cobertura de banda larga	22	12	6	1
Diferenza de acceso a BL entre as provincias da Coruña e Pontevedra con respecto as provincias de Ourense e Lugo	20	11	5,5	3
L6- InfraTeleCom: Cobertura do centros públicos (Fonte: Entidade Xunta)				
% Ampliación da velocidade media de acceso na rede corporativa	29,3	106,4	50,71	33
% Centros administrativos conectados á rede corporativa	93,0	94,0	95,5	96
% Centros de saúde con cobertura de banda larga	66,5	92,4	95	97
% Farmacias con cobertura banda larga	93,0	96,6	97	99
% Centros Educativos con cobertura banda larga	77,9	88,0	92	97
% Xulgados con cobertura banda larga	91,5	95,6	97	99

Na dotación de infraestruturas de telecomunicacións o Plan de Banda Larga (PDBL) mostra uns valores moi positivos, tanto na cobertura xeral do territorio cun acceso a Internet de calidade, o 95% da poboación, como no achegamento das redes de nova xeración, con liñas de 100 Mbits, un servizo que xa se ofrece a 1,15 millóns de persoas, un 16,6% máis que no ano 2011.

Outro ámbito de mellora resultado do PDBL é o número de polígonos industriais sen cobertura, xa só queda un, cando ao inicio do plan eran 12. Ademais a fenda dixital entre as provincias orientais de Galicia (Lugo-Ourense) e as occidentais (A Coruña-Pontevedra) Tamén diminuíu de modo significativo, pasando de 20 puntos antes da posta en marcha do PDBL ata 3 puntos a finais do 2011.

Por último, no referido a cobertura dos centros administrativos por un servizo de banda larga, os valores de centros de saúde, farmacias, centros educativos e xulgados camiña segundo o previsto para acadar o 100% a finais do próximo ano.

Liña 7. Medidas instrumentais

Axenda Dixital 2014.gal (III)				
Descrición do indicador	2009	2010	2011	2012
L7- Axencia para a Modernización Tecnolóxica: Amtega (Fonte: Consellería)				
Nº Postos de traballo adscritos á Amtega	NA	NA	NA	282
L7- Colaboración coas administracións locais (Fonte: Consellería)				
Nº Entidades locais adheridas ao convenio de administración electrónica	NA	66	322	326
Nº Entidades locais que utilizan o servizo de certificación da Xunta	NA	17	17	73
Nº Entidades locais que utilizan a plataforma de contratación da Xunta	36	70	92	97
Nº Procedementos electrónicos para outras administracións	ND	6	20	44
% procedementos coas entidades locais que admiten presentación electrónica	ND	13.3	21.1	41.1
Nº Usuarios dados de alta no portal EidoLocal	2.736	2.902	3.257	3.573
L7- Observatorio da Sociedade da Información OSIMGA (Fonte: Consellería)				
Nº Informes realizados	NA	6	17	19
Nº Valores seguidos no Sistema de Indicadores de SI de Galicia	NA	130	313	524
Nº Visitantes medio mensual a web do Osimga	NA	1.733	2.914	5.391
Nº Subscritores ao Boletín semanal	NA	1735	1804	1835
Nº Análises e noticias publicadas na web	NA	141	143	205

Por último, no apartado de medidas instrumentais examínanse os parámetros referidos ao funcionamento da propia Amtega e órganos dependentes como o Osimga, e as relacións con outras administracións, como as locais.

No referido ás administracións locais, son destacables os crecementos do número de entidades que utilizan o servizo de certificación da Xunta de Galicia, un valor que pasou de 17 no 2011 a 73 no 2012. Ademais o número de procedementos da Xunta con outras administracións, no 2012 o valor acadado 44 está por riba do dobre do valor do ano anterior, 20 no 2011, e a porcentaxe destes procedementos que admiten a presentación telemática, 41,1% no 2012, case o dobre do valor recollido no 2011.

Respecto, do funcionamento do Observatorio da Sociedade da Información e Modernización de Galicia (OSIMGA) todos os parámetros teñen incrementos interanuais substanciais, o máis significativo o incremento dun 85% do número medio de visitantes mensuais.


¹ Porcentaxe sobre as que utilizaron Internet nos 12 últimos meses, os datos de 2009 e 2010 eran sobre os 3 últimos meses

-
- ² Porcentaxe sobre as empresas con conexión a Internet
- ³ O sector TIC está constituído polos seguintes códigos CNAE-2009: 2611, 2612, 2630, 2640, 2680. 4651, 4652, 5821, 5829, 6110, 6120, 6130, 6190, 6201, 6202, 6203, 6209, 6311, 6312, 9511, 9512
- ⁴ Porcentaxe sobre as que empresas que teñen conexión a Internet

CADRO XERAL DE SEGUIMENTO DA AXENDA DIXITAL 2010-2012

Descrición do indicador	2010	2011	2012	2013	2014
Orzamento	19,5	35,4	49,1		
Administración Intelixente	7,6	39,4	67,9		
Administración Eficiente	9,2	37,0	62,9		
Cidadanía Dixital	8,1	47,2	76,7		
TransformaTIC	8,3	41,2	58,7		
EcomiC-IT	11,5	52,0	74,8		
InfraTeleCom	9,0	52,6	73,8		
Medidas instrumentais	9,7	46,0	67,0		
Previsión	10	40	65	85	100

En base a unha distribución temporal de reparto do desenvolvemento da Axenda Dixital 2014.gal, así como a definición dun peso relativo de cada unha das iniciativas dentro de cada liña obtense unha visión xeral do grao de desenvolvemento das liñas estratéxicas, que se mostra no seguinte gráfico.



Segundo a gráfica, as liñas de Administración intelixente, Cidadanía dixital, economic-IT e InfraTelecom están por riba do previsto. As liñas de Administración eficiente e Medidas instrumentais están de acordo co previsto e só TransformaTIC e o orzamento xeral están por debaixo do previsto ao inicio de execución da Axenda Dixital.

2014.gal Axenda Dixital de Galicia

Ano 2012 en imaxes e eventos

A Xunta pon en marcha o mapa TIC, un punto de encontro virtual entre os provedores e os demandantes de tecnoloxía

20/01/12

O Centro Demostrador TIC conta cunha ferramenta de referencia para o seu funcionamento: o Mapa de Capacidades Tecnolóxicas de Galicia. O MapaTIC.gal é unha plataforma web que servirá de punto de encontro virtual entre as empresas TIC e as empresas doutros sectores que demandan solucións tecnolóxicas.

Este escaparate tecnolóxico de Galicia é froito dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, a través de red.es, e está cofinanciado con fondos FEDER.

<http://cdtic.xunta.es/mapatic/>



Voluntariado Dixital, un programa da Xunta para apoiar a integración da cidadanía galega na Sociedade da Información

27/01/12

Unha iniciativa que suma a solidariedade individual, a responsabilidade social das empresas TIC e o aproveitamento das infraestruturas públicas para incrementar a oferta pública de alfabetización dixital. Está articulada sobre a figura do voluntario dixital, as entidades de acción voluntaria, organismos públicos e privados e empresas tecnolóxicas que actuarán como mecenas dixitais.

<http://voluntariadodixital.xunta.es>



O lanzamento do XaTcobeo, unha demostración da capacidade dos profesionais galegos das telecomunicacións para competir a nivel internacional

03/02/12

O XaTcobeo é un picosatélite que responde ao estándar de enxeñaría CubeSat, que permite a construción de satélites a baixo custo e en prazos breves, o que permite o acceso á tecnoloxía espacial para empresas e universidades.

O proxecto é o traballo de máis de 30 doutores e 40 estudantes de postgrao da Universidade de Vigo que participaron na súa posta en marcha, na que tamén colaborou economicamente o operador público Retegal.



O Plan Senda 2014 continúa coa renovación e dotación de novo equipamento tecnolóxico nos xulgados galegos

06/02/12

A Comisión mixta entre Xunta e Fiscalía, analizou o grao de execución do Plan de Infraestruturas Xudiciais e do Plan Senda de modernización da Xustiza,

Neste sentido, destacou a renovación de equipos informáticos cunha antigüidade superior a cinco anos, que pasou do 63% no 2009 a tan só o 15% no 2012.

Tamén, se implantaron entre outros, equipos de videoconferencia, mecanismos para facilitar o traballo en mobilidade e sistemas de gravación en salas.



A Xunta aproba un proxecto de lei que blinda a condición de servizo público das telecomunicacións en Galicia

09/02/12

O texto aprobado pretende conseguir unha maior coordinación na extensión das tecnoloxías; unha mellor planificación para chegar á inmensa maioría dos fogares e das empresas galegas; e unha maior anticipación o despregue das futuras infraestruturas, públicas ou privadas. Así, o proxecto de lei, inclúe as infraestruturas de telecomunicacións en proxectos de obra pública, estradas, redes de abastecemento ou redes de saneamento, mais tamén en edificios públicos e fogares.



Unha aula móbil percorre Galicia para informar dos avances do Plan de Banda Larga e achegar as vantaxes de internet á poboación rural

17/02/12

A aula móbil percorreu durante o primeiro semestre do 2012, os 34 municipios galegos nos que o Plan de Banda Larga da Xunta e Movistar xa posibilitaron a conexión á rede da maioría da poboación.

A aula móbil contou con 18 postos con ordenador para de xeito gratuito levar a cabo diferentes demostracións: ensinar a facer unha compra online, solicitar unha cita médica, consultar todo tipo de información: prensa, música, ofertas de emprego, partes meteorolóxicos, trámites coa Administración a través da sede electrónica da Xunta etc.



**Retegal, unha pata fundamental
no ámbito das tecnoloxías e un operador integral
de telecomunicacións**

20/02/12

O, Presidente da Xunta nunha visita a Retegal destacou a boa evolución do operador público, que ten sido clave para o desenvolvemento do Plan de Banda Larga e doutros fitos como o apagamento analóxico ou a futura creación da Rede Dixital de Emerxencias.



**A Xunta pon en marcha iTera, unha aplicación para
móviles de nova xeración que ofrece información
precisa sobre a cobertura de TDT en toda Galicia**

22/02/12

A Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Medios, presentou a aplicación iTera, unha aplicación para teléfonos móbiles de nova xeración, "smartphones", e para os tablets, dirixida principalmente a técnicos e instaladores de telecomunicación, pero que tamén pode utilizar calquera cidadán de balde e que permite determinar o grado de cobertura de TDT do lugar onde nos atopamos, os canles que se reciben, os centros emisores que nos prestan o servizo e a configuración e orientación da antena de recepción nos fogares.



**A Axencia para a Modernización Tecnolóxica comezou
a funcionar cun orzamento de máis de 58 millóns de
euros e 17 obxectivos estratéxicos en 2012**

09/03/12

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) entrou en funcionamento cun plan de acción que abrangue a posta en marcha e a consolidación de 17 proxectos tecnolóxicos para conseguir unha comunidade vertebrada dixitalmente, unha administración eficiente, e a dinamización económica de Galicia co sector TIC como elemento tractor.

A Amtega unifica baixo unha mesma dirección todos os recursos materiais e orzamentarios implicados nas políticas tecnolóxicas da Xunta, o que vai permitir prestar mellores servizos, máis eficaces e con menor custo.



Investimento de 2,3 millóns de euros para proporcionar internet ás microempresas do rural e aos 168.000 galegos con máis dificultades de acceso

16/03/12

O Goberno galego aprobou o investimento de 2,3 millóns de euros para proporcionar acceso a internet ás microempresas do rural e aos 168.000 galegos, o 6% da poboación, que por cuestións orográficas só poden ter cobertura a través do satélite.

Esta medida está incluída nos plans da Xunta para dar cobertura a toda a poboación e reducir a fenda dixital entre as provincias do eixo atlántico e ás do interior,, unha redución que chega xa ao 70% no que vai de lexislatura.

No seu desenvolvemento colaboran a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.



Abert@s, un portal para facilitar a cidadáns e empresas a reutilización da información do sector público

26/03/12

A Xunta de Galicia deu un paso máis no cumprimento do principio de transparencia informativa coa posta en marcha do portal Abert@s, o espazo onde se publicará información de interese público da Administración galega e dos organismos dependentes, en formatos abertos e estándar,, para a súa reutilización por parte de cidadáns e empresas.

Esta iniciativa de Open Data é un elemento xerador de emprego e riqueza ao abrir a posibilidade de novas oportunidades de negocio para emprendedores que poden crear novas aplicacións e prestacións en base a esta información.



La Xunta pon a disposición dos cidadáns toda a información cartográfica en formato accesible a través dunha plataforma web

03/04/12

En abril comezou a funcionar o Instituto de Estudos do Territorio (IET), un organismo que asume as competencias en materia de paisaxe, xestión da información con referencia territorial, e os datos xeográficos, publicando máis de 20.000 mapas correspondentes a catro series cartográficas nunha plataforma desenvolvida con software libre que permite facer buscas segundo as necesidades do usuario: xa sexan por unidades administrativas, por coordenadas xeográficas ou por referencia catastral, entre outras.



O Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia leva formadas unhas 3.000 persoas das que unhas 900 acadaron unha certificación profesional

09/04/12

O balance dos catro primeiros anos do Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (CNTG), dependente da Consellería de Traballo e Benestar salienta que unhas 3.000 persoas se formaron nas súas instalacións.

O centro realizou máis de 200 accións formativas e 52 xornadas e seminarios técnicos, cunha asistencia total por riba das 4.500 persoas, sendo a porcentaxe de ocupación sobre as prazas ofertadas de practicamente o 100 por cento.

Por outra parte, unhas 900 persoas acadaron unha certificación profesional grazas a unha importante aposta por ligar as actividades formativas á posibilidade de certificación.



A Xunta de Galicia dinamiza o galego na rede entre a xuventude a través do certame 'Lingua de namorar'

22/04/12

Con motivo da dobre celebración, o 17 de maio, do Día das Letras Galegas e mais do Día de Internet, as consellerías de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e de Traballo e Benestar, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Dirección Xeral de Xuventude, respectivamente, promoveron un concurso de declaracións de amor en galego vía internet "Lingua de namorar".

A iniciativa contribúe tamén, no marco do Plan Estratéxico Xuventude 2013 ao fomento da lingua galega entre a mocidade.



O Sergas desenvolve o programa Femora para mellorar a seguridade dos pacientes a través dun sistema de formación continua virtual

22/04/12

Trátase dun sistema de formación continua virtual e utilización sinxela que posibilita acceder a información e recursos educativos de xeito que os profesionais os poidan ver no momento en que os precisan e no seu propio lugar de traballo.

A iniciativa está baseada nun sistema de teléfonos móbiles e códigos QR que permite solucionar as dúbidas máis frecuentes do persoal durante os seus primeiros meses de traballo nunha determinada unidade, así como as dos profesionais que desexen especializarse nun servizo concreto.



A Xunta elabora un plan para modernizar o Sistema Galego de Servizos Sociais e avanzar cara o Expediente Social Único

22/04/12

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Consellería de Traballo e Benestar están a colaborar na elaboración do Plan Sectorial para a Modernización Tecnolóxica do Sistema Galego de Servizos Sociais.

O obxectivo é crear unha estratexia integral de modernización tecnolóxica no eido da atención social para mellorar a prestacións, simplificando trámites, reducir os prazos de tramitación e compartir información e recursos entre todas as administracións a través do Expediente Social Único, que permitirá a abordaxe integral dos usuarios do sistema.



O Plan Innova-Saúde, dotado de 45 millóns de euros, permitiu poñer en marcha 14 iniciativas para mellorar a asistencia sanitaria pública

30/04/12

Este plan xunto co Programa Hospital 2050, dotado doutros 45 millóns de euros, representa o maior investimento na innovación sanitaria da historia de Galicia, con 90 millóns de euros cofinanciados polo Goberno de España e pola propia Xunta.

Innova Saúde e Hospital 2050 abranguen 23 subproxectos que constitúen as liñas de traballo nas que o Sergas identificou necesidades clave, en consonancia co Plan Estratéxico 2014, e nas que financiará actividades de desenvolvemento de novos modelos e produtos para a mellora da calidade e sustentabilidade do sistema sanitario.



Co impulso do Plan I2C da Xunta o investimento privado en innovación multiplicouse por dous nos últimos tres anos

04/05/12

O plan i2C (Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011- 2015) reflicte a necesidade de que tanto a Xunta como os axentes do sistema galego de I+D+i, estean orientados a unha investigación e innovación con espírito empresarial, xa que innovar supón o incremento da competitividade, da produtividade, das vendas e polo tanto, da creación de emprego.



Os Príncipes de Asturias inauguraron o Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía na Coruña

04/05/12

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, acompañou ás SS.AA.RR. os Príncipes de Asturias no acto de inauguración da sede do Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía (MUNCYT) na Coruña e posterior percorrido polas instalacións acompañados polo director do MUNCYT, Ramón Núñez e outras autoridades.



Cidadáns e empresas xa poden tramitar de xeito telemático máis de 300 procedementos na a sede electrónica da Xunta

08/05/12

No curso das xornadas sobre “@ministración electrónica: sede, goberno e contratación” a directora da Amtega, Mar Pereira, destacou o obxectivo da Xunta neste momento difícil no que é importante valorar os investimentos fronte aos beneficios que supoñen. O desenvolvemento da administración electrónica é un elemento de mellora da eficiencia e a redución de custos na propia administración pública así como implica unha diminución das cargas administrativas para cidadáns e empresas.



O proxecto 'Igualdade na rede' nas redes sociais: Facebook, Tuenti e Twitter

08/05/12

A Secretaría Xeral da Igualdade presentou o proxecto de comunicación nas redes sociais: facebook, tuenti e twitter co obxectivo de que a súa presenza sirva para “viralizar a cultura da igualdade, sumar apoios, engadir opinións, invitar á corresponsabilidade de toda a sociedade e a vivir a igualdade en primeira persoa”. Trátase de utilizar a potencialidade das redes sociais para facer da igualdade un vínculo que conecte os intereses de milleiros de persoas.



Presentado o Plan de Software Libre 2012 para promover actuacións e impulsar o uso do FLOSS na sociedade galega

12/05/12

Presentouse o Plan de Software Libre 2012 da Xunta de Galicia, un plan que conta cun investimento de 915.000 euros para o desenvolvemento de 120 actuacións dirixidas a impulsar o uso do software libre e código de fontes abertas (Floss) no sector empresarial, na sociedade en xeral e na Administración.



Colaboración institucional para impulsar e difundir a implantación do Fogar Dixital en Galicia

21/05/12

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e o Colexio de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (Coetg) asinaron un convenio para colaborar no impulso ao Fogar Dixital e ao Edificio Dixital en Galicia.

Segundo o acordo o Colexio elaborará un documento no que se establecerán as bases e pautas de actuación do Fogar Dixital e o Edificio Dixital, que servirán de referencia para todos os axentes involucrados (promotores, arquitectos, construtores, instaladores, enxeñeiros de telecomunicación, técnicos municipais, etc.) e recollerá toda a información precisa en termos técnicos e económicos para a súa implantación.



A Xunta destaca a repercusión económica e cultural que terá o dominio PuntoGal para as empresas galegas e a comunidade

29/05/12

A Asociación puntoGal presentou formalmente a candidatura do dominio .gal ante o organismo competente o Corporation for Assigned Names and Numbers (ICANN). O obxectivo é que Galicia teña proxección no mundo dixital cun dominio propio baixo o que poderán rexistrarse aquelas entidades, empresas ou persoas que se expresen en lingua galega e que contribúan ao fomento da nosa cultura.



O Proxecto Abalar, impulsado pola Consellería de Cultura e Educación implicará o vindeiro curso a máis de 44.000 alumnos

06/06/12

Presentáronse os datos para o novo curso 2012-2013, así no mes de setembro incorporáranse ao proxecto Abalar outros 165 colexios para chegar a un total de 535 centros escolares e máis de 44.000 alumnas e alumnos.

Por outra parte, o espazoAbalar, a plataforma a través da cal se favorece a intercomunicación entre familias, docentes e alumnado, acumula xa máis de 650.000 visitas e máis de medio millón de descargas dende o Repositorio de Contidos Dixitais



O programa de Voluntariado Dixital suma novas adhesións de empresas, concellos, asociacións e organismos públicos

06/06/12

O Programa de Voluntariado Dixital, que está a desenvolver a Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e a Consellería de Traballo e Benestar, deu un paso máis coa adhesión formal de 67 entidades a esta iniciativa, que busca facilitar o acceso ás novas tecnoloxías a persoas maiores e persoas con discapacidade co apoio de persoas voluntarias.

Un total de 41 entidades de acción voluntaria, 10 organismos públicos e privados e 16 empresas do sector tecnolóxico asinaron os protocolos de colaboración no programa. A este apoio hai que sumar o dos 191 voluntarios que se adheriron á iniciativa no mes de xaneiro.



A Xunta aposta pola xestión en emerxencia, un servizo fundamental na seguridade dos cidadáns e na súa calidade de vida

29/06/12

No acto de clausura da Conferencia REACH 112, congreso organizado pola Axencia Galega de Emerxencias e a Asociación Europea do Número único de Emerxencias 112, o Presidente da Xunta de Galicia afirmou que un dos grandes retos do noso tempo en materia de discapacidade é a busca da accesibilidade universal.

Ademais avanzou que o goberno galego vai propor una nova Lei de Accesibilidade que incluírá un apartado específico para promover a igualdade de acceso no ámbito das telecomunicacións, as novas tecnoloxías e os servizos que prestan as Administracións públicas.



O 061 de Galicia ofrece á poboación a consulta on-line a través da súa nova páxina web

17/07/12

A Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 impulsa un servizo de consulta en liña a través da súa nova páxina web, para que a cidadanía poida trasladar en tempo real cuestións sobre temas de saúde non urxentes aos profesionais sanitarios do 061.

A nova web está dirixida á poboación galega, institucións colaboradoras, profesionais sanitarios, empresas así como aos medios de comunicación. O obxectivo é que cada un atope rapidamente a información máis axeitada ás súas necesidades.

<http://061.sergas.es>



Turismo de Galicia diseña un software pioneiro para mellorar a xestión dos pequenos establecementos turísticos e para compartir datos estatísticos

23/07/12

O Instituto de Estudos Turísticos de Galicia deseñou unha aplicación que permite unha xestión profesional e operativa aos responsables dos pequenos establecementos hoteleiros, máis de mil en Galicia, que normalmente non dispoñen de dispositivos e ferramentas tecnolóxicas axeitadas para realizar o seu traballo cotián como realizar reservas e facturas nunha base de datos ordenada de clientes; etc. A aplicación, pioneira no Estado, é gratuíta xa que foi desenvolvida en código aberto.



A Xunta de Galicia lanza a campaña 'Redes sociais en galego', para dinamizar a lingua galega no ciberespazo

23/07/12

Trátase dunha iniciativa para apoiar diferentes mobilizacións dos internautas xurdidas a prol da galeguización das redes sociais e ademais unha nova vía para alcanzar os obxectivos recollidos no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (PXNLG) no ámbito das tecnoloxías da información e da comunicación.

No acto de presentación, que tivo lugar na Biblioteca da Cidade da Cultura de Galicia, participaron os secretarios xerais de Cultura e Política Lingüística, así como a directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).



A Axencia para a Modernización Tecnolóxica presenta o seu plan plurianual con 7 obxectivos estratéxicos e 38 programas ata o 2014

27/07/12

O Consello Reitor da Axencia para a Modernización Tecnolóxica (Amtega), presidido polo Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, estudou o seu plan plurianual 2012-2014 no que se definen 7 obxectivos estratéxicos e 38 programas para desenvolver os obxectivos da Xunta en materia tecnolóxica, segundo o establecido na Axenda Dixital de Galicia 2014.gal.

A Amtega, asinou xa os convenios de integración do persoal e do orzamento da área tecnolóxica de seis consellerías e 13 organismos dependentes cun orzamento total en 2012 de máis de 88 millóns de euros.



Unha nova aula CeMIT na Coruña vai facilitar o acceso gratuito ás novas tecnoloxías na cidade e na súa área de influencia

03/08/12

A aula está situada no Centro Cívico de Eirís dispón dun espazo de preto de 80 metros cadrados equipado con 18 postos informáticos e un sistema de videoconferencia profesional.

No acto inaugural participaron, o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), e o alcalde da Coruña.



A tramitación da solicitude de dependencia poderase facer on-line grazas ao expediente dixital

28/09/12

Os galegos e galegas poden presentar a solicitude de dependencia a través da web dende finais do mes de outubro, grazas ao desenvolvemento dunha plataforma telemática que integra a dixitalización dos expedientes históricos, a implantación dun programa de xestión documental e por último, a tramitación electrónica.

O expediente dixital da dependencia é unha parte importante do Plan para modernizar o sistema galego de servizos sociais no que están a traballar conxuntamente a Consellería de Traballo e Benestar e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica, para conseguir unha maior eficiencia reducindo os tempos e custos dos trámites.



Arranca a tramitación telemática das licenzas urbanísticas grazas á colaboración entre a Xunta, Concello de Arteixo e Colexio de Arquitectos

10/10/12

A Xunta iniciou no Concello de Arteixo a implantación da primeira fase para a tramitación telemática das licenzas urbanísticas. Trátase da posta en funcionamento dunha pasarela telemática que permite aos técnicos de urbanismo dos municipios acceder online á información dos proxectos de obra visados polo Colexio de Arquitectos de Galicia (COAG) para completar o trámite de autorización.

A plataforma, accesible a través do portal web PasaXe, estará dispoñible para todos os concellos adscritos ao convenio eAdministración da Xunta e a Fegamp para impulsar a Administración electrónica nas entidades locais.



O III Libre Software World Conference 2012 celebrouse en Santiago

10/10/12

Máis de 400 participantes asistiron en Santiago á III Libre Software World Conference, onde se reuniron algunhas das voces máis relevantes do software libre a nivel mundial e para coñecer de primeira man experiencias singulares de uso do software libre nos ámbitos da cidadanía, do mundo empresarial e das administracións públicas.

Na súa presentación, Mar Pereira, destacou que a Administración autonómica conta, por primeira vez, cun Plan de impulso ao software libre, un plan coordinado e consensuado cos distintos axentes software libre galegos, como as empresas, as universidades galegas e mailas asociacións de usuarios.



Un sector TIC competitivo, innovador e xerador de emprego cualificado necesario para facer fronte aos retos da nova economía do coñecemento

26/10/12

No marco da celebración da XVII Noite Galega das Telecomunicacións e da Sociedade da Información 2012: "Smart cities, a tecnoloxía ao servizo dos cidadáns", o Presidente da Xunta avogou por consolidar un sector TIC capaz de facer fronte aos retos da nova economía do coñecemento.

Tamén destacou o papel das TIC como elemento transformador das estruturas económicas, sociais e culturais e a blindaxe das telecomunicacións como un servizo público xa recollido no anteproxecto de "Lei de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia"



O Programa de Voluntariado Dixital da Xunta achega as vantaxes das redes sociais e a comunicación 2.0 ás entidades do terceiro sector

27/11/12

Un total de 50 integrantes de organizacións sociais participaron en Santiago nunha xornada organizada pola Amtega, unha xornada enmarcada no Programa de Voluntariado Dixital que busca axudar a integrar esta forma de comunicación na estratexia xeral de marketing 2.0 das entidades sociais adheridas ao Programa.

A conferencia que foi impartida por Moisés Limia do Grupo de Investigación de Novos Medios da Facultade de Comunicación da USC tratou sobre infotendencias, redes sociais e as diversas formas de participación social xurdidas a través da web 2.0



A Xunta deu o visto e praxe á Lei de impulso e ordenación das telecomunicacións, para iniciar o seu trámite parlamentario

13/12/12

O Presidente do Goberno galego, logo do Consello da Xunta, subliñou que a universalización das telecomunicacións é unha necesidade dende o punto de vista dos cidadáns polo que a lei establece maior coordinación, maior planificación e maior anticipación por parte dos axentes públicos e privados para evitar que se dupliquen esforzos e investimentos.

Tamén explicou que a lei prevé un plan sectorial de infraestruturas de telecomunicación en Galicia, que por primeira vez permitirá establecer os criterios que deberán seguir os concellos e a Xunta para a súa planificación.



O programa estatístico para o ano 2013 reforza a transparencia e a obxectividade da información con 152 actividades

21/12/12

No Pleno do Consello Galego de Estatística presentouse o proxecto de decreto do Programa anual 2013, segundo desenvolve a Lei do PGE 2012-2016. Entre as 152 actividades, destacan tres novas: a Estatística de Empresas TIC; a operación sobre Indicadores de Seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio e a operación de Salarios da Administración Pública.

Ademais, a colaboración entre a Amtega e o IGE na elaboración das enquisas sobre a Sociedade da Información en Galicia permitirá un aforro de máis de 50.000 euros anuais.



A Rede CeMIT impartiu no 2012 máis de 38.000 horas de formación dixital, o dobre que en 2011

28/12/12

A directora da Amtega presentou o informe da Rede de Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica (CeMIT), destacando que no 2012 impartíronse máis de 38.000 horas de formación dixital gratuíta, o dobre que 2011. Ademais, duplicáronse os usuarios rexistrados do ano anterior superando os 21.000. Estes datos sitúan a Rede CeMIT como a iniciativa co maior número de usuarios fóra da educación regrada e cun nivel de satisfacción dun 8,75 sobre 10.

Para o 2013, as previsións do Plan de Formación son chegar aos 25.000 usuarios e acadar as 40.000 horas de formación.



Libre Software World Conference 18-19 de outubro A conferencia celebrada en Santiago de Compostela tivo como principal obxectivo dar a oportunidade de coñecer as innovacións no Software Libre, servir de escaparate para mostrar casos de éxito, crear un foro de discusión e intercambio de ideas entre administración, empresas e usuarios de todo o mundo.	
datos estean disponibles de forma libre a todo o mundo, sen restricións de copyright nin patentes, ou outros mecanismo II Foro Internacional de Espazos para a Cultura 7-9 de novembro Na Cidade da Cultura de Galicia celebrouse a segunda edición deste foro internacional. Este ano, co título «A Araña na Rede», centrou a súa atención na relación entre os Museos e as Novas Tecnoloxías.	
Identidade dixital e busca de emprego 15 de decembro Organizada dentro de programa de Voluntariado Dixital celebrouse unha xornada para mostrar as capacidades da web 2.0 no proceso da demanda e oferta de emprego, o uso das páxinas tradicionais e das redes sociais.	
tanto na forma de relacionarse cos cidadáns como entre as propias administracións e as novas normativas están sendo un motor de transformación obrigándoas a adaptarse a este cambio tecnolóxico e ás demandas dos cidadáns.	
Oportunidades e estratexias para crecer coas TIC 31 de maio Na xornada celebrada no Centro Demostrador das TIC, achegáronse ás empresas tendencias tecnolóxicas para a modernización dos seus negocios, a mellora do seu posicionamento na economía galega, e a apertura a novos mercados.	
Presentación do proxecto Wayra en Galicia 9 de outubro Wayra é unha iniciativa de Telefónica Digital para potenciar a innovación e a detección de novos talentos en Latinoamérica e Europa no campo de Internet e as novas tecnoloxías da información e a comunicación.	
Un futuro que xa é presente 16 de outubro A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en colaboración coa Axencia Galega de Produtoras Independentes (AGAPI) celebrou unha xornada sobre marketing e comercialización dirixida aos profesionais do sector.	

2014.gal Axenda Dixital de Galicia

Año 2012 as opinións dos expertos

 Antonio Rodríguez del Corral, presidente do Clúster TIC e xerente de Planificación Estratéxica e Desenvolvemento de Negocio de R	A internacionalización no sector TIC de Galicia 05/12/12 Galicia dispón de 3 centros tecnolóxicos punteiros e máis de 30 grupos de I+D especializados en TIC que ata o de agora demostraron a súa habilidade para competir internacionalmente na captación de recursos, e na prestación de servizos tecnolóxicos ás empresas do sector. No artigo o autor propón unha estratexia de internacionalización colaborativa dentro do Cluster Tic Galicia, xuntando as capacidades das empresas e os inputs estratéxicos que poidan proporcionar os centros tecnolóxicos. Un modelo no que tamén é fundamental a integración de sinerxías entre pemes e grandes empresas produtoras, e pequenas e grandes empresas comercializadoras/integradoras. O Plan Estratéxico 2011-2013 do Cluster TIC Galicia pode axudar ao sector a cumprir os seus obxectivos de aumento da competitividade e crecemento, 11 proxectos de intenso desenvolvemento tecnolóxico que poderían, non só desenvolver o sector senón axudar a mellorar a competitividade da economía galega no seu conxunto.
 Carlos Pedreira Novo, responsable da Área TIC na Fundación Cidade da Cultura de Galicia	A dixitalización do patrimonio cultural: unha tarefa en progreso 12/09/12 No ámbito da Unión Europea existe unha forte implicación política na dixitalización do patrimonio cultural expresada en distintos programas e liñas de financiamento. Un dos primeiros froitos é a Biblioteca Dixital Europea “Europeana”, cuxa traslación a Galicia é Galiciana, promovida pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Cidade da Cultura. En Galicia hai empresas que aportan servizos de dixitalización, documentación, creación de contidos, algunha tecnoloxía TIC galega aplicable no fluxo de traballo de dixitalización e tamén, experiencia e vantaxes nos sistemas multilingüe. O patrimonio cultural é unha riqueza latente que pode converterse en riqueza presente mediante unha axeitada explotación, que comeza pola conservación e segue cunha boa imbricación nos sectores produtivos: documentación, creación de contidos, sistemas de tradución automática, etc. Todo comeza pola dixitalización.
 Fernando Pérez González, Director xeral de Gradiant	Comunicacións de emerxencia 29/05/12 A partir do terremoto de Xapón de 2011 ilústrase a transcendencia das comunicacións en situacións de emerxencia, “un conxunto de recursos interoperables que se (pre-) despregan para dar soporte ás operacións de emerxencia e mitigar os efectos dun desastre” segundo un experto na materia. En comunicacións de emerxencia non se pode falar dunha tecnoloxía única, senón dun conxunto de tecnoloxías complementarias, xa que as emerxencias impoñen unha serie de requisitos que a miúdo non coinciden cos das comunicacións convencionais. Tamén se destaca no artigo o carácter de servizo público dos sistemas de comunicacións de emerxencia e o modelo da Rede de Emerxencias da Xunta de Galicia, que se está a poñer en marcha nestes momentos.



Alejandro Escobar Díaz, presidente de AGASOL

Pensar en software libre é pensar en eficiencia e eficacia

20/04/12

O actual contexto económico está a promover con máis intensidade ca nunca a adopción de solucións que sexan economicamente rendibles, pero que ao mesmo tempo estean preparadas en eficiencia e calidade para competir nun mercado cada vez máis especializado e esixente.

No artigo, faise un repaso ás diferentes solucións xa adoptadas pola Xunta de Galicia, á necesidade das CCAA de compartir custos e realizar desenvolvementos colaborativos con adaptacións á realidade particular de cada unha. Antes de contratar unha nova solución, hai que avaliar as posibilidades das solucións libres existentes, ademais debe esixirse que os novos desenvolvementos para o sector público garantan a súa liberación, compartimento e publicación para que ninguén teña que volver pagar dúas veces polo mesmo traballo sufragado con fondos públicos, senón unicamente pola adaptación e persoalización.



Manuel Vázquez Sesmonde. Xefe de Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea da Deputación da Coruña.

Parnet-TIC, o proxecto dos servizos dixitais no medio rural

14/03/12

O obxectivo primordial do proxecto PARNET-TIC dirixiuse a reducir a fenda dixital nos núcleos de poboación dos territorios rurais, e ofrecer solucións eficientes e modernas que melloren a xestión pública local e, en consecuencia, a vida da cidadanía.

PARNET-TIC puxo en marcha programas ao servizo da poboación, ensaiando formas de e-goberno e administración electrónica co fin de lograr mellorar as infraestruturas, servizos e accesibilidade nestes municipios, favorecendo así a participación dos cidadáns nas políticas públicas.

Pero a intención de PARNET-TIC é a de ir moito máis alá, posto que as aplicacións desenvolvidas polo proxecto son totalmente transferibles e están a disposición daquelas institucións e organismos locais que desexen mellorar o seu catálogo de servizos en liña implantándoos nos seus territorios e adheríndose á Rede xerada.




L. Adkinson Orellana, D. Rodríguez Silva, F. J. González Castaño, Área de Redes e Aplicacións de Gradiant

Qué é o Cloud Computing?

24/01/12

O Cloud Computing ou computación na nube é un tipo de paradigma relativamente recente que permite axustar os recursos ás necesidades dos usuarios dinamicamente ocultando a complexidade da infraestrutura subxacente. Ademais de simplificar a xestión de cara ao usuario final, o cal se ve liberado por completo do mantemento do software e hardware empregado, a utilización dun servizo Cloud leva outras vantaxes, como elevada escalabilidade dos recursos contratados, aforro de custos grazas ao pago exclusivamente polos recursos consumidos, ou ubicuidade de acceso aos servizos contratados.

Segundo o Informe Forrester publicado en abril de 2011, a computación na nube crecerá fortemente a nivel global, incrementándose o seu mercado dende os 40.700 millóns de dólares actuais aos 241.000 millóns de dólares en 2020.



**XUNTA
DE GALICIA**